

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día trinta de decembro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse da sesión cando se trataba o punto décimo da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTE Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 16 DE NOVIEMBRE E Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE DE 2016.-

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á extraordinaria do día 16 de novembro e á ordinaria do día 25 de novembro de 2016, que foron distribuídos coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e as actas do 16 de novembro e 25 de novembro de 2016 son aprobadas por unanimidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

2º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2017 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2017.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moi bo día a todos e a todas. A respecto deste punto e na comisión informativa nós xa votamos en contra, e agora vou explicar un pouco máis polo miúdo as razóns dese voto. O obxecto do Consorcio veu constituído pola execución das competencias do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento que lle atribúe a lexislación vixente aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación, e no seu caso creación, dunha rede de parques que garanta a prestación homoxénea do servizo (artigo 4.2 dos Estatutos). Entre as competencias do Pleno do Consorcio atópanse, sinaladas no artigo 12.1 j) dos Estatutos: a, aprobación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementares fixas e periódicas dos empregados públicos e o número e o réxime do persoal propio do consorcio, e entre as competencias da Presidencia do Consorcio figuran, indicadas no artigo 13.8 dos Estatutos, aprobar a oferta de emprego público, de acordo co orzamento, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, determinar o sistema de distribución daquelas retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas e desempeñar a xefatura superior de todo o persoal, O persoal do Consorcio ficou integrado, consonte co disposto no artigo 20.1 dos Estatutos, por o titular da xerencia, o persoal de prevención e extinción de incendios e salvamento, agás nos casos nos que se opte pola prestación do servizo en réxime de xestión indirecta, o persoal que atenda as funcións de secretaría e intervención e calquera outro que se estableza, tanto funcionario como laboral, que debe estar recollido no correspondente cadro de persoal. O disposto na Disposición Adicional 14º da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, exclúe a aplicación a determinados consorcios do réxime xurídico

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

previsto na Disposición Adicional 20ª da Lei 30/1992, só para os consorcios que, simultaneamente, reúnan as seguintes condicións: creados antes da publicación desta Lei, constituídos por entes públicos e privados, que non recibiran subvencións nos cinco anos anteriores ou que non tiveran perdas. Resulta evidente que o Consorcio de Bombeiros Provincial non está nesta categoría e, por tanto, é de aplicación o disposto na Disposición Adicional 20ª da Lei 30/1992. O Consorcio provincial subrogouse, como consecuencia do proceso de integración dos consorcios comarcais, nos bens, dereitos e obrigas contractuais dos citados entes comarcais, así como nas obrigas e dereitos do persoal de xerencia existente, polo que resolverá o que proceda respecto da integración deste persoal a través da creación das correspondentes relacións de postos de traballo (Disposición Transitoria 2ª dos Estatutos). Está suxeito á lexislación de dereito público, polo que é procedente que previo á aprobación do orzamento, das bases de execución do mesmo e da RPT se convoque á Mesa Xeral de Negociación, cousa que non se fillo, incorrendo, por este motivo en varios vicios que a tornan nula ou, subsidiariamente, anulable, relativos á violación do dereito á negociación colectiva, violación do dereito á igualdade e non discriminación, vulneración do procedemento legalmente establecido, en relación co dereito á defensa e á motivación do artigo 24 da CE e infracción do ordenamento xurídico, por infrinxir tanto o Estatuto Básico do Empregado Público, como a Lei de Emprego Público de Galiza, en materia de provisión de postos vacantes e promoción interna.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: nós, en coherencia co xa votado polo noso grupo en diversas sesións do Pleno do Consorcio, e tamén co contido dunha moción que trouxemos aquí hai uns meses, imos votar que non, e as razóns son as mesmas que xa aducimos daquela, sobre todo a xestión directa do servizo público, que garantiría un maior aforro e unha maior eficiencia e unha maior seguridade xurídica.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: nós manifestar, evidentemente, o noso voto a favor, e como nota aclaratoria dicir que nestes orzamentos que imos aprobar hoxe xa está contemplada a posta en marcha do tan desexado parque comarcal, agora integrado no Consorcio provincial de incendios, de O Carballiño – Ribeiro. Evidentemente todos sabemos que está pendente dunha resolución xudicial, e unha vez que se resolva a cuestión xudicial, ese parque, tan desexado por todos os habitantes da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

provincia, será unha realidade.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace [ver punto 2.](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento para o exercicio 2017, conforme co proxecto aprobado polo pleno do Consorcio o 13 de decembro de 2016, por importe de 3.806.000 €.

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerárase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez definitivamente aprobado o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2017.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A INTEGRACIÓN DUNHA ESTRADA LOCAL NA COMARCA DA LIMIA NA REDE VIARIA PROVINCIAL

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, portavoz do Grupo Socialista: por fin imos tratar unha moción que ven con certo retraso, e lembro que a miña intervención, bastante axeitada, tivo os seus efectos. Hai exactamente cincuenta días que se presentou nesta institución esta moción para pedirlle ao Presidente o que lle levan pedindo dende a Dirección Xeral de Tráfico da provincia de Ourense e dende os responsables do destacamento de Tráfico en Verín, que son os que levan a comarca de A Limia, unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

solución para unha pista agrícola cunha alta sinistralidade e onde levan morto moitas persoas. Un retraso innecesario, por tanto, xa lles dixen no Pleno pasado que o asunto merece unha urxente solución porque, repito, a sinistralidade desa estrada é altísima. Existen rexistros de incidencias por parte da Dirección Xeral de Tráfico dende o ano 2005, concretamente fan observacións en cincuenta puntos desa estrada que ten aproximadamente 10,8 quilómetros. Pero dicirlles máis, dicirlles que a consecuencia desta moción a Deputación ponse mansa agora e realiza varios informes dende o Servizo de Vías e Obras, e imos ver si é posible que nun futuro, máis cedo que tarde, a titularidade da estrada poida pasar a esta institución e, de non ser así, que fagan vostedes todo o posible, con urxencia, para que a titularidade pase a mans da Xunta de Galicia. Vou dar lectura á exposición de motivos:

“Os datos dos sinistros nas estradas indican por número de feridos e falecidos cales son as que soportan un maior risco. Debido moitas veces ás interseccións e á intensidade do tráfico que soportan e tamén o estado do firme ou a velocidade a que en ocasións se circula, por riba do límite establecido. Os controis non sempre producen o efecto disuasorio e os accidentes constatan a realidade dos feitos. A pista de concentración parcelaria asfaltada que une Xinzo de Limia dende a N-525 e o enlace 193 da A-52 con Vilar de Barrio na estrada OU-1102, e que atravesa tamén territorio do concello de Sarreaus, discorre por una zona chaira e practicamente recta, con 10,3 km”, ou 10,8 km, non sei a cifra exacta, “elevando o risco de sinistrabilidade por estar conectado por numerosas pistas perpendiculares de concentración parcelaria”, e debo recordarlles aquí que moitas veces, que tanto os vehículos de transporte, moitas veces articulado, que levan subministracións ás diferentes explotacións agrícolas e gandeiras, así como o incesante trasego de maquinaria pesada por esa estrada, cando teñen que incorporarse polas pistas fan que moitas veces os que circulan por ela teñan que parar, nas numerosas pistas que hai. “As mencionadas pistas, moitas delas de terra, dan acceso a numerosas infraestruturas agropecuarias, soportando un tráfico intenso tanto de maquinaria agrícola como de transporte de mercancía e de animais. Hai un ano neste mes de novembro que o presidente Baltar mantivo una xuntanza co xefe provincial de Tráfico e co xefe do Destacamento da Garda Civil de Verín, na que entre outras cuestións abordaron a situación desta pista agrícola, que discorre pola chaira da Lagoa de Antela e que une Xinzo con Vilar de Barrio. Naquela reunión falouse dun informe

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

elaborado por Tráfico no que se recollía o que era urxente mellorar en canto a seguridade viaria: instalación de barreiras laterais nas tres únicas curvas existentes e tamén nas zonas mais perigosas. A présa para instalar sinais verticais en todas as pistas que cruzan perpendicularmente esta estrada, así como aumentar os sinais verticais e horizontais de velocidade máxima a 70 km/h”, que moitas veces non se respecta. “Pero aparte de estas recomendacións dende a Xefatura de Trafico tamén falaron co Presidente sobre a posibilidade de que os tres concellos, Xinzo de Limia, Sarreaus e Vilar de Barrio cedan a titularidade da estrada á Deputación provincial, para que sexa esta institución a encargada de levar a cabo tódalas obras e melloras necesarias en materia de seguridade viaria, co único fin de reducir ó máximo os accidentes, e en consecuencia o numero de feridos e falecidos”. Por tanto, o Grupo Provincial socialista solicita a adopción do seguinte acordo:

- 1º.- Solicitar dos concellos de Xinzo de Limia, Sarreaus e Vilar de Barrio a cesión da titularidade da pista de concentración que enlaza a N-525 coa Estrada OU-1102, na parte que lles corresponda.
- 2º.- Incorporar a pista mencionada a Rede de Estradas da Deputación Provincial, para levar a cabo tódalas actuacións encamiñadas a reducir a sinistralidade.
- 3º.- Proceder de forma urxente a realizar todas as actuacións de obra e mellora mencionadas nos informes de Tráfico en materia de seguridade viaria.
- 4º.- Solicitar os tres concellos a sinalización adecuada das numerosas pistas que cruzan perpendicularmente a devandita pista obxecto desta moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: a respecto deste tema, por parte do servizo de Vías e Obras fíxosenos chegar aos grupos un informe de actuacións previsto para esa vía a curto, medio e longo prazo. Con esta serie de actuacións, a Deputación xa está asumindo pola vía *de facto* a titularidade da vía, sen necesidade de que exista transferencia algunha dos concellos afectados, cousa que, por outra banda, parece ser que estaba sen concretar, se a pista en concreto da que estamos falando era responsabilidade de Medio Rural ou fóra transferida efectivamente aos concellos. De tódolos xeitos, dicir que para nós esta demanda non é nova, pois xa no ano 2008, eu mesmo no concello de Xinzo presentei unha iniciativa que puña o acento na perigosidade da vía e na necesidade de acometer obras de mellora. Iso si, a diferenza da moción que se trae agora, nós pediamos que a estrada fora asumida pola Xunta de Galicia, que é a que debería responsabilizarse

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

para efectuar as melloras e as obras necesarias para convertela nunha estrada da rede da Xunta coas características necesarias para garantir a seguridade viarias en todo o seu percorrido, porque estamos a falar dunha estrada que se ten cobrado numerosas vidas, unha estrada que está mal sinalizada e que a día de hoxe é a principal vía de comunicación entre os núcleos de Xinzo e Vilar de Barrio, discorrendo en paralelo á estrada provincial, e unha estrada que polas súas características e o seu firme é utilizada habitualmente polo tráfico que discorre cara eses concellos, e sobre todo, dada a situación do firme e que os límites de velocidade non se respectan, e os numerosos cruces, como xa explicou a portavoz do Grupo Socialista, que existen, mal sinalizados, fan que sexa unha estrada que leva provocado numerosas vítimas e necesita urxentemente unha intervención coa que nós estamos en absoluto acordo. De tódolos xeitos, no BNG pensamos que este proxecto axéitase plenamente aos obxectivos das liñas de actuación da Consellaría recollidos no Plan Director de Estradas de Galicia, polo que entendemos que esta estrada debería, xunto co resto das estradas provinciais, pasar a formar parte da Rede Galega de Estradas, en congruencia coa proposta, xa presentada no ano 2008, e entendemos que cando menos a Xunta debería colaborar nas medidas de longo prazo, polo que nós, neste caso, imos optar pola abstención, porque entendemos que é o máis coherente coa posición que mantemos en relación coa rede de estradas e a quen corresponde responsabilizarse da rede de estradas, e en concreto nesta estrada que xa, segundo os informes, vai requirir a colaboración doutras administracións porque a propia deputación non vai ser capaz de afrontar cos seus recursos todas as obras que se propoñen, polo que o máis lóxico e o máis acaído sería que xa a propia Xunta se responsabilizara dela e fixera un proxecto para poñela nas condicións axeitadas.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO: esta estrada dalgunha maneira forma parte do imaxinario da miña infancia, porque eu nacín preto do sitio, e aínda antes de que se fixera a concentración, o tramo de recta que vai de Vilar de Barrio ata onde empeza Folgoso, a estrada que logo vai por Pena, Cortegada, cara a Sarreaus, este tramo, que son aproximadamente cinco quilómetros, xunto cunha recta que hai cerca dos Mirages era o único tramo recto que había en moitos quilómetros á redonda, e alí lembro eu que xa na miña infancia cando viñan no verán os emigrantes de Alemaña botábanse carreiras cos coches, e xa daquela houbo bastantes accidentes por ese motivo. Despois fíxose a desviación que hai, coas dúas curvas que hai, que conecta co que era unha pista de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

concentración parcelaria ata Xinzo, e despois aumentou moito o tráfico de maquinaria agrícola cando se fixeron as parcelas, e aínda que xa se perdeu aquel costume que había de facer as carreiras segue a haber alta velocidade no sitio, sobre todo entre a xente nova, e hai poucos días houbo un desgraciado acontecemento que está na memoria de todos e que nesa zona da que estamos falando tamén se da en bastantes ocasións. Ese tramo só ten esas dúas curvas que apartan da estrada vella cara a Xinzo, e é atravesado por moitas pistas, practicamente perpendiculares, nas que van moitos tractores e maquinaria agrícola de todo tipo, e ten habido accidentes con moitísima frecuencia, algo que lembro dende que son neno nesa zona, pola que vou con certa frecuencia e na que teño comprobado a perigosidade e a inseguridade coa que se circula por esa zona. Por tanto, loxicamente estamos de acordo con todas as medidas que propón o PSOE na súa moción, e limos tamén os informes que emitiu a Dirección de Tráfico. En canto ao que di o BNG de que ao mellor as accións que hai que realizar deberían ser asumidas pola Xunta, pois posiblemente, pero nós estamos agora na Deputación e, como deputados, as competencias que podemos ter agora mesmo e no que podemos influír é no que faga a propia Deputación, no outro nos limitariamos a instar, como dicimos ás veces. Entón, asumindo a nosa competencia, a da institución na que estamos, imos votar a favor da proposta do PSOE, de que sexa a Deputación a que asuma a titularidade do tramo, sen prexuízo de que no futuro ao mellor poida ser a Xunta a que a asuma, pero hai xa non temos competencia no asunto para poder influír, polo que votaremos a favor da proposta do PSOE nos termos en que está a moción.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: como ben é coñecido por todos vostedes, e tamén vostedes fan referencia a isto na exposición de motivos da súa moción, o Sr. Presidente comprometeuse, nunha reunión mantida co xefe provincial de Tráfico e co xefe do destacamento da Garda Civil de Verín, a aceptar o cambio de titularidade da vía de concentración parcelaria da que estamos a falar a favor da Deputación. Dende aquela, este grupo de goberno comunicoulle á Área de Infraestruturas a firme intención de que se cumprira este compromiso, e que se fixera o necesario tecnicamente, ademais das xestións políticas feitas, para levar a cabo dita cesión. Teño que dicir que o informe pon datas de agora, pero é porque vostedes o solicitaron agora, pero as actuacións xa son de atrás, e xa se levan feito dende que o Sr. Presidente se comprometeu. Froito disto é a proposta de actuación que vostedes teñen na súa man e que lles paso a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

relatar brevemente. Segundo o criterio dos técnicos da Deputación, a solución ideal e definitiva sería a execución de vías de servizo aos accesos aos predios, redución do número de entroncamentos e cambios no deseño deles, incluso que se poderían conseguir reducións de velocidade con entroncamentos ben proxectados, mellora dos escasos elementos de sinalización e de contención. Como dicía o Sr. Rodríguez Suárez, as iniciativas que nos propoñen os técnicos son tres, a curto, medio e longo prazo. As iniciativas a curto prazo, que se poden realizar xa neste ano 2017, sería incrementar a sinalización vertical e horizontal de limitación de velocidade, que xa hai sinalización, pero sería incremental e aumentar a sinalización de perigo pola presenza de interseccións e animais. Tamén cabe destacar que aquí, tal e como destacaron os alcaldes da zona, cando é a época da peregrinación para os Miragres, pasa moita xente, co conseguinte perigo tamén para os peóns. Se propón tamén chamar a atención do condutor nas interseccións mediante sistemas de altera como cortes transversais na calzada ou bandas rugosas que inciten á redución de velocidade; a detección dos puntos da estrada con maior número de accidentes e a forma en que estes se producen para adoptar as medidas máis axeitadas; maior presenza da Garda Civil, que xa se lle solicitou, realizando tarefas de control de velocidade e sendo visible a súa presenza. As iniciativas a medio prazo, que algunha xa se empezou a traballar, serían a contratación dunha asistencia técnica para a redacción dun proxecto construtivo que de solución aos problemas actuais, e a redacción, no Servizo de Vías e Obras, dun proxecto de intersección no final da recta, onde se une coa vía provincial OU – 1102, posiblemente dunha rotonda para evitar os accidentes. As iniciativas a longo prazo serán a materialización de tódalas solucións definitivas e facendo incluso vías de servizo, para o cal, como lles direi agora ao rematar, teremos que solicitar axuda da Xunta de Galicia. Neste momento podo dicir que os técnicos xa están facendo as medicións necesarias para a elaboración do proxecto de actuación, pero cómpre recordar que todo isto vai depender do desexo dos concellos de solicitar a cesión ou non. Si lles podo dicir que nos puxemos en contacto con eles e lles manifestamos a nosa disposición a asumila. A todo isto, creo que vostede presentou unha moción no concello de Xinzo que finalmente non se debateu, á espera dos informes técnicos do propio concello. Como lles dicía, temos falado xa varias veces cos concellos implicados (que por certo, creo que en todos os concellos onde vostedes teñen representación non houbo unha iniciativa como esta que se presentou aquí

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

para a súa cesión a Deputación) para informalos da disposición da Deputación de incluír esta estrada na xa extensa rede viaria provincial, e salvando cuestións burocráticas, coido que se poderá facer realidade máis pronto que tarde, se finalmente os concellos, dentro da moi nomeada autonomía municipal, deciden cedela, que é o que realmente é o primeiro paso para isto. Estamos en contacto coa Xefatura de Tráfico de Ourense, á que lle solicitamos axuda en sinalización, aínda que a resposta foi que non dispoñen de orzamento para investimento en vías municipais nin provinciais, pero si se comprometeron a facer labor preventiva mediante vixilancia. Iniciamos contactos coa Xunta de Galicia, para a xestión de apoio económico para as accións previstas, sobre todo as que nomeei que se queren facer a longo prazo. Por certo, Sr. Rodríguez Suárez, vostede di que no ano 2008 pediu no concello de Xinzo a cesión desta estrada á Xunta de Galicia. Moito caso non lle fixeron, porque creo lembrar que naquel tempo gobernaban vostedes no famoso bipartito. Adiántolle, tal e como fixemos en comisión, o noso voto a favor desta moción.

Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, Sr. Presidente, moitas grazas ao Grupo Popular posto que por fin nos fixeron caso a unha proposta que levamos demandando dende fai como digo cincuenta días. Este tema estaba sobre a mesa do grupo de traballo socialista, e se ben é certo o que comentaba o Sr. Pérez, foi a raíz da presentación desta moción, porque así o reflicte o propio informe que vostede acaba de ler, no relatorio de datas. A primeira solicitude que fai a Dirección Xeral de Tráfico é do 29 de maio de 2015, posteriormente foi a reunión do Sr. Presidente cos responsables da Dirección Xeral e o compromiso en firme de asumir esa competencia. O día 11 de outubro de 2015 hai outra petición da Dirección Xeral a esta institución para que se leve a cabo ese compromiso, e a partir de aí existen varios informes – dous concretamente – de Vías e Obras, e este último, e por certo me parece que xa o deseño dunha posible rotonda no entronque da pista coa estrada de Vilar de Barrio. Pero non é so no cruce o risco de sinistralidade, o risco está en toda a extensión desa estrada, des pista ou desa como a queiramos chamar, porque as *tajeas* que hai nas entradas de numerosas pistas e numerosos predios saben vostedes o perigo que entrañan para os vehículos que transitan por esa estrada diariamente, e vostede acaba de mencionar unha época onde se acbe o perigo aínda se redobra porque hai moitísimos peóns que utilizan esa vía para acceder aos Miragres, esa famosa romaría onde vai moita xente no mes de setembro, pero tamén no mes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

de xullo e no mes de agosto, polo tanto estamos a falar dunha estrada que, con independencia de que teñan que definir entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Territorial e a propia institución provincial cales son as vías da súa competencia e deseñar un plan ou unha estratexia para mantelas nun estado adecuado, nós aí non imos a entrar, nós imos a esixirlle ao Presidente que asume ese compromiso, me acaban de dicir que van votar a favor, eu llo agradezo, pero seguramente llo van agradecer moita máis as persoas que transitan por esa pista e os alcaldes dos concellos (aínda que o de Xinzo, e deixemos de lado a loita política, non quixo levar este tema ao plenario por outras razóns). Eu alédome de que por fin fagan caso desta iniciativa do Grupo Socialista, e pídolles que os trámites que haxa que facer dende esta casa se axilicen ao máximo posible. Moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moi brevemente, moitas grazas, Sr. Presidente, simplemente aclararlle ao Sr. Pérez que a nosa proposta foi aprobada no pleno de 18 de decembro do ano 2008, e o Sr. Feijoo se non me equivoco entrou a gobernar na presidencia da Xunta en abril de 2009, co que non houbo moito tempo para que o bipartito a asumise dun xeito ou outro. En todo caso, dicir que nós concordamos loxicamente en que a estrada necesita unha intervención, pero xa non agora, necesita unha intervención dende fai moitos anos, e esta iniciativa da que falamos é do ano 2008, e de entón a agora pasaron moitos anos. Nós entendemos que a iniciativa quen a debería tomar e quen debería ter adoptado algún tipo de medida, que tempo tivo nestes anos, foi a Xunta de Galicia, que así llo demandamos nunha moción que, como xa dixen, e insisto, foi aprobada por unanimidade no concello de Xinzo o 18 de decembro de 2008. A problemática da estrada está clara, xa se explicou aquí, as interseccións ao mesmo nivel mal sinalizadas, o abandono na época de verán e a falla e roza desas cunetas que fai que esas interseccións aínda sexan máis perigosas, o entronque coa estrada propia da Deputación ao final da vía, a falla de sinalización, a falla de medidas de contención nas beiras, a falla de beiravías que provocan esa problemática engadida no mes de setembro da xente que peregrina aos Miragres e o fai por esa estrada, iso todo non admite discusión. O que nós entendemos é que debería ser unha iniciativa asumida pola propia Xunta de Galicia, que debería ser a que asumise a estrada e adoptase as medidas definitivas que vostedes propoñen como medidas a longo prazo para realmente facer diso unha estrada da rede autonómica, coas características

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

propias dunha estrada que hoxe é unha vía fundamental para o concello de Vilar de Barrio, para xente que se despraza dende Xinzo e dende a zona da Limia a Maceda, etcétera. Por iso, e en coherencia co que levamos defendendo toda a vida neste caso ao respecto de quen debería asumir a rede de estradas provincial, e en concreto a quen asume esta estrada tamén, é polo que imos optar pola abstención, e non porque discrepemos, en absoluto, da necesidade de que esa estrada reciba algún tipo de actuación que nós consideramos que é urxente, pero non urxente xa de agora senón urxente dende hai moitos anos.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO: creo que xa está bastante dito todo en relación coa sinistralidade desta estrada, e efectivamente non ten beiravías, e é curioso que sendo unha estrada recta, o que pode ser unha invitación para certo tipo de xente a correr, e ademais que ten bo firme tamén, é curioso que nesas circunstancias non teña practicamente beiravías, na beira da estrada xa está a cuneta, que por certo moitas veces está chea de auga porque xa sabemos o que pasa naquela zona, que é unha lagoa drenada. Tamén hai que ter en conta que no rural a mocidade depende moitos máis do coche que na cidade para acceder aos centros de ocio, entón iso fai que o perfil do condutor nesa zona, sexa habitualmente unha persoa nova, coa correspondente carga de gusto polo risco e pola velocidade, e moitos dos accidentes se producen nesas circunstancias, e ao mesmo tempo a xente que utiliza os tractores e a maquinaria agrícola moita de ela é maior. Certas sinais existen, pero son papel mollado, aínda que non sexan de papel, porque non se lles fai demasiado caso. Pensamos que ao mellor unha boa solución poderían ser esas famosas elevacións na estrada, nos puntos nos que conflúen as pistas, aínda que xa nos aspectos técnicos da seguridade xa non nos meteríamos porque para iso xa están os profesionais de Vías e Obras que saberán mellor que nós cales son as medidas a adoptar, o que si está claro é que algunhas hai que adoptar. E repetir a cuestión que dicíamos antes en relación coa emenda do BNG, se tivéramos representación na Xunta ao mellor tentaríamos de influír nesa institución para que fose ela a que asumise esa responsabilidade, pero como estamos na Deputación imos facer esa presión para que sexa a Deputación a que asuma esa titularidade, e inste aos técnicos a adoptar esas melloras.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: como dicía, temos falado varias veces cos concellos implicados para manifestarlles a disposición da Deputación para incluír a estrada na rede viaria provincial, salvando cuestión burocrática coido que se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

poderá facer realidade máis pronto que tarde se finalmente os concellos así o desexan. Evidentemente, seguiremos falando con eles para que o fagan o máis rápido posible. Sr. Rodríguez Suárez, vostede di que puxeron ese acordo en decembro do ano oito e que o Sr. Núñez Feijoo comezou a gobernar en marzo do ano nove, pois poñelo antes, e aínda por riba agora e incoherentemente vai abster, así lles vai, non o entendo. Pois iso, como lles dixen antes, votaremos a favor.

Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, Sr. Presidente, nada, agradecer que por fin se poña mans á obra, reiterar que con urxencia se realicen todos os trámites, e eu como concelleira no concello de Xinzo farei todo o posible para que o meu alcalde solicite que esta institución se faga cargo e do mesmo xeito instarei aos meus portavoces nos concellos de Vilar de Barrio e Sarreaus para que fagan o propio. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3.](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- Solicitar dos concellos de Xinzo de Limia, Sarreaus e Vilar de Barrio a cesión da titularidade da pista de concentración que enlaza a N-525 coa estrada OU-1102, na parte que lles corresponda.
- 2º.- Incorporar a pista mencionada á rede de estradas da Deputación Provincial, para levar a cabo todas as actuacións encamiñadas a reducir a sinistrabilidade.
- 3º.- Proceder de forma urxente a realizar todas as actuacións de obra e mellora mencionadas nos informes de Tráfico en materia de seguridade viaria.
- 4º.- Solicitarlles aos tres concellos a sinalización adecuada das numerosas pistas que cruzan perpendicularmente a dita pista, motivo desta moción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

4º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE A VARIANTE EXTERIOR DE OURENSE NA ALTA VELOCIDADE FERROVIARIA

O Sr. **presidente** anuncia que tal e como se tratou na Xunta de Portavoces a deliberación deste punto será conxunta coa do seguinte punto da orde do día, por versar as dúas iniciativas sobre a variante da alta velocidade ferroviaria, e a votación será por separado. Cédelle a palabra ao Grupo Popular, por ter presentado en primeiro lugar, o día 13 de decembro a súa iniciativa.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: ben, este é un tema do que xa se falou, en multitude de ocasións, estou seguro de que seguiremos falando e debémolo facer porque é unha reivindicación xusta e que a cidadanía de Ourense nos merecemos. E a nosa moción pois di o seguinte: *“a chegada a Ourense da alta velocidade ferroviaria suporá un fito histórico que a provincia e a súa capital deben aproveitar para seren territorios máis competitivos. O 19 de abril de 2013 a anterior ministra de Fomento, Ana Pastor, presentaba en Ourense o novo proxecto de integración ferroviaria na capital co obxectivo de integrar e dar adecuada resposta ás opinións de todas as administracións, institucións e sectores implicados (Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia, Deputación e Concello de Ourense). A ministra confirmou a variante proxectada entre Taboadela e Ourense como a solución máis axeitada para a chegada da alta velocidade á cidade. Propuxo unha modificación de trazado entre Taboadela e Seixalbo, unha modificación parcial en planta e alzado, que acurtaba o túnel de Rante en 1.700 metros, pasando de bitubo a monotubo e con dous novos viadutos. En definitiva, optimizábase o trazado contemplado no proxecto de 2011, facendo unha reformulación dalgunhas das actuacións ferroviarias complementarias, co obxectivo de favorecer a conexión de alta velocidade nos prazos previstos e o máximo aproveitamento dos recursos dispoñibles. Desde aquela data fóronse sucedendo diversos avances administrativos”* (máis ben lentos, é certo) *“na tramitación ministerial desta variante ferroviaria. A mesma ministra de Fomento o 22 de xuño de 2016 reiterou nunha visita á nosa cidade o compromiso con esta variante, afirmando que “para o tramo Taboadela-Ourense, propuxemos unha solución optimizada, sustentable e funcional, que por suposto mantén as prestacións expostas no Estudo Informativo inicial e que posibilita a chegada do AVE á cidade de Ourense e que se trata dunha solución consensuada con todas as*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

administracións”. Tamén nesa data informaba que, no tramo Taboadela - Seixalbo, o expediente estaba en mans do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. E que todos os proxectos estaban na súa fase final, co obxectivo de licitar as obras tan pronto como dispoñamos do visto e prace ambiental. E que, entre Seixalbo e o Túnel de Montealegre estaba a concluír a tramitación ambiental. E que no tramo máis avanzado, Túnel de Montealegre - Estación de Ourense, estaba a se finalizar o proxecto, axustándoo ao acordado co Concello e logo proceder a licitar as obras. Nesa liña de avance administrativo, con data 3 de novembro de 2016 o BOE publicaba a Resolución do 20 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, referida ao impacto ambiental dos Proxectos de Construción dos tramos Seixalbo-Túnel de Montealegre e Túnel de Montealegre-Estación de Ourense e do proxecto básico do tramo Taboadela-Seixalbo. Daba conta de que, como consecuencia do proceso de información pública dos devanditos proxectos, se recibiron numerosas alegacións” (e isto hai que destacalo) “en oposición á utilización dos vertedoiros V-1 e V-2, tanto de particulares, como do Concello de Taboadela, agrupacións políticas e asociacións de afectados. E, finalmente, informaba favorablemente a proposta de novo vertedoiro, cumprindo os requisitos ambientais. É dicir, o proceso administrativo e ambiental da variante avanzou dun xeito lento” (xa o dixen, eu diría moi lento) “pero decidido desde 2013 ata novembro de 2016. No pleno do debate sobre o estado da provincia aprobouse unha proposta de resolución para a execución de todas as actuacións previstas para que a chegada da alta velocidade sexa unha realidade cumprindo os prazos establecidos”. En virtude do exposto, dende o Grupo Popular solicitamos que se adopte o seguinte acordo: 1.- “Instar ao Ministerio de Fomento a que, en coherencia con todos os pasos administrativos antes citados, proceda nesta lexislatura a continuar avanzando na execución da proxectada variante ferroviaria entre Taboadela e Ourense. 2.- Trasladar copia deste acordo ao Presidente do Goberno de España e ao Presidente da Xunta de Galicia”. En definitiva, a posición do Grupo Popular, e polo tanto, do grupo de goberno e do seu presidente, é clara e determinante. Para nós é irrenunciable a variante ferroviaria entre Taboadela e Ourense, e digo irrenunciable, e nesa reivindicación estamos, e nesa reivindicación seguiremos decididamente e sen ningunha dúbida ao respecto. E proba clara da nosa posición neste asunto, aínda a pesar de certas cousas que se din na moción do Grupo Socialista adiántolle, Sr. Fraga Civeira, que estamos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

dispostos a apoiala, pero sempre e cando retiren parte do que se solicita no punto 4 das súas propostas de acordo, deixando o seu contido simplemente como segue, e leo textualmente. “*Que no menor prazo posible estea rematada a necesaria estación intermodal de Ourense, comezando pola propia adxudicación das obras da estación*”. Punto e final. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, Sr. Presidente. Indignación. Iso foi o que causaron en toda Galicia as palabras de don Íñigo de la Serna, ministro de Fomento, nas que anunciaba un novo recorte na liña de alta velocidade ferroviaria, palabras que indignan pero non sorprenden, porque non é a primeira vez que o PP recorta ou atrasa obras clave para o futuro de Ourense: recorta, atrasa ou simplemente vende fume. As palabras do señor ministro indignan polo perverso das formas, e polo fondo da súa proposta. Querer aproveitar un tramo inseguro, construído hai setenta anos, cunha pronunciada pendente, para que circulen trens de alta velocidade durante os próximos cen anos, é inxustificable, e responde a unha soa razón: querer aforrar, convertendo aos galegos e galegas en cidadáns de segunda ou de terceira. A liña de alta velocidade que une Madrid e Alacante non remata en Monforte do Cid, a vinte quilómetros de Alacante, e logo segue pola vella traza chea de curvas; ao contrario, a liña nova chega ata o mesmo centro da cidade. O de Alacante é un exemplo, pero este mesmo sucede en tódalas cidades que xa contan con esta infraestrutura. O que quere facer o ministro en Ourense é vergoñento, porque nos converte en cidadáns inferiores en servizos e tamén en seguridade. A proposta, que, por certo, aínda colea con forza entre os altos cargos do Goberno central, supón un empeoramento dos tempos da viaxe para toda Galicia. Pero tamén supón usar un vello trazado que serpea por tres municipios, que ten dez curvas con radios iguais ou peores que a famosa e triste curva de Angrois. Lembran seguramente todos o que pasou naquela curva tras unha sucesión de grandes rectas preparadas para viaxar a 350 km/h. ¿Quérese rebaixar a seguridade da nova liña de ferrocarril galega? ¿Queren repetir os erros nas obras que, entre outras razóns, nos levaron ata o trágico accidente de Angrois? En 2013, neste mesmo salón de plenos, tódolos grupos políticos aprobamos “*esixir que se acelere a contratación do último tramo pendente da licitación entre Galicia e Madrid*”, o de Taboadela – Ourense, “*executándoo segundo a resolución de aprobación da declaración ambiental do estudo informativo da integración urbana, e con plenas características de alta velocidade ferroviaria*”. Pasaron tres anos dende aquel acordo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

unánime e non estamos igual: estamos peor, tres anos despois. Non hai obras, non hai adxudicacións, e aínda por riba o Ministerio de Fomento dedicou este tempo a aplicar todo tipo de recortes nos proxectos do último tramo, e tamén do resto da liña entre Olmedo e Taboadela. Naquel pleno, o Sr. Álvarez Dobaño, con respecto a este famoso tramo de 17 quilómetros xa aseguraba que os populares estaban aquí para reivindicar algo xusto e necesario para Galicia e para a nosa provincia. Tres anos despois, a realidade é que se segue a reivindicar moito pero a construír pouco. Como as palabras voan como o vento, e tra – lo éxito acadado por aquel compromiso de hai tres anos, os socialistas reclamamos agora algo máis contundente: queremos que o ministro de Fomento veña a Ourense para asinar por escrito o seu compromiso irrenunciabile co último tramo do acceso ferroviario a Galicia. Non nos fiamos dun ministro que nunha entrevista televisiva anuncia un recorte deste calibre nunha infraestrutura troncal do Estado, que vai conectar a uns dez millóns de persoas en tres comunidades autónomas distintas. Non nos fiamos dun ministro que di unha cousa e a contraria vinte e catro horas despois segundo con quen fale. Pero, sobre todo, non nos fiamos dun ministro que miente ao esaxerar a cifra de investimento e tempo aforrado. ¿Qué pretendía facer o Sr. De la Serna difundindo eses datos? ¿Intoxicar á opinión pública para pór en dúbida, unha vez máis, o novo acceso ferroviario a Galicia? Esta obra é moi seria, e require de actitudes serias, e non de globos sonda. Este último tramo é fundamental para Ourense, pero tamén para toda Galicia. Esta é unha obra para os vindeiros cen anos, e non pode ser feita a base de mentiras de ministros e retais dun tren de finais do século pasado. O novo ministro pretendían recortar o último tramo de alta velocidade a base de mentiras: nin o seu custe será de 600 millóns de euros, nin o aforro de tempo será soamente de catro minutos. O percorrido orográfico destes dezasete quilómetros entre Taboadela e o Barrio da Ponte non é especialmente complexo, e segundo as declaracións do Sr. Ministro, custaría a astronómica cifra de 35 millóns de euros por quilómetro. Repito a cifra: 35 millóns de euros por quilómetro. Esta cifra triplica o custe medio por quilómetro de toda a liña ferroviaria entre Olmedo e Ourense. O dato esta tan inflado que é practicamente igual ao custe dos enormes túneles de Guadarrama, que cos seus vinte e oito quilómetros son os túneles máis longos de España e os novenos do mundo. O dato ofrecido polo ministro na televisión pública ante millóns de persoas é totalmente falso segundo cálculos dos expertos. Diante destas preocupantes declaracións, adornadas incluso con datos falaces, os socialistas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

reclamamos a contundencia de todas e todos os membros deste Pleno, para que se rematen as obras en marcha canto antes. Contundencia, para que acelere a tramitación administrativa dos sub – tramos entre a estación de Taboadela e a de Ourense – Empalme, que o PP leva cortando sen pausa dende hai un lustro. E contundencia tamén para que se garanta o proxecto da nova estación intermodal da cidade, tal e como foi conveniada entre o Concello de Ourense, a Xunta e ADIF, segundo o proxecto do arquitecto británico Norman Foster, proxecto polo que tanto se loitou dende todos os sectores económicos e sociais desta cidade. Señores e señoras deputadas, e especialmente os do Grupo Popular, que é o maioritario nesta institución: unámonos para demandar un informe exhaustivo, tramo a tramo, do grao de execución das obras da nova liña de alta velocidade a Galicia; unámonos para esixir o cumprimento íntegro dos investimentos comprometidos nos orzamentos do Estado, recuperando os fondos non executados en exercicios pasados e presentes, incluíndo os investimentos necesarios nos vindeiros orzamentos de 2017 co obxecto de acadar os obxectivos marcados e que a alta velocidade sexa unha realidade sen renuncias, tal e como reza a proposta aprobada hai un mes neste plenario con ocasión do debate sobre o estado da provincia, ás que xa aludiu o portavoz do Grupo Popular. Debemos lembrar que, por exemplo, no ano 2015, o AVE galego só recibiu o 40 % do investimento estipulado nos orzamentos xerais do Estado. Pero, sobre todo, unámonos para reclamar un compromiso formal, asinado polo Sr. De la Serna, porque non nos fiamos, non nos fiamos o socialista, e polas declaracións públicas do presidente desta institución parece que tampouco se fían no Partido Popular de Ourense. “Velaremos polas actuacións nas mellores condicións e sen proxectos de segunda”, dixo o Sr. Baltar hai uns días, xusto despois das polémicas declaracións do ministro. Pois a mellor forma de vixiar o proxecto e velar polos intereses de Ourense é facelo cun compromiso escrito. Agradezo a intención manifestada polo portavoz do Partido Popular de apoiar a parte fundamental da moción presentada aquí. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: *“puedo prometer y prometo”* é unha expresión característica acuñada polo ex presidente Adolfo Suárez, utilizada por vez primeira como candidato nas eleccións xerais de xuño de 1977. Esta frase, instalada no olimpo da antoloxía fraseolóxica é aplicable a case todo, e vai como anel ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

dedo ao que ten a ver coa chegada do AVE a Galiza. Ao longo de máis de catorce anos vimos asistindo a un ronsel de promesas, que se acrecentan e cobran máis intensidade canto máis preto están os procesos electorais de quenda. Durante todos estes anos, o AVE converteuse nunha arma arreboladiza entre PP e PSOE, en función de quen tivera a responsabilidade de goberno en cada momento. Dende o 2001 levamos escoitado declaracións da inminente chegada dun proxecto de alta velocidade a Galiza, Así a chegada inicial prevista para 2009 pasou a ser o 2010 coa presentación do Plan Galicia de 2003. No 2004 pasou a establecerse como nova data o 2012. En 2009 co “Pacto do Obradoiro” de Feijoo e Blanco, establecíase outra data, o 2015, ata que na pre - campaña das galegas de 2012 Rajoy comprométese a unha nova data, o 2018, data que o PP de G presentou como “irrenunciable” nas eleccións galegas de setembro de 2016. Pero o que era irrenunciable pasou, por arte de maxia, a ser un exercicio de realismo si precedentes. Pero vaíamos ás hemerotecas e fagamos un pouco de memoria: Francisco Álvarez Cascos (ministro de Fomento con Aznar) prometeu que en 2012 o AVE estaría xa en circulación. Resulta evidente que Cascos errou nas súas previsións, pois os técnicos nin sequera se atreven a asegurar que estará en funcionamento no 2021, nove anos despois do prometido polo ex - ministro. José Blanco (titular de Fomento con Rodríguez Zapatero) deuno por feito para o 2015. Outro que, polo que se ve, tampouco acertou. Ana Pastor, Mariano Rajoy e Feijoo molestábanse cada vez que se dubidaba da data de 2018, data que todos coinciden, ministro actual incluído, en que non vai estar operativo. Celso Delgado, Deputado do PP e Presidente da Comisión de Infraestruturas (o 23 de setembro de 2007, daquela gobernaba o PSOE en Madrid): “Menos el AVE de Ourense a Santiago lo demás es un desastre. En muchas infraestructuras se van a comenzar las obras en la fecha que se tenían que terminar”. José Luis R. Zapatero, Ex presidente do Goberno (o 27 de agosto de 2008): “Sea cual sea la situación económica se cumplirán los plazos porque cada túnel significa trabajo, riqueza, progreso y bienestar. Todo el trazado del AVE gallego estará licitado en el 2009”. Magdalena Álvarez, Ex ministra de Fomento (o 26 de setembro de 2008): “Comprendo que ustedes los gallegos tengan en estos momentos muchas dudas sobre el AVE porque llevan mucho tiempo esperando y quiero que confíen porque estamos haciendo todos los trabajos”. Esta frase lémbreme outra antolóxica dun ex - presidente do goberno de infausto recordo cando pronunciou, con acento tex - mex, “estamos trabajando en ello”. José

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Blanco, ex ministro de Fomento (o 2 de marzo de 2011): “Yo he comprometido mi palabra con el AVE gallego, he comprometido mi firma con el AVE gallego y hoy, ante todos ustedes, quiero comprometer mi cargo con el AVE gallego”. O seu cargo xa quedou comprometido coa perda do goberno. Do da firma, aínda estamos esperando. Alberto Núñez Feijoo, Presidente de la Xunta (3 de xaneiro de 2012, xa gobernando o PP en Madrid): “Sabemos que tecnicamente non se pode facer antes de 2018, pero imos pedirlle ao Goberno central que os inconvenientes económicos non afecten ao AVE galego”. O presidente galego xa non apoia co mesmo ardor de antaño a acollida da alta velocidade, sabedor de que ésta chegará con máis retraso do previsto por Fomento. No seu día acusou a *Pepiño* Blanco de “engañar ao pobo galego” por non traer o AVE. Agora, por razóns lóxicamente partidistas, evita repetir a crítica ao Goberno de Rajoy, e iso que ten máis motivos: os retrasos co Goberno do PP son moito maiores que con Zapatero. O propio Mariano Rajoy, presidente do Goberno (o 1 de setembro de 2012): “Y yo estoy seguro, que no porque lo diga yo, sino porque lo dirá el importante, el Boletín Oficial del Estado, esto estará terminado en 2018” (isto, se se escoita nas palabras do propio Rajoy queda bastante mellor). Ana Pastor, ex ministra de Fomento e actual presidenta do parlamento, o 9 de outubro de 2012: “Hay un compromiso del presidente del Gobierno, yo soy la ministra de Fomento y estoy para cumplir ese calendario”. O 17 de xaneiro de 2016: “El AVE gallego no hay quien lo pare”. O 25 de enero del 2016: “El compromiso está ahí y si la inversión sigue siendo la misma que hasta ahora, no hace falta que sea más, se terminará en el 2018”. Ethel Vázquez, Conselleira de Infraestructuras da Xunta de Galiza, o 4 de decembro de 2016: “O que queremos é realismo coas previsións e que se tomen decisións importantes para que esta liña se termine”. Jesús Vázquez, alcalde de Ourense, o 24 de novembro de 2016: “Hai que ter en conta que estivemos un ano sen goberno, co que condiciona iso á hora de tomar decisións, a lei moitas veces impide licitar e adxudicar obras en época electoral”. En resumo: palabras, palabras e máis palabras. A realidade, como sempre terca, pon en evidencia que a promesa política casa bastante mal coa realidade. Tanta promesa electoral incumprida leva dando lugar a uns orzamentos para o país tan grandes, como ficticios. As intervencións políticas de PP e PSOE deixaron en evidencia aos seus autores. Esta tomadura de pelo aos galegos e galegas evidencia varias cousas: a falla de vontade política co noso País, a irrelevancia política de Galicia no contexto estatal, o nulo peso

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

político dos nosos dirixentes, que actúan máis como delegados do goberno que outra cousa, e a incapacidade dos deputados e deputadas galegas pertencentes a forzas estatais que teñen que pregarse aos intereses do seu partido, que rara vez coinciden cos intereses de Galicia, actuando cal procesión de caladiños. A realidade, triste e dramática, e que levamos case vinte anos perdendo millóns e millóns de euros en infraestruturas, grazas a práctica de inflar uns orzamentos que apenas se executan nunha pequena parte. Para mostra un botón: o Goberno consignou nas contas do Estado de 2015 algo máis de 702 millóns para o AVE, dos que finalmente tan so gastou 277,9, o que supón o 39,6 % das partidas reflectidas na lei orzamentaria. ¿Que foi do resto? A situación do AVE é de parálise case total por diversos motivos. Aos descritos anteriormente de falla de vontade política, nulo peso, etcétera, compre engadir outros como a guerra que manteñen as empresas construtoras, os novos corsarios do século XXI, con Fomento, na que se dan algúns casos de sobrecustes ao terse adjudicado obras con baixas de ata o 40%. A ecuación so se vai despexar dunha maneira, que é pagando máis ás adjudicatarias das infraestruturas, ACS, FERROVIAL, ACCIONA, FCC, SACYR, OHL, cuxos nomes propios son: Florentino Pérez, Rafael Del Pino, José Manuel Entrecañales, etcétera. A débeda desbocada de ADIF, que supera os 15.000 millóns de euros; os graves problemas laborais mesmo con resultado de norte en varios dos tramos do AVE, traballadoras e traballadores tratados como man de obra escrava cobrando salarios de miseria, de 4 euros por hora, incluídos domingos, festivos, e horas extras; ou as negligencias de abrir tramos provisionais sen todas as garantías, mesmo despois do accidente de Angrois, ante a proximidade de eleccións, ou por compromisos políticos, como o anunciado polo ministro para Ourense para rectificar as súas declaracións. E sen esquecer os problemas ambientais e desfeitas paisaxísticas que mesmo chegaron a afectar ao noso patrimonio natural e histórico. O caso galego é moi particular, pois conta cunha rede de alta velocidade interna -o eixo atlántico e Santiago - Ourense- que non está conectada co resto. Entre Ourense e Zamora hai algo máis de 200 quilómetros en obras cunha sorte desigual na súa marcha. Para complicar aínda máis as cousas, esta rede interna está en ancho ibérico, mentres que o resto da rede de alta velocidade deseñouse en ancho internacional. Cando a liña estea en vías de ser finalizada, ou ata moito antes, Fomento deberá decidir si modifica o ancho da rede de alta velocidade galega -cos conseguíntes problemas de operatividade ferroviaria durante o proceso- ou opta polos trens de alta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

velocidade de ancho variable que Talgo entregará a Renfe nunha segunda fase do contrato que acaba de gañar este fabricante. E non só nos enganan so coas datas. Tivemos que padecer un terrible accidente como o de Angrois para decatarnos que o tren sinistrado non era un tren de alta velocidade. Xogan coas palabras e o peor de todo é que xogan connosco. Xogan coas nosas esperanzas, co noso futuro, coas familias que perderon algún ser querido nese terrible accidente, ocultándolle información ao facer todo o posible para que non se fixera público o informe da Axencia Ferroviaria da Unión Europea sobre o sistema ferroviario español e as consideracións que nel se puideran realizar sobre cómo a CIAF investigou o sinistro de Angrois, e mentíndolles descaradamente cando din que a investigación do accidente foi independente, afirmación ratificada pola propia Axencia Ferroviaria Europea, ao concluír no seu informe que a investigación de Fomento sobre o accidente do Alvia careceu da necesaria independencia. E por se fose pouco, agora o ministro – que cando era alcalde de Santander pedía unha comisión para investigar o acontecido, négase a crear a comisión independente que antes defendeu. De momento, nada máis. Moitas grazas.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO: hola, buenos días a todos. Antes de empezar a tratar este tema quisiera poner de relieve la última operación aquí de este sinvergüenza, el presidente de esta Diputación, que hace solo ocho días oficialmente se comprometía a regalarle 60.000 euros al periódico *El Correo Gallego* de Santiago, o sea, 50.000 euros más IVA que es lo máximo que te permite la Ley, y puestos a regalar los cuartos, regálaselos al menos a un periódico de Ourense, aunque sea *La Región*, no pasa nada. Me parece una auténtica tomadura de pelo, máxime cuando, como había dicho ya el anterior portavoz del PSOE, Nacho, hace dos años, precisamente ese periódico junto con la televisión de *El Correo* de Santiago le había dado un premio de elegancia a su mujer, entonces me pregunto si realmente tiene relación, es una forma de pagarlo, o a lo mejor es una forma de comprar a un periódico, porque además lo hace para suscripciones, comprar suscripciones de *El Correo Gallego*, y es que son diez millones de las antiguas pesetas más IVA. Y, ¿cuál es la historia? La historia es que seguramente lo hace también para ganarse un trato de favor para que este periódico publique noticias suaves con él, para cuando ahora le salga el juicio intentar que no lo echen del Partido Popular, porque claro, el partido lo va a obligar a dimitir, e intentará que un periódico, un medio de comunicación de fuera de Ourense haga algo de fuerza, y es la forma de utilizar los recursos de los ciudadanos, pagándole a un periódico de Santiago,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

regalándole 60.000 euros porque sí, Decreto del 22 de diciembre de 2016, hace siete días, un robo para los orensanos de este señor. Que, por cierto, me hace gracia porque le dieron el premio de elegancia a su actual mujer que es también a la que se va a abrir juicio oral en 2017 por una falsificación en documento público, o sea que en el 2017 a lo mejor se juntan en los pasillos aquí José Manuel Baltar y su esposa, cada uno acusado por un delito penal diferente, uno por cohecho y posible acoso sexual, el *affaire* en el hotel Francisco II, y luego la mujer, que seguramente se vean por los pasillos. Estas son las noticias que ustedes no ven en la prensa, pero que DO les hace llegar, para eso estamos aquí, para desvelar toda esta mierda y cómo estafa a los ciudadanos José Manuel Baltar. Ourense, no se pierdan este dato porque lo habrán oído hace unos días, esto es como cuando Edmund Hillary llegó al Everest, hemos conseguido ser la primera población de la península ibérica que alcanza los cincuenta años de edad media, eso sí que es un honor, ¿por qué no presumes de eso? Eso realmente sí que es triste, y seguramente, como estos siempre tienen una doble lectura, dicen, claro, es que avanzó tanto la medicina que es que ahora la gente vive más. Esperemos que Europa ponga también algo de mano en esto porque también se quiere en Europa cambiar la ley para los contratos, como en Europa saben que hay gente como José Manuel Baltar están intentando cambiar la ley para que se prohíba el dar a dedod ciertos contratos, como por ejemplo en las obras, donde se los puedes dar a dedo si no subes de 50.000 más IVA, y entonces están tratando de cambiar la ley para que no ocurran estas cosas y que tengan que salir a concurso y con publicidad. Bueno, la moción ésta del tema del AVE, es una moción que no depende de Ourense y DO está en contra de estas mociones que realmente no son competencia nuestra, pero sí que apoyamos las mociones cuando se trata de pedir, cuando es una discriminación clara de Ourense. Es decir, después tendremos mociones para que mejora la sanidad, y se hace referencia a Ourense pero no es un tema concreto de Ourense, es sobre la sanidad pública y creemos que aquí no se puede debatir sobre la sanidad, pero sobre el tema del AVE, cuando es pedir algo concreto para Ourense sí, porque es una forma de que los orensanos clamemos contra algo que es particular de Ourense, entonces, en este tipo de moción sí que debatimos y sí que, en principio, vamos a votar a favor porque se trata de reclamar por Ourense aunque somos conscientes de que esta moción no sirve para nada. Lo que ocurrió el otro día con el ministro del Partido Popular en televisión fue algo maravilloso, estaba en unos desayunos en la televisión, en el programa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

ése, y entonces dijo el tema este de que mire, que la entrada de Ourense cuesta 600 millones de euros y que había que plantársela porque por cuatro minutos a lo mejor no compensan esos cientos de millones de euros, y entonces yo ya destacué que esas declaraciones del ministro es como un matrimonio que llevan diez años casados e collen pulpo os domingos e vano comer á casa e cando se sentan el e a muller, a muller cando lle vai pedir un pouco de pemento para botarlle ao pulpo se lle escapa: ¡ estás arruinando mi vida, desde que me casé contigo he arruinado mi vida!, pues eso es lo que se llamaría un lapsus freudiano, un acto fallido, que se te escapa una cosa, entonces lo que realmente dijo el ministro es lo que tienen pensado hacer, o sea, que las provincias como Ourense les importan un bledo y que si se pueden ahorrar ese dinero donde no se lo ahorraron en otros sitios, pues entonces pues que lle den polo cú a Ourense. Pero , ¿qué es lo maravilloso de todo esto? Que esto nos hace recapacitar, y al día siguiente rectificó, pero ya no vale la rectificación porque hay realmente se pusieron las cartas sobre la mesa y se demostró que todo esto de firmar cosas no sirve para nada, fíjense que unos meses antes la ministra vino a Ourense a decir que sí se iba a hacer la variante exterior, con el alcalde de Ourense y lo presentaron en el pleno, y unos meses después pues el ministro sale haciendo estas declaraciones en televisión, y al día siguiente sale a rectificar, es decir, ¿todo esto qué significa?, esto significa que todo é merda, es decir, non serven de nada os papeis, pero tampoco vale que empiecen a hacer proyectos y que empiecen incluso a desbrozar o a hacer algo más que desbrozar, es decir, que empiecen las obras tampoco sirve para nada, porque lo hemos visto en el parque de interpretación de la zona de las termas, allí se empezaron las obras y quedaron a medio hacer, es decir, ¿esto de aquí qué constata?, constata que hasta que una obra no esté acabada todo lo que digan ustedes, aquí, en Santiago o en Madrid no vale para nada, es todo mentira, y al prueba está en que el AVE iba a llegar en 2012, y ustedes lo utilizaron para ganar elecciones, tanto el PP como el PSOE, cuando se presentaron en distintos ayuntamientos y distintas épocas, luego pasó al 2016, 2018, 2020 y ahora no es seguro que llegue en 2022, entonces esto realmente demuestra que las palabras no valen para nada, los proyectos tampoco, las firmas tampoco, ni siquiera el inicio de las obras, lo único que importa es cuando realmente ya están rematadas, es ya la única forma de creerles, han demostrado ustedes que son unos auténticos mentirosos y todo esto no sirve para nada. Lo que es importante es que la gente se conciencie para que no utilicen estas promesas para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

ganar elecciones, que las promesas no valen para nada, y que recuerden todo lo que hagan, imagínense, en Ourense se realizó un concurso, se ganó un concurso Norman Foster para hacer ahí una súper estación en Ourense y al final nada, quedó en nada, ahora la quieren recuperar y hacer una especie de sucedáneo de la estación de Norman Foster para que no los demande y total, una *trapallada*, es decir, todo lo que hagan ustedes no vale para nada hasta que realmente estén las obras hechas, y esto demuestra que es todo mentira. En lo de los 600 millones, si son muchos por cuatro minutos, vamos a ver, si los ourensanos tuviésemos la libertad de poder usar esos 600 millones a lo mejor esos millones se podían utilizar en la provincia en otra cosa mejor, pero claro, el Estado español no nos va a dar esa oportunidad, el Estado o nos hace la variante exterior por 600 millones o nada, porque una vez que se despilfarró en toda España lo que no puede ser es que ahora pare la fiesta, la fiesta que continúe, que no venga la cordura cuando se llega a Ourense, entonces ahora que se siga gastando. Si esos 600 millones decidieran los ourensanos, a lo mejor se gastaban en algo mejor para la provincia, pero como no lo vamos a decidir y lo va a pagar el Estado español, ya que despilfarró en toda España, hombre, que siga despilfarrando también en Ourense, que no empiece la cordura con nosotros. Y nada más, simplemente decir que los acuerdos que piden hoy en estas mociones tanto el PSOE como el PP no valen para nada, es simplemente quedar bien, es simplemente clamar contra Madrid o Santiago, y que nosotros vamos a votar a favor aunque somos conscientes de que apoyar estas mociones no sirve para nada. Como decía un compañero mío, llamarle alta velocidad a un tren que tarda más de veinte años en llegar aquí, llamarle alta velocidad, ¡válgame Dios!.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente, brevemente pero, Sr. Fraga Civeira, eu estou de acordo en que son tempos de grandes acordos, valga a redundancia, e espero que así sexa e como son unha persoa positiva confío en que así será, sobre todo entre o partido que vostede representa e o que represento eu. É certo que o Sr. Ministro no seu día, creo que non moi afortunadamente, imos dicilo así, que acababa de chegar ao cargo, dixo o que dixo e corrixiu inmediatamente, benvida a corrección, equivocámonos todos e o Sr. Ministro tamén ten dereito. E teño que dicirle que o noso presidente, o presidente desta Deputación, lle trasladou a postura clara e determinante á que antes me referín de mantemento da variante exterior á que nos estamos referindo. E logo, con respecto a Angrois, eu non vou dicir nada, Sr. Fraga Civeira e Sr.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

Rodríguez Suárez, xa saben que eu négome rotundamente a facer oportunismo coas desgrazas, e non vou repartir culpas porque ao mellor aquí as temos todos no que nos corresponde, deixémolo así. E Sr. Rodríguez Suárez, á marxe da súa visión apocalíptica á que nos ten acostumados case sempre que fala destes temas, simplemente lle vou lembrar que en momentos puntuais vostedes presumían de que tiñan moito poder en Madrid, e o repetían aquí nalgunhas ocasións, apoiaron vostedes determinadas iniciativas do Goberno socialista, non nos do PP precisamente, pero nos do Goberno socialista e a cambio aparecían certos investimentos importantes, por exemplo en Allariz, e noutras cidades e concellos de Galicia, e non recordo que vostedes fixeran ningunha forza polo que agora din que debían facelo, que era o AVE, e un exemplo claro foi cando aquela insigne ministra, dona Magdalena Álvarez, que se burlou de tódolos galegos e supoño que de vostede tamén, e vostedes non sei o que apoiaron no Congreso dos Deputados pero lémbrolle que o repase. E dito isto, as posicións están moi claras, por suposto que nós mantemos a nosa moción e como xa adiantei na miña primeira intervención votaremos a favor da do Grupo Socialista dado que o Sr. Fraga Civeira adiantou que acepta ese pequeniño recorte do punto 4, ah, estame dicindo que non, pois entón non votaremos a favor, porque así llo manifestei claramente na miña primeira intervención. En todo caso, e antes de rematar, coa máxima brevidade quixera dicir o seguinte: non falan vostedes para nada na súa moción, Sr. Fraga Civeira, doutras actuacións importantes na provincia, como pode ser da estación da Gudiña ou algunhas máis, que nós si falamos porque, a diferenza de vostedes, a nosa visión de provincia é clara, e vostedes refúxianse un pouco máis nos localismo. Teño que dicir tamén que a nós, como Corporación provincial, non nos corresponde en absoluto defender un proxecto concreto dunha determinada empresa, por moi famosa que sexa, e nese sentido o proxecto de Norman Foster para a estación, do que aquí se falou, é certo, está moi ben formulado, eu dende a miña ignorancia supina nestes casos entendo que é unha marabilla por chamarlle dalgunha forma, pero a realidade é a que é e polo tanto hai que escapar de demagoxias oportunistas: a súa viabilidade económica, sen entrar en outro tipo de consideracións que tamén se poderían facer, é moi difícil e, polo tanto, tamén é moi probable que se teña que refacer o proxecto inicial, seguramente ambicioso en exceso para os tempos que corren. Sorpréndenos tamén, Sr. Fraga Civeira, que sexan agora tan reivindicativos e pidan unha garantía por escrito ao ministro en relación co mantemento

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

desta variante exterior para o acceso á cidade, porque non recordo que tal vena reivindicativa a tivesen vostedes en tempos do ministro Sr. Blanco, cómo cambian as cousas, ¿verdad, Sr. Fraga Civeira? En todo caso, direilles que os *postureos*, os oportunismos, e as postas en escena de cara á galería ás que aquí xa estamos acostumbrados, pois son só iso. Nós optamos por outro camiño, optamos polos compromisos serios e verdadeiros que son os que se publican no Boletín Oficial do Estado, ningún outro compromiso serve para moito, e niso doulle a razón a algún voceiro que me antecedeu no uso da palabra. En resumo: teñan vostedes a completa seguridade de que este grupo de goberno co seu presidente á fronte non aforrará ningún tipo de esforzo, e digo ningún, para conseguir a pronta licitación da variante exterior de Taboadela. Moitas grazas.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, Sr. Presidente, brevemente nesta segunda intervención, con respecto á intervención do señor portavoz do Grupo do BNG, simplemente fago meu o dito por Galileo hai moitos séculos, “ e sen embargo móvese”. Con respecto a DO, o que facemos aquí serve para que nos oian, para que non mexen por nós e digamos que chove, serve para non sermos conformistas e para reivindicar o que cremos que merecemos. Con respecto á súa intervención, Sr. Álvarez Dobaño, nós non teriamos inconveniente en votar a favor da súa moción, porque, ¿como non imos estar de acordo en “*instar ao Ministerio de Fomento a que, en coherencia con todos os pasos administrativos antes citados, proceda nesta legislatura a continuar avanzando na execución da proxectada variante ferroviaria entre Taboadela e Ourense*”? O que pasa é que nos parece pouco, parécenos escaso, parécenos intentar quedar ben sen gastar nada, como botar un caldeiro de auga fría cando hai un gran incendio, provocado neste caso polo señor De la Serna, que é o que nos trae aquí, porque puxo en dúbida a variante exterior de acceso a esta cidade e tamén fundamental para o AVE de toda Galicia. Non se puxo en cuestión a estación da Gudiña nesas declaracións, se a pon é evidente que sairemos tamén. O certo é que dende a chegada do PP ao Goberno central no ano 2011 esta nova liña de tren que vai conectar, como dixen antes, comunidades e provincias afectando a máis de dez millóns de persoas, sufriu todo tipo de rebaixas, recortes e retrasos. No 2013, a ex ministra Ana Pastor pasou as tesoiras por estes dezasete quilómetros, e ordenoulle aos técnicos de Fomento que eliminasen unha terceira vía prevista en Oira e que recortasen un túnel e varios viadutos. Con todas esas rebaixas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

retrasáronse os prazos para recortar o investimento no tramo á metade. Pouco despois, a Sra. Pastor ordenou instalar longos tramos de vía única entre Olmedo e a provincia de Ourense, tamén para aforrar, obviando o proxecto que xa fora adxudicado ao equipo do británico Norman Foster e do ourensán Cabanelas. Ana Pastor, que presume de galega, foi a *pichichi* dos recortes do AVE en Galicia, e agora o seu sucesor non quere ser menos e pretende encabezar o *ranking* neste carrusel de recortes usando o trazado da vergoña. Retirar o que vostede nos pide da estación intermodal de Ourense segundo o convenio que fora acordado entre o Concello de Ourense, a Xunta e ADIF, sería un recorte máis aos xa mencionados, e Ourense ben merece, por parte do Goberno do Estado, unha discriminación positiva, que nin sequera o é isto, o da estación intermodal. Defender unha ala velocidade de primeira semella incompatible con este festival de recortes. No PSOE temos claros cales deben ser as demandas nesta infraestrutura vital para o futuro de Ourense e pola que traballou en todas as administracións durante os gobernos socialistas. Foi un ministro do PSOE, xa aludido aquí, o que acordou e impulsou o deseño destes dezasete quilómetros entre Taboadela e Ourense, e que agora os ministros do PP, neste caso este ministro, non sabemos ata que punto foi un *lapsus linguae* ou foi un globo sonda, quere suprimir. No PSOE queremos que a alta velocidade ferroviaria chegue tal e como estaba proxectada, na data máis próxima e en óptimas condicións. E para iso e para o que propoñemos esixir xuntos, toda esta Corporación, este compromiso, por escrito e dun xeito vinculante. Moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas, Sr. Presidente. O novo atraso anunciado polo ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, demorará probablemente varios anos a data para que Galiza estea conectada ao resto da rede de alta velocidade. Distintas fontes aseguran que o atraso oscilaría entre catro ou cinco anos, aínda que a hipótese sobre a que traballa Fomento é a de finais do 2019 - un ano de atraso sobre a data do 2018 - a condición de que os traballos céntrense, en boa parte do percorrido, nunha soa vía. É dicir, o plan de posta en servizo inicial tería percorridos de vía única e dobre entre Pedralba (Zamora) e Taboadela (Ourense), como sucede co tramo Medina del Campo-Zamora e, tamén, con Zamora- Pedralba. No en tanto, sempre predominaría a circulación en vía única e deixaríanse tramos illados en vía dobre para o cruzamento de trens. Galiza é, do conxunto co resto das nacións do estado e Comunidades das peor comunicadas por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

ferrocarril, tanto de forma radial cara a Madrid como transversalmente cara ao leste. Mentres se ten embobada á poboación con este debate trucado de como, cando e por onde chegará o AVE, o Ministerio de Fomento, a través do denominado Plan de Racionalización dos Servizos Ferroviarios, procedeu á supresión de liñas de tren sen ter en conta que o noso país aínda non conta cunha rede ferroviaria moderna comparábel coa doutros territorios. Tampouco tivo en conta á hora de facelo a nosa realidade peculiar, nin a problemática do medio rural, a falla de alternativas nas mesmas rutas doutros servizos públicos de transporte alternativo, nin a poboación envellecida desta provincia. No canto de reforzar a estrutura ferroviaria para poder acceder a un servizo de calidade, elimínanse cada vez máis liñas de transporte. Mentres se suprimían as liñas Ourense - Vigo (por Ribadavia), Ourense - Ponferrada (por A Rúa - comarca Valdeorras), Ourense - Pobra de Sanabria, afectando ás comarcas Ourense - Limia - Monterrei - Gudiña) e Ourense - Santiago Compostela (por Carballiño), ¿que fixeron vostedes? Vostedes, señores e señoras do PP, votaron en contra, unha tras outra, das propostas que desde o BNG fixemos de xeito reiterado neste plenario. É esa proxección centralista das infraestruturas a que considera que a única necesidade de Galicia é a conexión coa meseta, ignorando as necesidade reais de articular o noso país. Dende o comezo a política de implantación do AVE foi en detrimento o ferrocarril convencional, de maior potencialidade, funcionalidade e utilidade para as maiorías sociais e factor de desenvolvemento social e económico. O tren convencional deixou de estar nas prioridades dos sucesivos gobernos galegos e do Estado. Non se investiu en mellorar os servizos e as infraestruturas ata que foron deixando de ser operativas. A redución de frecuencias e o desmantelamento de liñas e estacións ven provocando unha paulatina perda de viaxeiros que se empregou como argumento para xustificar a eliminación de máis servizos no canto do investimento en melloras que o farían perfectamente viable. É mais preciso que nunca abordar a necesidade de termos uns servizos de proximidade ferroviarios interiores, para pasaxeiros como para mercadorías, que sexan propios e que historicamente se lle vetan a Galicia mentres noutras zonas próximas si se permiten. Este veto impide a Galicia ter acceso a importantes subvencións e fondos do ámbito comunitario específicos para estes proxectos ferroviarios, que nos permitirían articular o país. Semella que a Madrid lle convén promover proxectos con orzamentos sobredimensionados que xamais se executan e que son incapaces de executar. E por se aínda non chegara o persoal ferroviario

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

alerta de que Renfe prevé deixar de vender billetes en sete estacións galegas, das cales catro están na provincia de Ourense (O Barco, A Rúa, O Carballiño e Ribadavia). Estamos a falar dunha decisión que afecta a case 200.000 persoas que soben e baixan dos trens de Renfe, das que 60.000 mercan alí mesmo os seus billetes para vindeiras viaxes. Isto supón deixar importantes núcleos de poboación sen o servizo presencial de información e venda de billetes e implicando, nalgúns dos casos o peche e estacións que queden sen persoal. Os datos dos billetes vendidos e dos viaxeiros con orixe e destino nas estacións da provincia de Ourense afectadas polo posible peche na venta de billetes son os seguintes:

Estación	Nº Billetes vendidos ano	Media recadación mes por venda billetes	Viaxeir@s orixe e destino
O Carballiño	19.367	12.625 €	35.252
A Rúa Petín	10.229	12.933 €	22.504
O Barco Valdeorras	14.200	15.614 €	37.823
Ribadavia	1.052	350 €	8.003

Xa basta, pois, de tanta farsa e de tanta mentira. O BNG non vai contribuír a esta cerimonia da confusión. Se o que vostedes pretenden e vir aquí coas súas mocións a determinar cal dos dous ten maior grao de culpabilidade, e a erixirse en defensores de non se sabe moi ben que, connosco non conten. Se vostedes queren erixirse en salvadores da Patria, envólvanse na reivindicación e saian a rúa a berrar que non imos permitir que nos sigan *ninguneando* un día si e outro tamén. Do mesmo xeito que chegaron a un acordo para reformar a Constitución, aprobar pactos varios e que sigan gobernando os mesmos, non debería ser tan difícil que se poñan de acordo para pedir un trato xusto para o noso país. Se o fan, a nós vainos ter ao seu carón, e á veciñanza seguro que tamén. Nada máis, moitas grazas.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO: básicamente está ya todo dicho, simplemente dos puntualizaciones. Dice Plácido que el ministro que “ten dereito a equivocarse”, sí, claro, e a tipa do pulpo tamén ten dereito a equivocarse ao dicir que arruinei a miña vida casando contigo. Tiene derecho a tener un lapsus freudiano la

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

gente, tiene derecho a decir la verdad, y el ministro dijo la verdad. Y respecto a lo que dijo el portavoz del PSOE, de que tenemos que hacer estas mociones para que no *mexen por nós e haia que dicir que chove*, no, la realidad es que estas mociones no sirven para nada. Lo que sí serviría para evitar eso sería no votarle siempre a los mismos, es decir, si nosotros le votamos siempre a los partidos que nos han discriminados, ¿por qué van a cambiar?, es decir, si resulta que el Partido Popular, a una de las provincias más discriminadas en la historia de España, que es Ourense, y resulta que en Ourense ha tenido un 53 % de apoyo en las últimas elecciones, ¿para qué va a cambiar?, ¿para qué le va a dar inversiones a Ourense si Ourense ya le vota siendo la que menos recibe?. Entonces, ahí es donde realmente se puede atajar que se rían de nosotros los partidos, cuando realmente dejamos de votarles, la gente sólo entiende un lenguaje, el del interés, normalmente, y los partidos están interesados en los votos, si los partidos tienen votos les importa un bledo que después les reclames o no inversiones, es decir, con los votos es con lo que la gente al final reacciona. Así que realmente estas mociones no sirven para nada, simplemente clamar que Ourense pide eso, que les importa un bledo. Nada más.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: si, brevemente, señor presidente, simplemente dicirlle ao Sr. Rodríguez Suárez que pensei que ía reivindicar tamén unha liña de alta velocidade pola Limia ou a Baixa Limia, porque foi o que lle faltou. Menos da variante exterior falou vostede de todo, pero tampouco falou, débúselle esquecer, do que lle dixeran daqueles anos gloriosos de vostedes e de gran influencia no Congreso dos Deputados, non nos dixo cales foran as súas propostas, nin a súa louvanza a dona Magdalena Álvarez. Dito isto, queda todo claro, nós votamos a favor da nosa moción evidentemente, e non imos apoiar a do Grupo Socialista dado que o Sr. Fraga Civeira nos dixo que non aceptaba a nosa mini – corrección. Moitas grazas.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: non, nada máis, as posturas están clara tamén, nó tiñamos pensado pois absternos na súa moción, peor visto o visto teremos que votar en contra, porque se queda moi curta con respecto ás reivindicacións que nós entendemos que son necesarias. Nada máis.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Ministerio de Fomento a que, en coherencia con todos os pasos administrativos dados para a realización da variante do tren de alta velocidade proxectada entre Taboadela e Ourense (conforme cos proxectos de construción dos treitos Seixalbo-Tunel de Montealegre e Tunel de Montealegre-Estación de Ourense e ao proxecto básico Taboadela-Seixalbo), proceda nesta lexislatura a continuar avanzando na execución da proxectada variante ferroviaria entre Taboadela e Ourense.

2º.- Trasladarlles copia deste acordo ao Presidente do Goberno de España e ao Presidente da Xunta de Galicia.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A VARIANTE EXTERIOR PARA O ACCESO DA ALTA VELOCIDADE.-

A deliberación deste punto tivo lugar coa do punto anterior.

Non se producen intervencións someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (14) e do BNG (1), a moción queda rexeitada.

6º.- MOCIÓN DO BNG PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA A PERSOAS SEN RECURSOS

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo do BNG para que expoña o contido da súa moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, manifesta que como non hai un mecanismo que regule a intervención de colectivos no pleno, dado que a moción está presentada a instancias dunha plataforma cidadá, e como xa se ten feito noutras ocasións, gustaríalle cederlle a primeira quenda de intervención, se están de acordo os outros

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

portavoces, a unha representante da plataforma Stop Desafiuzamentos para que expoña os razoamentos e os motivos da moción.

Estando de acordo os demais grupos políticos, ocupa o escano do BNG **dona María José González Vázquez, en representación da Plataforma Stop Desafiuzamentos**, que realiza a seguinte intervención: Dende o colectivo Stpo-Desafiuzamentos Ourense agradecemos a oportunidade que se nos ofreceu dende o BNG para dar apoio á moción que hoxe presenta esta formación e que recolle propostas básicas para os colectivos que loitamos polo dereito efectivo a unha vivenda digna e contra a pobreza enerxética. Imos comezar cun procedemento de execución hipotecaria promovido polo IGVS, sendo a Xunta a administración que ten competencia exclusiva en materia de vivenda e de velar polo cumprimento efectivo deste dereito fundamental. O meu nome é María José. No ano 1996 merquei unha vivenda de protección oficial ao Instituto Galego de Vivenda e Solo en réxime de gananciais coa miña ex - parella. Estou legalmente divorciada dende o ano 2005, momento dende o que me teño que facer cargo en solitario dos pagos da hipoteca. No ano 2000 a miña saúde comeza a deteriorarse, chegando a estar intervida cirurxicamente en 10 ocasións, 4 delas das costas, que desembocaron nunha discapacidade física dun 68%, recoñecida no ano 2008 cunha asignación dunha pensión non contributiva de 350 euros. Ante estas circunstancias estiven traballando en períodos descontinuos e tiven que deixar de facerlles fronte aos pagos das cotas hipotecarias, acumulando unha débeda de 23.900 euros. Consecuencia dos impagos acumulados o IGVS inicia un procedemento de execución hipotecaria co obxectivo de despexarme desta vivenda de protección oficial e tomar posesión dela. Teño que incidir no feito que a vivenda era de protección oficial e que sendo o IGVS coñecedor do meu estado de saúde, non se me fixo ningunha oferta que me permitira asumir os pagos das cotas atrasadas. Máis aínda, sendo o crédito inicial de 29.900 euros e tendo recibos pagados por un importe de 20.000 euros, o IGVS reclámame, na liquidación do préstamo, 33.000 euros. Resulta indignante que un organismo que representa á Xunta de Galicia, que ten competencia exclusiva en materia de vivenda e debe velar polo cumprimento efectivo deste dereito constitucional, teña esta maneira de actuar, máxime cando no mesmo edificio dou fe da existencia de vivendas de protección oficial que se atopan deshabitadas. Ante a imposibilidade de facerlle fronte ao pago das cantidades reclamadas, coa angustia de verme na rúa ante un inminente despexo, no mes de xuño de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

2016 diríxome ao colectivo Stop Desafiuzamentos, do cal hoxe formo parte. Logo de estudar o caso presentamos escritos no IGVS e no xulgado que coñece deste proceso, reclamando a súa suspensión mentres non se alcance un acordo de alugueiro social co IGVS ou, se fose o caso, outra alternativa. Se a incerteza de verme na rúa en calquera momento non era suficiente sufrimento, ao longo deste tempo, en varias ocasións, vinme coas subministracións de auga e electricidade cortados por non dispor de recursos para poder facerlle fronte a tempo ao seu pago. No pouco tempo que levo neste colectivo coñecín casos semellantes, maioritariamente mulleres, algunhas delas vítimas de violencia machista, e familias que logo de acudir aos servizos sociais e a organizacións privadas como Cruz Vermella ou Cáritas, nos reenviaban estas mulleres e familias para que nós, que non dispomos de recursos nin recibimos subvencións, lle arranxásemos un problema de falta de vivenda que debería estar garantido polas administracións públicas. Chegamos a vivir casos tan indignantes como o dunha compañeira, enviada ao colectivo por Cruz Vermella, vítima de violencia machista cun menor con autismo, con grao III de dependencia, que subsistía 5 meses sen ningún tipo de axuda, sendo coñecedores do caso os servizos sociais do Concello de San Cibrao das Viñas, onde estaba censada. Compañeiros con enfermidades graves como é unha leucemia, que ían ser despexados por unha entidade financeira como é ABANCA que no seu momento fora rescatada cunha cantidade importante de diñeiro público. Todo acontecía ante a pasividade das diferentes administracións. Desde o ano 2011 pedíronlle axuda ao colectivo 98 familias con diferentes situacións, fora con entidades financeiras ou por impago de alugueiros; como xa dixen, delas varios casos eran vítimas de violencia machista. O nexo común en todos estes casos era a falta de apoios institucionais que estaban máis pendentes de rescatar bancos que de dar apoio e rescatar estas familias. Sentímonos orgullosos de non deixar de lado a ningunha persoa ou familia que nos pedira axuda. Debemos lembrar que desde o comezo desta situación crítica os suicidios, segundo datos do INE, son a primeira causa de morte traumática, por diante dos accidentes de circulación. Todo este sufrimento non xorde de casualidade, é o resultado de políticas baseadas na ideoloxía neoliberal que avanza nun capitalismo que promove a ausencia absoluta de controis aos mercados e capitais, producindo unha especie de anarcocapitalismo capaz de repartir os beneficios xerados en ciclos especulativos con produtos básicos para unha vida digna como alimentos non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

perecedoiros, vivenda ou enerxía, mentres cando os seus cálculos e investimento resultan falidos socializan esas perdas tendo que ser rescatados con diñeiro público, alcanzando desta maneira un xeito de capitalismo perfecto para o inversor e que deixa gravemente minguido o Estado de Dereito, que entra a ser cómplice e garante del, chegando así ao capital de estado. Citamos a continuación unha serie de feitos que acreditan esta situación: No ano 1998, coa reforma da Lei do Solo feita por José María Aznar comeza un ciclo de especulación inmobiliaria contraria ao mandato constitucional do artigo 47, que prohibe a especulación e garante o dereito a unha vivenda digna. Por se alguén quere entender que se trata de dereitos non fundamentais a propia Constitución, no seu artigo 10.2, determina o xeito de interpretar este artigo, e di: “As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución reconece, interpretaranse de conformidade coa declaración universal de dereitos humanos e os tratados e acordos internacionais sobre a mesma materia, ratificados polo Estado español”. Esta especulación non se podería entender sen o altísimo nivel de corrupción no que vive inmerso o Estado español e que evidencia un fallo do Estado de Dereito. No ano 2008 remata este ciclo especulativo alimentado pola emisión de títulos de débeda subordinada e preferentes. Ante a imposibilidade do Banco de España de emitir moeda, as entidades financeiras acudían a Europa á busca de financiamento. Emitidos desde 2003, mentres estes produtos foron rendibles vendíanse a clientes preferentes, cando houbo que saír con urxencia destes produtos, no comezo da situación crítica, ante a posibilidade de quedar o capital atrapado, prodúcese unha estafa en masa de persoas de avanzada idade con poucos coñecementos económicos e con capacidade de aforro. A ausencia de responsabilidades políticas e penais obsérvase como outro síntoma da debilidade do Estado de Dereito. O goberno do Partido Popular reacciona rescatando aos bancos responsables desta situación crítica, e coa complicidade do PSOE reforma o artigo 135 da Consitución, priorizando o pago con fondos públicos dunha débeda evidentemente privada, polo tanto ilexítima e sen ningún tipo de auditoría. No ano 2012 créase a maior inmobiliaria de Europa, a SAREB (Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria) tamén coñecida como banco Malo. O seu obxectivo é maximizar a súa rendibilidade a 15 anos. Mentres inxectamos diñeiro público a entidades que están dando beneficios estas apancan os seus activos tóxicos na SAREB á espera de que sexan rendibles, impedindo unha regulación e caída natural dos preZos dela. Chéganse

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

a ver aberracións como que fondos voires como Black Stone mercan paquetes de vivendas de protección oficial e mentres milleiros de familias son implacablemente desafiuzadas, sen opción a perder a vivenda, e quedan con débedas de por vida. Ante o número desproporcionado de desafiuzamentos, sen opción, e vendo como se está a rescatar bancos con diñeiro público mentres se abandonan á súa sorte a familias que van ao paro e non poden facerlles fronte ás súas hipotecas ou alugueiros. A sociedade reacciona organizada na PAH (Plataforma de Afectados pola Hipoteca). Levamos ao Congreso 1.500.000 sinaturas solicitando a dación en pago e alugueiros sociais. O rolo absolutista do Partido Popular esmaga esta iniciativa e trata á PAH de terroristas. Pola contra en Europa a PAH recibe recoñecementos polo seu labor social. Debemos lembrar un dos lemas da PAH e dos colectivos Stop Desafiuzamentos: “nin xente sen casa nin casas sen xente”. Pois ben, no ano 2011 no conxunto do estado, segundo datos do INE, había 3,5 millóns de vivendas baleiras, delas 300.000 baleiras en Galicia, 15.000 na cidade de Ourense. Obsévese o feito gravísimo que supón sacar unha lei que persegue á cidadanía que reacciona a unha gran estafa inmobiliaria, mentres todos os altos executivos de bancos, caixas de aforro, construtoras e políticos corruptos, en cantidades increíbles, nun Estado de Dereito evidentemente falido, campan ás súas anchas sen que apenas se persigan de oficio pola Fiscalía ou Avogacía do Estado. Parecía máis razoable mudar a lei para evitar que se volva producir unha situación crítica como a actual no canto de perseguir e intentar calar ao pobo. Nun momento de altísima mobilización social o Partido Popular, no canto de escoitar estas protestas e as demandas sociais que se solicitaban e mediante o diálogo alcanzar solucións razoables para todas as partes, criminaliza as protestas e crea unha lei que dende a súa proposta foi tachada de antidemocrática pola ONU e polo Consello de Europa, a Lei 4/2015, do 30 de marzo, coñecida como Lei Mordaza. Neste xeito de actuar antidemocrático e carente de diálogo, xunto co desmesurado número de casos de corrupción que aparecen nesta formación, evidencian que o Partido Popular protexe aos que nos trouxeron esta situación crítica e non parece que teña intención de ofrecer solucións razoables. O rescate financeiro deseñado polo Partido Popular a base de transformar a elevadísima débeda privada das grandes construtoras, acreedoras da banca, en débeda pública, pasando esta última do 34% do PIB no ano 2011 ao actual 100% do PIB no ano 2016, que nos obriga a pagar 36.000 millóns de euros en xuros dunha débeda ilexítima por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

non ter sido auditada. Rematando no seu mandato con 80.000 millóns de euros do fondo de pensións que o Partido Popular usou para mercar os propios bonos de débeda pública que se emitían e frear os ataques dos especuladores propios e foráneos, evitando enfrontarse politicamente esta especulación. No canto de exercer a soberanía na defensa dos intereses xerais do país que goberna, seguen engordando a besta neoliberal, alimentándoa con recursos públicos. Ante a pasividade, mellor dito, ante a complicidade do goberno central e a Xunta cos responsables da creba do sistema financeiro e ante a absoluto deixamento e ausencia de apoio ás familias que padecen desafiuzamentos e pobreza enerxética, varias comunidades autónomas promoveron leis por unha vivenda digna e contra a pobreza enerxética, todas elas suspendidas polos recursos de inconstitucionalidade do Partido Popular, que segue facendo uso do seu rolo absolutista no canto de dialogar e chegar a acordos que sexan aceptables e respecten o interese xeral, e non só os privados. Non se ven indicacións de que o goberno vaia mudar este xeito de actuar. A recente sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo que obriga aos bancos a declarar nulas as cláusulas chan e a que as devolucións teñan carácter retroactivo. Todo indica que o custo dunha decisión privada será trasladada e asumida con recursos públicos. No caso das caixas de aforro galegas, valoradas en 75.000 millóns de euros en activos no ano 2010, vendida apresuradamente en 2012 por 1.000 millóns de euros, sen esgotar o prazo que daba o memorando europeo que era de 5 anos, previamente saneada con 9.000 millóns de euros de fondos públicos, no ano 2013 xeraba uns beneficios de 1.200 millóns de euros que xa irían a mans privadas. A día de hoxe sen devolver un euro do diñeiro público entregado para o saneamento. Na páxina 5 do prego de condicións de venda, asumido polo presidente da Xunta, Núñez Feijóo, aceptouse que o FROB asumiría as reclamacións de contratos hipotecarios posteriores a 2008, incluídas as reclamacións por cláusulas chan. Estímase que no caso de ABANCA teremos que pagar con diñeiro público 500 millóns de euros. Esta salvaxe especulación e asunción de investimentos privados co diñeiro público non se produciu só no sector inmobiliario, tamén se lexislou para favorecela no sector enerxético. A reforma neoliberal feita por José María Aznar no ano 1997, que eliminou o marco legal estable creado na crise do petróleo da década dos 70 do século pasado. Este marco xurídico consistía nun conxunto de normas destinadas a manter un equilibrio entre as amortizacións dos investimentos, as ganancias e o prezo ao consumidor. Con esta reforma comeza a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

privatización de empresas públicas enerxéticas que eran moi rendibles e nutrían de recursos ás arcas públicas. Desde a privatización do sector enerxético comeza unha subida continuada do prezo da enerxía e abandonándose o concepto de servizo público. Desde o ano 1997 chegamos a destinar 90.000 millóns de euros en pagos directos nos recibos, no suposto rescate destas multinacionais enerxéticas, nun suposto déficit tarifario e noutros conceptos totalmente opacos ante a falta de verdadeiras auditorías públicas que aclaren estes. Mentres nos din que hai un déficit tarifario, no pasado exercicio as tres grandes subministradoras Iberdrola, Gas Natural Fenosa e Endesa anuncian 56.000 millóns de euros de beneficio. Destacando Endesa con 25.000 millóns de euros, case a metade do total. Hai que sinalar que cando se privatizou, no mandato de Aznar, pasou a mans de Enel, empresa italiana cun 50% de capital público. Dedúcese deste feito que máis de 12.000 millóns de euros desta multinacional van parar ás arcas públicas italianas mentres nós quedamos sen diñeiro para asegurar as pensións. Todo isto acontece no marco perfecto da colaboración público privada. As chamadas portas xiratorias son determinantes nesta fusión de intereses, onde a cidadanía sempre perde os recursos, sexan económicos ou naturais, que por dereito lle pertencen. Vemos como altos cargos políticos terminan nos consellos de administración destas empresas que eles mesmos privatizaron, como é o caso de Felipe González en Gas Natural Fenosa, ou José María Aznar en Endesa. Galicia é excedentaria nun 40% en produción enerxética que traslada ao resto do estado sen obter nin o máis mínimo beneficio da explotación dos seus recursos naturais. Por todos é coñecida a inmensa cantidade de centrais e minicentrais hidráulicas que están espalladas por todo o territorio galego, todas elas amortizadas desde hai anos e con producións sen apenas custos, todo son beneficios privados obtidos da explotación dun recurso natural que é de todos os galegos. Galicia tamén ocupa un posto destacado na xeración de enerxía eléctrica de orixe eólico. Durante o período do goberno bipartito, estando a Consellería de Industria dirixida polo BNG (isto son datos obxectivos, non promoción de partidos) obrigaba a que os investidores privados que optaran ao reparto de megavatios deberían ceder un 10% do beneficio ás arcas públicas galegas, estamos a falar de 300 millóns de euros anuais. A primeira medida tomada polo presidente da Xunta no seu primeiro mandato foi eliminar este concurso eólico e con el a perda desta porcentaxe que pasaría a mans privadas. Esta especulación deixa tras de si pobreza enerxética, que supón un grave risco para a saúde das persoas. Os principais

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

impactos son insuficiencias respiratorias, complicacións cardíacas, e maior risco de sufrir problemas mentais. Galicia ten elevadas taxas de mortalidade adicional de inverno, segundo a asociación de ciencias ambientais (ACA) e o seu informe “Pobreza, Vulnerabilidade e Desigualdade Enerxética. Novos enfoques de análise”. As cifras de mortes prematuras asociadas á pobreza enerxética estímense para Galicia no período 1996-2013 entre 200 e 600 persoas. Mentres coa especulación enerxética se xeran esaxerados beneficios, obtidos de forma ilexítima, que logo reparten entre mans privadas, moitas familias viven na angustia permanente que supón que lles corten as subministracións. Recentemente, no barrio do Polvorín en Ourense, finaba queimado un ancián e o seu irmán quedaba con queimaduras graves, e outra anciá de Reus finaba queimada polo lume dunhas velas que usaba para alumearse, logo de que Gas Natural Fenosa cortase a subministración eléctrica sen preocuparse da súa situación de precariedade económica. É por todo iso que se fai imprescindible a paralización dos cortes de luz e subministracións a familias con problemas económicos. Queremos poñer fin aos abusos que afectan a un servizo esencial, polo que lle esiximos ao goberno que regule unha tarifa alcanzable e unha auténtica tarifa social para familias con baixos niveis de renda. Resulta urxente que o Estado español respecte os compromisos adquiridos no marco internacional, e que garanta o cumprimento do artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a observación xeral n.º 4 do Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, segundo o cal un nivel de vida digno require dunha vivenda adecuada con acceso a subministracións básicas como luz, auga e calefacción. Do mesmo xeito necesitamos que se cumpra a lexislación europea sobre subministración eléctrica, que obriga aos estados membros a protexer aos usuarios vulnerables e a prohibir os cortes de luz en períodos críticos (artigo 3 da Directiva 2009/72/CE, do 13 de xullo de 2009). Os feitos citados pretenden contrastar o sufrimento das familias fronte aos abusos dun sistema capitalista en fase neoliberal, promotor da eliminación de toda intervención do Estado excepto cando se trata de asumir perdas. De seguir por este camiño de darwinismo económico, máis cedo que tarde veremos as gravísimas consecuencias que traerá o único sistema posible de convivencia racional, a democracia real. Dicía Albert Camus no seu libro *O Home Rebelde*: unha persoa con estreiteces é rebelde, con fame é perigosa. Dende o colectivo Stop Desafuzamentos Ourense pedímoslles que apoiem a iniciativa de mínimos presentada hoxe polo Bloque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Nacionalista Galego. Así, tamén queremos aproveitar para darlles traslado e convidalos a reflexionar sobre as demandas da Plataforma de Afectados pola Hipoteca e da Plataforma contra os Cortes de Luz. Pedímoslles que as analicen e que as apoiem de xeito coordinado nos diferentes niveis administrativos ata facelas efectivas. As 5 demandas de mínimos da PAH son: dación en pago retroactiva; alugueiro alcanzable; stop desafiuzamentos; vivenda social e subministracións garantidas. As demandas da plataforma contra os cortes de luz son: prohibición legal dos cortes de luz ás familias con problemas económicos; fin aos abusos tarifarios; creación dunha auténtica tarifa social; recoñecemento e devolución das grandes eléctricas dos 3.500 millóns de euros que cobraron indebidamente en conceptos de custos de transición á competencia (CTC's); auditoría ao sistema eléctrico; aplicación do tipo de IVE súper reducido á electricidade, pasando do 21% actual ao 4% por ser considerado un servizo esencial para a cidadanía. Deséxolles que teñan un feliz día, moitas grazas pola súa atención e por cedernos o seu tempo.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO: hola otra vez. Antes de nada decir que en la anterior moción hay se ve realmente quién lucha por Ourense, se estaban pidiendo cosas para Ourense en el tema del AVE y DO votó a favor en las dos mociones, tanto en la del PP como en la del PSOE, y los demás, pues dependiendo de quién presentaba la moción, pues votaban a favor o en contra, entonces yo creo que ahí se demuestra quién está realmente por Ourense. Respecto a esta moción, decir que lo que empezó como un tema con cierto drama personal, obviamente, algo realmente triste, la exposición que hicieron aquí, pues realmente tornó en una moción ideológica, partidista y de debate ideológico, y me recuerda un poco – con todos los respetos, porque se trata, evidentemente, del sufrimiento de las familias – a la película de *El silencio de los corderos*, cuando van a entrevistar a Hannibal Lecter y le dice la del FBI, “quería hacerle unas preguntas...”, y le dice Hannibal Lecter, “no, no, no... empezaste muy bien pero ahora la acabas de cagar”. Bueno, pues esto es igual, alguien expone aquí un problema que es el corte de suministro de luz, que realmente es un drama y que tiene que involucrar a todo el mundo político, y de repente pues empieza a hablar de temas claramente acuñados por los partidos de extrema izquierda, Podemos, el Bloque también se suma, Democracia Real Ya!, el tema que surgió del 15 – M, hablando de que el capitalismo está en fase neoliberal,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

hablando de que las privatizaciones son una estafa, hablando de que hay una deuda ilegítima que no fue auditada, que es el típico rollo este de Tsipras de Grecia, de Venezuela, de lo que dice la extrema izquierda y todo eso que, realmente, nos lo acaban de meter a calzador, o sea, hace un *speech* ideológico en lo que parecía ser una persona que nos exponía su problema, y realmente no, fue algo tremendamente partidista, y entonces creemos que no ha estado bien...

Nese momento da intervención do **Sr. Pérez Jácome**, algunhas persoas do público integrantes da Plataforma Stop Desafiuzamentos interrompen o seu discurso, manifestando a súa discrepancia co que está a dicir. O Sr. Presidente pídelles que non interrompan ao señor deputado que está no uso da palabra.

Continúa o **Sr. Pérez Jácome** a súa intervención nos seguintes termos: una cosa es un problema personal, que creemos que debe tener su solución, y otra cosa es que nos de una solución de partidos que ya tienen su representación...

Novamente, o **Sr. Pérez Jácome** é interrompido por unha persoa do público. O Sr. Presidente pide ás persoas do público que non o interrompan, e ao mesmo tempo o Sr. Pérez Jácome diríxese a unha das persoas do público dicíndolle que non o interrompa cando está a facer o seu traballo. O Sr. Presidente pídelles que continúe coa súa intervención.

O **Sr. Pérez Jácome** continúa nos seguintes termos: entonces, este es un poco el tema... no sé que estaba diciendo.

Unha persoa do público dille que iso pasa cando un non ten interese.

Don Gonzalo Pérez Jácome retrúcalle dicindo: iso tamén demostra o educados que sodes e como sodes realmente de demócratas á hora da verdade. Nosotros os dejamos el sitio, no digo nada mientras tú está hablando todo el rato y, sin embargo, cuando hablo yo, interrumpes sin tener el uso de la palabra, fíjate la diferencia entre vosotros y yo y Democracia Ourensana. Respecto a este asunto tengo que decir que hay un tema que demuestra la carga ideológica, que es que cuando nos decía todos los problemas de la gente que está en precario o en exclusión social (y que realmente tiene grandes problemas de pobreza) entonces dicen siempre desde estos partidos (porque realmente lo que nos acaban de decir no es un problema personal, sino la demanda ideológica de un partido; y la demanda personal es totalmente legítima, pero después el *speech* es totalmente ideológico) entonces siempre dicen las alternativas que están mal en ciertos gastos, por ejemplo dicen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

que mientras hay gente que tiene problemas con la luz y problemas para comer, sin embargo se está gastando en esto y en esto y en esto; pero cuando Democracia Ourensana dice, por ejemplo, que no se gaste en el Festival de Cine, aunque es *pecatta minuta*, pero todo suma, y es tirar el dinero, ahí nunca dicen, no, no, no, en el tema de la cultura, aunque haya gente que pase hambre, en el tema de la promoción del folklore cultural, que no tiene nada que ver con la educación, ahí no, ahí siempre votan a favor; pues ahí también se podía utilizar ese discurso, oye, tenéis que estar en contra de la banda de música, que gasta en Ourense 400.000 euros al año, y ese dinero que vaya para la gente que realmente lo necesita porque tienen problemas de luz, no, no, ahí no, ahí quieren banda de música, aunque sólo haya veinticinco espectadores, y que luego los gastos vayan siempre para otros, ahí demuestran la carga ideológica, porque si tú realmente eres una persona que ante todo consideras que es fundamental la vivienda, la comida y la luz, pues entonces eso está antes que cualquier gasto superfluo, pero no, los gastos superfluos escogen ellos dependiendo de cuál sea su colectivo, y como el colectivo de extrema izquierda siempre está con el rollo *cultureta*, ahí no le toques, aunque haya gente con problemas de luz. Eso es lo que no me gusta, porque ahí demuestra una incoherencia, Democracia Ourensana está en contra de todos los gastos superfluos, y es un poco la diferencia. Hablando ya de este tema, decir lo siguiente: este tema es un problema debatirlo aquí porque ya no es un problema propio de Ourense, entonces al no ser ya un problema propio de Ourense ya no tiene mucho sentido, porque para eso ya están los parlamentos, en Santiago y en Madrid y en las distintas comunidades autónomas, y allí se debaten estos temas, hasta el punto de que hace unas semanas en el parlamento español ya se votó sobre este tema, entonces, ¿a qué venimos aquí con esto?, ¿qué sucede, que como la moción ya estaba hecha había que presentarla igual? Entonces, claro, es un poco ridículo que tratemos este tema aquí, donde no tenemos competencias y además hace unas semanas ya han debatido este tema y ya se votó. Aparte de eso hay un tema, que es si en estas mociones, en las que realmente se trata de pedir algo que es bueno, porque realmente a las personas que se quedan atrás hay que ayudarlas siempre, nosotros en DO en nuestro último programa de las elecciones municipales decíamos que había que incrementar la partida social, es decir, nosotros creemos en el liberalismo en cierta medida, pero a los que se quedan atrás hay que ayudarlos, no los vas a dejar tirados; a la gente que, por ejemplo, monta un negocio y le va mal, o al que no tiene

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

trabajo, a esa gente no la podemos dejar tirada, hay que ayudarla, y la pregunta es cómo se ayuda. Y entonces, a veces, se piden cosas, en tres frases, como pasa aquí, que casi darían para un año de trabajo, como cuando se pide “a realización das modificacións lexislativas necesarias para garantir a subministración de enerxía eléctrica ás familias en situación de pobreza”. Pero esto todo es muy relativo, ¿quiénes están en situación de pobreza?, porque a lo mejor una persona que le den 400 euros al mes de RISGA, y otro que tiene trabajo y gana 800 pero tiene dos hijos, está casi peor, entonces esto de aquí es muy relativo, obviamente, claro, hay que ayudar a quien lo necesite, pero esto es muy relativo. Nosotros en estas mociones nos solemos abstener porque son asuntos que no son específicos de Ourense y no tenemos competencias, pero como mucha gente nos acusa de que somos insensibles pues vamos a hacer lo que, una vez, escuché en un debate científico sobre el tema de la gripe, se decía si cuando tienes gripe el tomar miel con leche y un poquito de licor realmente te ayuda, y el consenso médico era muy claro: cuando tienes gripe, tomarte leche con miel y alcohol no te va a hacer daño, ¿te va a curar la gripe?, eso no lo podemos decir, pero daño no te va a hacer. Bueno, pues esto igual, votar a favor de esto no va a hacer daño, pero también es verdad que esto no va a servir para nada, es simplemente un brindis al sol y nada más.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista: grazas, señor presidente, en primeiro lugar quero agradecer a achega que nos fixo a portavoz de Stop Desafiuzamentos, feitos que, algúns deles que nos relatou, para moitos que temos responsabilidade municipal nos atopamos por desgraza moi a miúdo. Vou comezar a miña intervención expresando o noso total convencemento sobre a necesidade de efectuar as modificacións lexislativas necesarias para garantir as subministracións esenciais a familias que están en situación de vulnerabilidade e de pobreza. Din as estatísticas que en Galicia hai 300.000 persoas, un 10 % da poboación, que non poden pagar as súas facturas de luz, e un de cada catro galegos está en risco de exclusión social. O suceso de novembro, no que faleceu unha muller en Reus, nos deu de bruços cunha dura realidade, a da pobreza enerxética, unha pobreza difícil de facer visible, xa que é de portas para dentro. Hai moitas familias que teñen que elixir ben entre pasar fame ou ben pasar frío. A pobreza enerxética é pobreza, sen apelidos nin paliativos, é pobreza. É un dos maiores problemas que teñen as familias hoxe, de feito, se miramos cara atrás, este concepto non existía, hai só cinco ou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

catro anos. Ata o de agora, houbo unha insensibilidade total por parte da Administración do Estado. O Goberno do PP se negou a recoñecer que existía pobreza enerxética, é máis, tódalas iniciativas presentadas na última lexislatura polos grupos foron *tumbadas* no Congreso, e as medidas reguladoras que se impulsaron dende o Goberno multiplicaron o problema. Sen ir máis lonxe, a Lei do Sector Eléctrico de 2013, elaborada polo PP, ao respecto do carácter da enerxía, ven a definila exactamente como unha “actividade económica de interese xeral”, non como un dereito nin como un servizo público. Unha reforma eléctrica que o obxectivo fundamental que nos venderon era que a enerxía fose máis barata en España, o cal, segundo os últimos datos, non foi tal esa baixada, senón máis ben conseguiron todo o contrario, pois coa coartada do déficit tarifario se levaron a cabo políticas claramente privatizadoras, que priorizaron os intereses das grandes eléctricas, fronte aos intereses dos consumidores e medioambientais. Dito isto, grazas ao compromiso do PSOE, para impedir que se produzan curtes na subministración naqueles fogares máis vulnerables afectados pola crise económica e os prezos desproporcionados das tarifas, se acaba nos pasados días un acordo co Goberno do Estado para a modificación da Lei actual. Este acordo se vai traducir nun novo artigo na Lei do Sector Eléctrico no cal figure a prohibición de interrupción da subministración de enerxía eléctrica a ditas familias, e unha reforma estrutural, que introduce, ademais da prohibición do curte da subministración, outras melloras, como o bono social por criterio de rendas ou ingresos, como factor decisivo, cousa que ata agora non era; a ampliación do prazo de preaviso e tamén a ampliación dos tipos de consumidores vulnerables. Está claro que cremos que esta reforma vai ser o principio do fin da pobreza enerxética. Por isto, consideramos que os puntos 1 e 2 da moción do BNG xa se tomaron no acordo de modificación da Lei actual. En relación ao punto 3, de solicitar a creación dunha tarifa eléctrica galega, cuestionamos algunhas posicións xerais e afirmacións que se fan en torno a este tema. É verdade que a produción de enerxía eléctrica en Galicia pasa pola utilización dos nosos recursos naturais, os cales teñen que reverter no tecido industrial e nos consumidores galegos. É verdade que en Galicia hai excedentes de electricidade, pero tampouco tantos como se nos di dende algún sector. Pero hai tres conceptos que debemos ter claros. O sistema eléctrico está dividido en tres partes: xeración, que é unha actividade libre, distribución, que é unha actividade regulada, e comercializadoras. Cremos que no tema do custe do transporte é perfectamente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

asumible a redución da tarifa, xa que a enerxía no transporte pérdese, e pagámola todos e todas solidariamente. Pero non bastaría coa creación dunha tarifa eléctrica galega, xa que hai que entender que o sistema tarifario estaríase aplicando ás comercializadoras, e na actualidade existen empresas de xeración que comercializan un escaso 0,5 % en Galicia. É dicir, empresas que teñen produción en Galicia pero que con esta tarifa que se propoñen non lles afectaría para nada. O correcto neste caso sería falar dun canon aplicable desde a Xunta de Galicia, que é quen pode ter as competencias. Pero tamén podemos aplicar dende a Deputación, nas instalacións que discorren polas súas estradas, que tamén poden ter competencias. Polo cal, ímonos abster na moción do BNG. Moitas grazas.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas, señor presidente. Entendo, agás que non me decatase ben, que a primeira quenda no uso da palabra lla cedemos ao colectivo que interveu. Quixen entender iso. Eu, de tódolos xeitos, así o vou facer. E dito isto, dadas as circunstancias non vou entrar no contido da moción, nin sequera en consideracións de algún tipo, que xa se dixo aquí, porque o punto da orde do día é o que é, non é ningún outro. Estamos a falar, iso si, dun grave problema, que afecta a moitas familias, desgraciadamente. Nós temos a ineludible obriga de buscar solucións eficaces e rápidas, non de oportunismos políticos. Brevemente, permítame que, por aclararnos a nós mesmos, e eu cando preparei un pouco isto servíume para saber de qué ia o asunto, e creo que a cidadanía debe saber tamén de que vai. Xa fixo referencia a Sra. Rodríguez, aínda que se bota para si ou para o seu partido, volvemos aos localismos políticos. Pois ben, a pasada semana. Sra. Rodríguez Rodríguez, un grande acordo parlamentario entre o PP e o PSOE, non só o PSOE, os dous, nin máis nin menos, nin menos nin máis, permitiu a reforma da Lei do Sector Eléctrico para impedir que se produzan cortes da subministración ás familias que se atopan en situación de vulnerabilidade. Por certo, e lle dou dato tamén que vostede non quixo dar, o alcalde de Vigo e presidente da FEMP, don Abel Caballero, celebrou a postura e o talante negociador do ministro Álvaro Nadal, que polo que eu sei pertence ao mesmo grupo ca min, ou eu ao del. Segundo o asinado, e así o reflicte o Real Decreto – Lei 7/2016, publicado no BOE o pasado día 24 deste mes, non poderá suspenderse a subministración eléctrica aos consumidores que se atopan na citada situación ou que estean sendo atendidos polos servizos sociais das administracións públicas competentes. O di claramente. O sistema

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

establece que cando unha comercializadora eléctrica reciba un impago, esta debe avisar necesariamente ao usuario do impago e ofrecerlle catro meses de espera (por certo, que este prazo se amplía dende os dous meses ata os catro) desde que se lle notifica ata antes de propoñerse o curte da subministracións. Durante este tempo, a comercializadora debe poñerse en contacto cos servizos sociais da Comunidade Autónoma para que diagnostiquen a vulnerabilidade do consumidor, e se é así, o bono social cofinanciará a atención ás necesidades destas persoas. Deste xeito, unha parte, como ata agora, pagarana as CC.AA. e os concellos, e outra as propias empresas comercializadoras. Polo tanto, o Real Decreto – Lei vai encamiñado a establecer un sistema ben definido de loita contra a pobreza enerxética e a mellorar as prácticas das comercializadoras, dous obxectivos que cremos, á marxe de discrepancias políticas, Sra. Rodríguez Rodríguez, que estaremos de acordo nos mesmos, e por certo, os seus representantes en Madrid así o fixeron, e os nosos, e que sigan facendo máis, que falta nos fai. E logo eu pois so lle faría unha pequena apostila: non deixe de ser sorprendente que fale vostede e que culpe ao PP de certas consecuencias relativas á pobreza enerxética, porque mire (doulle un dato breve, que non quero entrar en debate porque dixen que non ía facelo): nas dúas lexislaturas anteriores en mans socialistas, por certo, incrementáronse as tarifas eléctricas nada menos que nun 63 %. Esta desacertada política, xa o dixemos aquí en máis ocasións, deixou un déficit de tarifa de máis de 30.000 millóns de euros. E dito isto, e sen entrar en máis consideracións, que así o prometín e así o vou cumprir, dou lectura á proposta de acordo da nosa emenda de substitución que presentamos respecto á moción do BNG, na que se di o seguinte: *A Deputación de Ourense amosa o seu máis firme apoio os acordos adoptados a nivel estatal polo Congreso dos Deputados, así como tamén á iniciativa da FEGAMP (por certo, Sr. Rodríguez Suárez e Sra. Rodríguez Rrodríguez, aprobado por unanimidade dos seus representantes, de todos, no seo da FEGAMP) para a protección das persoas e familias en situación de pobreza*

O **Sr. Presidente** cede a palabra ao portavoz do Grupo do BNG, para unha breve intervención de peche do debate, como autor da moción. Os portavoces do BNG e DO solicitan que se conceda unha segunda quenda de intervención. O Sr. Presidente di que a primeira quenda do BNG era de oito minutos e que a representante da plataforma Stop Desafiuzamentos falou durante vinte e seis minutos, pero en todo caso, e se os portavoces

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

están de acordo, abrírase unha segunda quenda de catro minutos. Ante o asentimento dos portavoces, o Sr. Presidente abre unha segunda quenda, na que se producen as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente. Simplemente, para centrar o discurso, dicir que sempre me admira a crítica que se fai neste caso polo portavoz de DO tentando criticar un tema tachándoo como un tema ideolóxico; evidentemente é un tema ideolóxico, e aquí hai un enfrontamento ideolóxico entre dúas posturas moi claras: unhas, que son as que defenden que as eléctricas teñan uns beneficios inmensos a custa dunha maioría social que os ten que pagar e os está sufrindo nas propias carnes, como é este caso do colectivo que nos explicou hoxe, nun contexto máis amplo, que creo que foi interesante incluso, para ver que é o que nos trouxo a esta situación á que se refire esta moción en concreto que nós presentamos para este Pleno. Para centrar o meu discurso, simplemente, lembrar cales eran os acordos que nós solicitabamos, que eran os seguintes: *1º) Instar á Xunta de Galicia a realizar as modificacións legislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos. B) Instar ao Goberno do Estado a regular a prohibición taxativa de corte de subministro unilateral por parte das empresas subministradoras de servizos esenciais, particularmente os de enerxía, ás familias, precisándose en todo caso a autorización da administración competente para evitar os cortes a persoas e familias sen recursos. 3º) Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas, e que nós consideramos que sería un factor diferencial no noso país, á hora de promover economicamente a creación de postos de traballo e a creación de riqueza. En canto á emenda que nos presenta o PP, pois lamentándoo moito imos ter que votar en contra, e vou explicar por qué. É un pacto PP – PSOE ao que logo se sumou Cidadáns, pendente de que se fixe claramente, se regule o concepto de familia ou persoa vulnerable. Por tanto, non é certo que no Congreso se aprobara xa unha reforma da Lei do Sector Eléctrico, manifestouse a vontade de acometer*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

esa reforma, máis aínda se adía a concreción en aspectos importantes. Non hai letra pequena, que neste caso é moi importante, senón intencións, das que non dubidamos, pero se houbera vontade real xa estaría definido con clareza a quen afecta esta lei e PP e PSOE non o fixeron aínda, co que non pode falarse de que haxa unha legalidade vixente que a día de hoxe xa sexa aplicable a familias en emerxencia social, como da a entender a primeira parte da moción. E con respecto ao que di da FEGAMP, hai unha proposta de traballo, máis en todo caso é unha ferramenta útil dentro das competencias que ten a FEGAMP, máis non é a solución definitiva dado que depende da vontade de subscribila as compañías enerxéticas. Nós pedimos que se converta en obrigatorio para estas compañías a través das reformas legais oportunas, e o acordo da FEGAMP non pode ter esa forza normativa, é positivo máis non cubre totalmente as demandas da moción. Por outra banda, tampouco a día de hoxe podemos darnos por satisfeitos por un pacto político onde hai intencións declaradas mais o realmente relevante e que se houbera unha concreción legal, onde se plasmen mecanismos reais para evitar sempre os curtes de luz ás persoas e familias en situación de pobreza. E, para rematar, dicir que diante dunha situación como esta, pola que teñen morto persoas, non se pode un pór de perfil co pretexto de que non é unha competencia propia, pois estamos a falar de xustiza e solidariedade, e iso sexa cal sexa o marco de referencia, é sempre unha cuestión que non podemos, nin debemos, esquivar. O estudo do fenómeno da pobreza enerxética é relativamente novo no Estado Español. De feito, só existe un gran estudo estatal que cada dous anos realiza a Asociación de Ciencias Ambientais e que xa vai pola súa terceira edición. A última, de abril deste ano, revelaba que un de cada cinco españois estaba en risco de ser pobre enerxético, un incremento do 22% con respecto ao estudo anterior. Pero, ¿que é un fogar en pobreza enerxética? Segundo a ACA, é "a incapacidade dun fogar de satisfacer unha cantidade mínima de servizos da enerxía para as súas necesidades básicas, como manter a vivenda nunhas condicións de climatización adecuadas para a saúde, segundo os criterios da Organización Mundial da Saúde. Pero medir esa incapacidade é un dos retos aos que se enfronta este fenómeno. Non poder pagar os recibos dos suministros básicos só é unha cara máis da pobreza que sofren as familias máis afectadas e empobrecidas pola crise económica. Nada máis, Moitas grazas.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO: no, simplemente para decir que nos habían dicho que alguien del público iba a hablar y pensábamos que se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

trataba de un problema personal, y que esa iba a ser la línea en que se iba. Si después empieza a hablar de temas tipo Democracia Real, el 15 – M, de fases neoliberales, entonces se hace un discurso ideológico, un discurso de partido, entonces no es alguien del público, como un espontáneo que viene a contarnos su problema personal, entonces ya es algo totalmente de partido, es una forma un poco de ampliar la portavocía, aquí tenemos una persona del Bloque, un representante del Bloque, y lo que realmente hace es ampliar esa historia, porque no es alguien del público, es realmente alguien con un discurso de partido. Decir simplemente que el hecho de estar indignado no significa tener razón, el estar indignado no es un argumento, el tener una situación precaria no es un argumento, y lo que sí, obviamente, hay que solucionar, son esos problemas que estas personas exponen, pero la persona indignada no tiene por qué tener razón en la solución que da. No queremos que nos malinterpreten todo esto porque, efectivamente, vamos a votar a favor porque daño no va a hacer, si bien es cierto que las medidas que se piden en este acuerdo son digamos un poco vagas e imprecisas, al referirse a que hay que ayudar a personas en situación de pobreza y habría mucho que especificar porque, no sé, imaginemos que se prohíben en España los desahucios y los cortes de luz, hay que suministrar a la gente obviamente alimentos, e imaginemos que se suministrasen todos los servicios básicos, obviamente nosotros estamos a favor de no dejar a nadie tirado pero hay que tener cuidado que no se produzca, no ya sólo un efecto llamada hacia el extranjero, que la gente pueda pensar que España es Jauja porque no te cortan la luz, y hay luz gratis, vivienda gratis, comida gratis y sanidad gratis, entonces hay que matizar lo que es ayudar a la gente y que nadie se quede tirado con lo que sería crear un Estado de *happy flower*, vivir en los mundos de Yupi. A pesar de decir todo esto, quiero que quede clara nuestra postura en este asunto, nosotros creemos en ciertas ventajas del liberalismo porque la competencia saca lo mejor de las personas, ya saben lo que se dice, que el hambre es lo que más estimula la invención, no por ello queremos que la gente pase hambre, pero es un modo de decir que cuando la gente está en situación de necesidad es donde uno saca lo mejor de sí mismo, cuando estás en situación de necesidad...

Nese momento, algunhas persoas do público increpan ao Sr. Pérez Jácome, criticando o que está a dicir. O **Sr. Presidente** pídelles que non interrompan a súa intervención. O **Sr. Pérez Jácome** di que isto demostra o carácter democrático destas persoas, como cando vai a xente de Podemos a reventar conferencias, e solicita ao Sr.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Presidente que desaloxe a esas persoas, que ante as palabras do Sr. Pérez Jácome continúa a manifestar a súa protesta e desconformidade. O Sr. Presidente reitera varias veces a súa petición ás persoas do público que están intervindo para que manteñan a orde e deixen intervir ao señor deputado.

Don Gonzalo Pérez Jácome reanuda a súa intervención, nos seguintes termos: vuelvo a repetir las palabras: cuando una persona está en situación de necesidad saca lo mejor de sí para ser competitivo, para nada estoy diciendo que la gente deba pasar hambre o que la gente que ha tenido un grave problema y se queda en situación de necesidad eso sea bueno para que inventen; estoy realmente diciendo que si tú tienes una empresa en la que eres el número uno no discurre tanto como si realmente eres el número cuatro o cinco o estás a punto de entrar en bancarrota, es decir, muchas de las grandes ideas nacen de la necesidad, con ello no quiero decir que la gente deba pasar situaciones de necesidad, hay que ser muy retorcido...

Novamente, algunhas persoas do público manifestan en voz alta a súa desconformidade coas palabras do Sr. Pérez Jácome. O **Sr. Presidente** prégalles que garden silencio e manteñan a orde.

O **Sr. Pérez Jácome** diríxese ao Sr. Presidente, e dille que cando foi o asunto do hotel Francisco II non deixou entrar á xente no salón de plenos para que non o atacaran, e que agora que o están atacando a el non fai nada.

O **Sr. Presidente** dille que prosiga coa súa intervención.

O **Sr. Pérez Jácome** pide ao Sr. Presidente que explique por qué ten dúas varas de medir.

O **Sr. Presidente** insiste en pedirlle que prosiga coa súa intervención.

O **Sr. Pérez Jácome** di que como vai proseguir, se non lle deixan intervir.

O **Sr. Presidente** di que nese caso rematou a súa intervención, e que ten a palabra a portavoz do Grupo Socialista.

O **Sr. Pérez Jácome** protesta, cualificando ao Sr. Presidente de “antidemócrata” e “sinvergüenza”, engadindo que non lle estraña que lle pasen as cousas que lle pasan.

A sesión continúa coas seguintes intervencións:

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista: eu só vou dicir dous datos, eu estou a favor da modificación, que parece que se quixo dar a entender

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

que non, outra cousa é que non estea de acordo coas políticas que se levaron por parte do Partido Popular. Este tipo de medidas que se aprobaron o outro día xa se presentaran no Congreso, e foran *tumbadas* pola maioría do PP. Teño que dicir outra cousa, que é que a Lei do Sector Eléctrico é do ano 2013, non aprobada polo PSOE. Tamén teño que destacar que cando o Goberno central pediu estes días o apoio ao PSOE para reformar a Lei, sabendo que o Goberno estaba apremado porque antes do día 31 tiña a necesidade de reformar a Lei, por estar obrigado por unha sentenza do Tribunal Supremo sobre o reparto do custo do bono social, duns 200 millóns de euros entre as compañías eléctricas, o que puxo enriba da mesa o PSOE foi que o primeiro que se tiña que facer para poder reformar a lei era impedir os cortes de luz a familias en situación de pobreza. Nada máis.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: brevemente, Sr. Presidente, vistas as *triquiñuelas* do BNG (e vou falar dende o espírito de nadal que me impuxen dende o principio da sesión) apelo ao Sr. Presidente porque creo que isto hai que regulalo, isto distorsiona o debate e isto non pode ser, eu mantiven a miña palabra de que a miña primeira quenda a cedía para uso dun colectivo, e así o fixen, e o colectivo é para falar dos seus problemas e non en nome de ninguén, nin meu, nin seu, nin de ninguén, e independentemente das simpatías, que as temos todos, incluso no fútbol. E digo isto porque vostede, habilmente, utilizou a súa quenda para falar da moción, e agora volverá a utilizala outra vez, entón isto non pode ser. Sr. Rodríguez Suárez, e por iso apelo ao Sr. Presidente, porque isto hai que cambialo xa, inmediatamente. Podería falar da tarifa eléctrica e de moitas cousas que vostede puxo na moción, dixeron que non o ía facer, e non o vou facer por respecto, o que vostede non tivo. Unicamente dicirlle que o de non aprobar o que o seu grupo aproba na FEGAMP, pois terá que llo explicar vostede aos cidadáns, pero vostedes, ao sacalos do guión, como din no meu pobo, patexan. Moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente. Simplemente aclarar, o que está explicando agora o portavoz do Grupo Popular é algo que nós levamos reivindicado historicamente dende hai moitos anos, a última vez, cando se abordou a modificación do Regulamento desta casa. Nós estamos pedindo un mecanismo para que as intervencións dos colectivos sexan en nome propio e non ter que acudir a este mecanismo, por chamalo dalgún xeito, no que un grupo, neste caso nós, lle cedamos a nosa quenda. En todo caso, non vou ser eu, nin vai ser o BNG, o que lle poña

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

unha mordaza a ningún grupo nin un guiión prescrito do que ten que dicir ou do que non ten que dicir. Eu, na miña intervención, e aí si, falando en nome propio e do BNG, dediqueime a defender a nosa moción, e creo que iso non é ningunha falla de respecto nin *triquiñuela* de ningunha clase. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6.](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8).

Como consecuencia das votacións anteriores, o Pleno adopta o seguinte acordo:

A Deputación de Ourense amosa o seu máis firme apoio os acordos adoptados a nivel estatal polo Congreso dos Deputados, así como tamén á iniciativa da FEGAMP para a protección das persoas e familias en situación de pobreza enerxética.

7º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente. Vou pasa a ler a exposición de motivos da moción e as propostas de acordo que presentamos sobre un tema que xa é reiterado e no que temos presentado iniciativas en máis ocasións: *“Dende hai anos a Plataforma SOS Ourense, ven denunciando a situación que se produce a cotío, e nalgúns días con moito máis intensidade, na atención aos pacientes que acoden ao Servizo de Urgencias do Hospital de Ourense. Nas últimas semanas as denuncias de traballadores e usuarios teñen sido unha constante e a resposta por parte dos administradores da Sanidade Pública de Ourense, ten sido de novo o “negar a maior”, pero as cousas son tan evidentes que por moita insistencia e comunicado de prensa que se envíe aos medios, a cidadanía coñece moi ben o que acontece nese servizo. Consideramos*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

que os feitos acadan niveis de moita gravidade e polo tanto pódese estar atentando contra os dereitos básicos das persoas que precisan atención sanitaria. Entendemos que agardar unha media de entre sete ou nove horas para ser atendido, non é razoable. Entendemos que permanecer agardando por unha cama en salas onde os pacientes, están amoreados, ou en corredores onde os profesionais traballan en condicións técnicas e laborais moi precarias, onde non se pode respectar a intimidade, etcétera. non se corresponde cun hospital do século XXI e que pretende “publicitarse”, como pioneiro en “tecnoloxías punta” de Europa. Non se trata de fomentar alarmismos, nin de desprestixiar á sanidade pública, pois xa se encargan @s xestores de facelo cada día, os que levan anos tentando metelo nunha deriva de recortes, de falla de investimentos, de privatizacións, etcétera, de tal maneira que parece que están a traballar para que os usuarios se busquen camiños alternativos de atención, mediante a contratación de seguros privados ou pólizas con hospitais e centros sanitarios fóra do sistema público, xa que cando precisan atención, o sistema público, cáusalles desconfianza, maltrato e ineficiencia, provocando sensacións de inseguridade e falla de calidade. Son @s que xestionan a sanidade pública os que pechan camas, reducen persoal, non invisten na atención primaria, non se potencia a capacidade resolutiva da urxencia nos PAC’s, non se desenvolve a atención domiciliaria, descapitalizan a lei de dependencia, non invisten na mellora de infraestruturas, continuando con infraestruturas moi obsoletas, etcétera. O orzamento sanitario reduciuse en Galiza un 18% suprimíndose preto de 1.800 postos de traballo na sanidade pública, dos que 500 corresponden a médicos, o que se traduce nunha notable perda da calidade asistencial. Baixáronse salarios, aumentáronse horas de traballo e endurecéronse as condicións de traballo. Así mesmo, a falta de cobertura de profesionais nos centros de saúde, ocasiona demoras de máis dunha semana na atención primaria. En tanto ocorre todo isto, auméntanse as derivacións aos centros privados concertados cun claro obxectivo de converter a saúde das galegas nun negocio lucrativo. E para pechar o círculo, fixéronse reformas constitucionais, como a do artigo 135 da Constitución para que o pago da débeda estea sempre por riba das necesidades da cidadanía. Todo isto ao abeiro dunha lexislación que permite a privatización do sistema sanitario público que cómpre reformar para garantir unha sanidade pública, universal, gratuíta no momento da prestación e de calidade, e evitar así que no futuro que a especulación e o beneficio condicionen a saúde

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

das galegas. Por todo o anterior exposto, o grupo do BNG solicita do pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º.- Rexeitar o peche de camas nos hospitais galegos, singularmente no Complexo Hospitalario de Ourense, instando á Xunta de Galiza a poñer todos os recursos dispoñibles para atender as necesidades das persoas doentes. 2º.- Instar á Xunta de Galiza a contratar persoal sanitario ata cubrir as necesidades reais das persoas doentes e que se realice nunhas condicións dignas para que a atención sanitaria sexa da máxima calidade. 3º.- Solicitar o cese inmediato da xerente do CHUOU, pola súa incompetencia". De momento nada máis, moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO: sí, gracias. Bueno, antes de nada decirle al del Bloque que no es el punto tres, es el punto cuatro, falta el tres.

Don Ramiro Rodríguez Suárez: sí, falta o tres.

Don Gonzalo Pérez Jácome: no, es que pone uno, dos y cuatro, es para que sea par. Bueno, simplemente para decir que antes el presidente de la Diputación me quitó la palabra a mí, que soy un representante elegido por el pueblo, y sin embargo se le permitía a los que estaban en el público que me estaban interrumpiendo, o sea que realmente al que está hablando le quita la palabra y deja a hablar a los otros que están en el público, vaya sentido de la democracia que tiene, para alucinar. Simplemente decir, que antes me quedó por decirlo, que nosotros creemos en ciertas ventajas que tiene el liberalismo y en otras obviamente no estamos a favor, de hecho DO, que mucha gente nos achaca ser un partido neoliberal, creemos en la nacionalización de las eléctricas, porque es intolerable que nuestros ríos, nuestros recursos, aparezca una empresa, monten allí una presa y pongan la mano y a recaudar, oye, mira, para eso no hace falta el liberalismo, para eso no hacen falta los liberales, para eso ya lo hace el Estado, entonces nosotros no estamos a favor de que las empresas eléctricas exploten nuestros ríos y se queden con los beneficios, no, eso tiene que ser el Estado, porque son nuestros recursos; otra cosa es que Iberdrola o Fenosa inventaran la electricidad, pero que yo sepa ellos no la descubrieron, entonces, ¿cómo se van a llevar todo el pastel que se están llevando? Dicho esto, nada más. Sobre el tema este de la sanidad, pues es un poco la misma historia, no hace ningún daño pedir que se mejore la sanidad aunque no es competencia de la Diputación. Sin embargo, en esta no podemos votar a favor porque en el punto 3 ponen solicitar el cese inmediato de la gerente del

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

CHUOU, aquí ya están metiendo la patita ideológica del Bloque, reivindicando su historia, entonces esto de aquí realmente *escaralla* la moción, porque la moción puede decir que Ourense está muy mal, tiene necesidades, hacen falta más camas, más personal para atender los hospitales, y podemos estar todos de acuerdo, pero cuando piden echar a la Gerente del CHUOU por incompetente, ya es un rollo claramente ideológico porque es del PP, entonces aquí acaban de *escarallar* el espíritu de reclamar que la sanidad mejore en Ourense, es claramente un rollo partidista, entonces aquí no podemos votar a favor, al margen de que pensemos o no que sea una incompetente o no, pero es que cambia totalmente lo que es el espíritu de una moción donde realmente no tenemos competencias, en la que se trata de demandar, claro, demandar que mejore la sanidad en Ourense está bien, pero pedir la dimisión de una gerente por incompetente pues, no sé, tendríamos que hacer una moción sólo para eso, para ver si es incompetente o no, pero no meter eso de relleno, que es claramente electoralista.

Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, Sr. Presidente, bos días a todos e a todas. É de coñecemento de todos que, a raíz da crise económica, os recortes na sanidade pública están aí e nótanse: a perda do 30 % do salario dos empregados do SERGAS, a conxelacións salarial, a conxelación da carreira profesional, a paralización do plan de mellora en atención primaria e o plan de mellora nas condicións de traballo e retributivas das urxencias de hospital. É a isto ao que me vou referir, porque é algo importante aquí na nosa provincia de Ourense. Vou explicar un pouquiño como funcionaban as urxencias hospitalarias, anteriormente había dúas urxencias, no Hospital Santa María Nai e no Cristal – Piñor, había dobre persoal e dobre espazo para atender as urxencias. A atención aos doentes resolvíase dunha maneira distinta a como funcionan actualmente as urxencias no CHUOU, e a atención aos doentes podía resolverse en alta hospitalaria e o doente marchaba para casa, ou o ingreso en planta. Despois da fusión das urxencias destes dous hospitais, cambio o servizo de urxencias: produciuse unha fusión, recortándose o persoal e con menos espazo, e aumentaron as funcións e a responsabilidade porque funciona doutra maneira, porque hai ingresos hospitalarios en urxencias, cando antes pasaban directamente a planta. Entón, un doente entra no servizo de urxencias e faise un triaxe por dous sanitarios, clasifícanse en vermello, laranxa, amarelo e verde, e conforme a esta triaxe, o roxo é atención inmediata, o laranxa é atención en dez

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

minutos, a amarelo aproximadamente unha hora e o verde aproximadamente en dúas horas. Se os doentes que van entrando en urxencias son máis de roxo e laranxa, por os últimos verdes e amarelos retárdanse na súa atención porque son procesos máis banais, aínda que nalgún momento se puideran converter en urxentes. Dúas persoas na triaxe clasificando aos doentes por orde de atención segundo a gravidade do proceso ou a súa importancia vital, catro médicos e outros catro enfermeiros e outros catro auxiliares para atender os boxes, hai vinte boxes, nos que os doentes son atendidos pola orde da triaxe. Unha vez atendidos pasan a unha sala de TE, sala de tratamento que tamén é unha sala de espera de resultado de probas, e que está pendente da evolución dos tratamentos para ver se é alta ou ingreso, e esta atención é prestada por catro médicos, catro enfermeiras e catro auxiliares. A sala de tratamentos está dotada para vinte e sete doentes aproximadamente, onde están atendidos por dúas enfermeiras, quince doentes por enfermeira, e son re - avaliados polos catro médicos que están atendendo as urxencias segundo a triaxe tamén. Despois aparecen xa os ingresos ou as altas dependendo da re – avaliación dos doentes, os ingresos pasan á sala de observación, que consta de dezaioito camas, seis delas monitorizadas para arritmias, atendidas por un médico, unha enfermeira e un auxiliar; e despois hai outra sala, a sala B, que é a sala de alta resolución, atendida tamén por un médico, unha enfermeira e un auxiliar, con dez camas de alta resolución para doentes que se supón que van resolver o seu problema en catro días. Co que estamos falando de que oito médicos atenden unha media en vinte e catro horas de douscentos cincuenta a trescentos pacientes, onde de trinta a corenta son ingresados, e realmente é un traballo demasiado importante, demasiado responsable e que non se pode realmente resolver en óptimas condicións, nin para os propios doentes nin para os propios médicos e profesionais sanitarios que traballan alí, posto que teñen que resolver a costa da súa saúde todos estes temas, douscentos doentes atendidos, sala de tratamento vinte e sete, sala de observación dezaioito camas, e sala de alta resolución con dez camas, estamos falando de oito médicos, señores deputados e señoras deputadas, que están tratando todos estes temas, e polo tanto, isto non pode seguir así. Eu sei que a señora xerente do CHUOU, do eixo Ourense – Verín – O Barco, pode resolver este tema, e este tema é un tema acuciante que necesita xa un aumento de recursos humanos, de forma inminente. Non se pode maltratar a saúde dos profesionais sanitarios nin tampouco poñer en perigo a saúde dos nosos doentes, é dicir, vinte e sete camas,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

aproximadamente trinta ingresos, máis douscentos pacientes que van ser atendidos; evidentemente, como dicía o señor do BNG, os verdes van esperar tempo porque a medida que se van prolongando os acontecementos e as patoloxías, que estamos falando dunha poboación totalmente envellecida e con pacientes con múltiples patoloxías, pois vaixe atrancando o tempo e ocupando os espazos. Polo tanto, eu pediríalle á señora xerente do CHUOU que de forma inmediata solucións este problema acuciante poñendo máis medios de recursos humanos, máis médicos, máis sanitarios. Falariamos máis tarde do espazo que é un tema que tamén é importante, pero o tema dos recursos humanos é prioritario e perentorio. Moitas grazas.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas, presidente, moi bo día, distinguidas señoras e señores e todos os que nos acompañan neste salón de plenos. A verdade, Sr. Rodríguez Suárez, é que os seus relatorios argumentais volven a ser manidos por repetidos: negar a maior por parte dos administradores, moita gravidade, agradando camas horas, recortes, tamén a Sra. Gil fala dos recortes, falla de investimentos (despois xa miraremos isto) peche de camas, redución de persoal, non invisten en atención primaria, o orzamento en Galicia reduciuse o 18 %, (manda truco, xa o explicaremos despois) privatización do sistema sanitario, aquí quería pararme. Dende que teño uso de razón sanitaria, e xa son moitos anos, están que o Partido Popular está privatizando a sanidade; moito lle debe custar esta batalla ao PP, porque hoxe segue sendo pública ao 100 %, por tanto esta batalla si que non a ganou o PP, levan anos con que se privatiza o PP; por certo, cando o bipartito gobernou Galicia, os concertados dicían que era cando ganaban máis, ingresaban máis. Ou sexa: non se coordinan ben as palabras cos feitos. Polo tanto, non hai nada orixinal nos argumentos para as queixas. A Sra. Gil explica a triaxe, nos deu unha lección de triaxe, e a verdade é que eu xa o tiña un pouco esquecido, tampouco sei se é así, conforme o di, pero tamén non só nos fala dos doentes, que é o que nos interesa a todos, di que os profesionais gana un 30 % menos, ben, acordouse dos profesionais tamén, pero os que nos deben interesar son os pacientes. En calquera caso, eu o que lles vou a explicar van ser os argumentos que o Sr. Conselleiro de Sanidade, hai dezasete días exactamente no Parlamento de Galicia, explicou ante preguntas dun grupo da oposición, e hai corenta e oito horas tamén o explicou. E o explica do seguinte xeito, que eu puiden constatar e constato, que é que o Complexo Hospitalario

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Universitario de Ourense, en diante o CHUOU, ten operativas o 100 % das súas camas, Sr. Rodríguez Suárez, o 100 %. E pódolle dicir, que tamén o dixo onte o conselleiro, que o CHUOU ten plena capacidade de ingreso, e tanto o ingreso como o servizo ou unidade de pacientes que deben ser hospitalizados responde soamente a criterios facultativos, como non pode ser doutro xeito. No caso do CHUOU debe terse en conta, de momento, que as súas camas de hospitalización, teñen unha peculiaridade, e aténdanme ben porque seica hai un erro moi grande cando empezaron a botar críticas, despois se deron conta: “non, hai aglomeración, hai amoreamento do edificio do Cristal, e están as camas do CHUOU alí sen ninguén”. Non, non é así. Vostedes saben que o edificio do Cristal e o do Santa María Nai, que están a unha distancia entre douscentos e trescentos metros, os pacientes, inda que haxa camas do Nai, non todos poden ir ao Nai, porque hai servizos esenciais do Cristal, como é reanimación, como é a unidade de coidados intensivos, como é cardioloxía, como é hemodinámica, que non poden ir e deixar eses servizos esenciais para ir ao edificio do Nai. Esta particularidade verase resolta cando nun par de meses, segundo di o conselleiro, o edificio de hospitalización do novo hospital estea funcionando, que xa están as obras en fase final. E aínda máis: pódolle dicir tamén que a redución de persoal, e voulle dar datos, non é así. A dotación de persoal, tanto facultativo, como de enfermería, como auxiliar, como de todo tipo do servizo de urxencias está axeitada aos estándares que marca a Sociedad Española de Medicina de Urgencias e o propio Ministerio no documento, apunte, apunte, Sra. Gil, porque vostede sabe manexar moi ben internet e voulle dicir onde está: unidade de urxencias hospitalarias, estándares e recomendacións, aí vaille dar se o persoal do servizo de urxencias do CHUOU se corresponde cos estándares que marca a lexislación vixente. É máis, o servizo de urxencias do CHUOU o ano pasado atendeu 69.000 urxencias ao ano, que ven a ser unha media de 190 urxencias ao día, con picos, claro, de 256 urxencias por día, o pico máximo, e 155 as urxencias mínimas. Pero mire, apunte tamén, e vostede tamén, Sr. Rodríguez Suárez, que é o autor da moción: o servizo de urxencias do CHUOU, ¿vostede a que non sabe de cántos médicos consta?

Dona Isabel Gil Álvarez: trinta e catro

Don Rosendo L. Fernández Fernández: trinta e catro, si, enfermeiros, corenta e cinco, trinta e oito auxiliares de enfermería, trinta e oito celadores, catorce administrativos, perfectamente dotado segundo os estándares, é máis, pódolle dicir, que o ratio de internistas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

por paciente no CHUOU é o máis alto de Galicia, non concordan os seus datos. Voulle dicir: trinta internistas no cadro de persoal, que son os mesmos que ten o CHUS, o hospital de Santiago con máis pacientes, e dous máis que no CHUVI en Vigo. Polo tanto, con estes datos, me parece que se lle vai abaixo o tema de que hai falla de persoal, cando temos internistas e cando temos médicos que se corresponden coas urxencias que lle estou dando, que son 69.000 as que hai que atender de media ao ano. Pero aínda máis: Sr. Rodríguez Suárez, se vostede lera as fontes oficiais do Ministerio de Facenda, que non ten por que darlle a Galicia unha mellor valoración que ao resto das CC.AA., di o seguinte: o servizo sanitario absorbe xa 4 de cada 10 euros de todo o gasto da Xunta, isto é, o 40 % do gasto da Xunta vai para sanidade. A partida creceu un 7 % no 2015, no 2012 se levaba 3 de cada 10 euros. Galicia é unha das rexións con máis peso da saúde das CC.AA., polo tanto, Sr. Rodríguez Suárez, ¿e que o Ministerio de Facenda está falando ben de Galicia por falar ben? Polo tanto, qué quere que lle diga, pois de recortes, falla de investimentos e privatización, que é o groso do que vostede se queixa aquí, que é unha queixa manida por repetida, levan anos e sempre son as mesmas, neso non son nada orixinais, me parece que non se da sustido. Por agora, nada máis, e moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente, ben, gustaríame preguntarlle e que me explicara entón como se explica que pecharan unha planta do Nai hai poucos días, ou como se explica que o novo hospital vai reducir o número de camas a respecto do que hai hoxe, logo de escoitar os seus datos. O dato que nos da do aparente incremento do gasto sanitario que nos traslada o Ministerio non implica necesariamente un aumento da calidade asistencial, e iso é o que a práctica nos está explicando, e a práctica é o que viven os cidadáns e cidadás de Galicia e Ourense, día a día. Estas políticas que vostedes están aplicando non son inocuas e están tendo consecuencias gravísimas para as usuarias e usuarios. Nestes momentos hai dous altos cargos do SERGAS que están a ser investigados pola súa xestión nos tratamentos da hepatitis C. Persoas que van ser xulgadas pola comisión de un presunto delito de prevaricación e outro de homicidio imprudente. ¿E cal foi a resposta do goberno diante dun auto da Audiencia Provincial, que ratifica outro do xuíz de instrución? Botar balóns fora e acusar aos médicos de insidias. Os recortes matan, claro que matan, porque en moitos casos acurtan a vida das persoas, ao non poder operar aos pacientes cando o precisan, ou a poñen en risco por falta de persoal

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

cualificado; senón que lle pregunten aos veciños e veciñas da comarca de Verín, que están a denunciar a situación na que se atopa o servizo de Xinecoloxía e Obstetricia do Hospital, que carece un especialista en neonatos e o único pediatra que existe, próximo xa á súa xubilación, atópase desbordado. A especial vulnerabilidade dos recentemente nados e a importancia dos primeiros momentos de vida para evitar futuras complicacións antóllanse primordiais. É claro o obxectivo deste goberno da Xunta de Galiza de deixar unha sanidade pública esnaquizada en mans das multinacionais que son as que pretenden manexar os nosos recursos, tanto económicos como asistenciais, e obter substanciosos beneficios a costa da saúde dos cidadáns. Algún día terán que explicar a cambio de qué se fixeron estas concesións. E efectivamente, a nosa moción é reiterada, repetitiva, porque a situación, lonxe de mellorar, pois cada vez, dende o noso punto de vista, empeora; non nos parece un dato alarmista, senón un dato alarmante en todo caso. Ao respecto do que nós pediamos na nosa moción, e aclarando o punto 3, mal redactado como 4, ao portavoz de DO, a xustificación desa petición de dimisión, en todo caso entendemos que quen durante tantos anos formou parte do problema non vai poder formar parte da solución. De momento nada máis, moitas grazas.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO: nada, levamos debatendo tres mocións, unha do AVE, outra das eléctrica e outra da sanidade, de calquera cousa menos de Ourense, isto parece, carallo, un bar, ou un *think tank* (se non sabedes o que é volo di o Sr. Baltar, que sabe moito inglés). O sea, aquí se habla de todo, pero realmente no estamos hablando de temas de Ourense. Lo dicho, nada más en este tema, ya está todo dicho, y por este año, yo, personalmente, no voy a hablar más.

Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista: señor vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández, señor compañeiro, ¿xa fará moito tempo que vostede non visita urxencias, non? Pois pase vostede a dar unha volta e visite aos compañeiros que llo explican. Eu teño aquí un calendario onde realmente teño o nome dos profesionais, coordinador asistencial, Álvarez, triaxe, Rodríguez, equipo A, González, equipo B, Blanco, equipo C, Estévez, observación, González, DT, Pérez Cabral, isto é equipo de mañá, equipo de tarde, coordinador asistencial, Ucha, equipo de triaxe, Villar, equipo A, Alén, equipo B, Barreira, equipo C, Pérez, observación DT, Pestaña, e a quenda de noite inda son menos, estamos falando de oito profesionais médicos en cada quenda, e non expliquei que por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

exemplo na quenda de mañá hai un residente, na de tarde, dous, e no de noite, tres, co que aínda quedan menos médicos, e estamos falando de trinta ingresos, máis as urxencias, isto non é humano, vostede o sabe, e se a vostede ou a min nos meten alí dentro para facer o traballo que están facendo estes profesionais poñendo a súa saúde en risco, escapariamos correndo. Estou falando do servizo de urxencias do hospital de Ourense, atendido por eses profesionais, aínda menos, e onde temos unha poboación totalmente envellecida con patoloxías múltiples, o que non sucede noutras provincias que teñen xente máis nova e con menos patoloxía, e que teñen cinco médicos máis en cada equipo de urxencias, por favor, estou falando de algo alarmante, e vostede máis eu, como compañeiros, ¿non tiñamos que pedir a dimisión da Sra. Xerente? Non, que resolva isto, que o pode resolver, que para iso ten un curmán que é presidente da Xunta. Tiñamos que dimitir vostede e máis eu porque non somos capaces de resolver este problema destes compañeiros de urxencias. Moitas grazas.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente. Coidado con esas descargas de adrenalina, Sra. Gil, porque pode verse afectada, xa sabe que corremos serio risco cando pasa iso, e eu creo que se pode contextualizar, discrepar, que é inevitable e enriquece, e aclararse. So lle digo que lea vostede o documento “Unidade de urxencias hospitalarias: estándares de recomendación”, e vai a ver vostede como lle di como esta dimensionado perfectamente o persoal do servizo de urxencias, que é o que lle interesa a vostede, coas 69.000 urxencias / ano, 190 ao día de media, está ben dimensionado, e dígolle ademais que temos a mellor ratio de Galicia de internistas. Me fala vostede de residentes, os residentes son médicos como vostede, como eu e como calquera, fan a mesma laboura, ¿ou cando van a consultar a un determinado centro de saúde non teñen a mesma titulación e capacidade, que pasa, que en urxencias non? Polo tanto, tranquilidade. En calquera caso, Sr. Rodríguez Suárez, se vostede leu, que seguro que si, a Consellería de Sanidade leva o 40 % do orzamento da Xunta, e para Ourense ten concretamente 12.107.070 euros, máis de 6 millóns para o Plan Director do Hospital de Ourense, que é un investimento, non falen de falla de investimentos cando imos ter 6 millóns en 2017, máis 200.000 euros para actuacións en centros de saúde, ou sexa, para potenciar a atención primaria, e máis de 3,3 millóns para proxectos de tecnoloxías da información. En calquera caso, efectivamente non se falou aquí, pero moito se poden paliar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

as urxencias potenciando a hospitalización a domicilio, a telemedicina e que funcione o mellor posible, que está funcionando, a unidade de alta precoz do servizo de urxencias. E remato: non imos aprobar, Sr. Rodríguez Suárez, esta moción, polo seguinte: o rexeite de cama xa está feito, todas están dispoñibles ao 100 %, polo tanto, non hai nada que rexeitar, unha cousa é que estean ocupadas e outra que estean abertas, e xa lle explique por qué non están ocupadas, porque non se pode trasladar a un paciente dun edificio a outro cando ao mellor hai servizos esenciais que necesita ese paciente; que a Xunta xa está aumentando cada ano o investimento para dar máis calidade, e por tanto aí temos pouco que facer; e non imos solicitar, nin moito menos, o cese da xerente, porque voulle dicir, e con isto remato, e é o máis político que vou dicir: hai uns meses houbo eleccións, a xente falou, e falou nas urnas; polo tanto, non falou de ceses precisamente. Nada máis e moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente. Ben, eu fixen unha pregunta, quedou no aire, que é que se nos fala dun 100 % de camas operativas pero non nos explicou por qué se pechou unha planta do Nai hai poucos días. Eu, noutra moción que xa discutimos neste mesmo plenario, porque é un tema recorrente, e que por desgraza moito me temo que teremos que seguir falando del no futuro, xa dixen que as palabras que aquí se din e as explicacións que se dan, e as cifras e as argumentacións, despois chocan coa realidade que os cidadáns de Ourense se atopan diariamente cando acoden aos servizos de urxencia, cando acoden aos diversos hospitais, cando acoden aos servizos de atención primaria e se atopan pois que as cousas que explican vostedes dende o goberno en canto a investimentos, número de camas, efectivos sanitarios, etcétera, etcétera, despois non teñen un reflexo á hora de ter garantida unha sanidade universal unha sanidade de calidade que os atenda en tempo, que os atenda con recurso, que non teñan que estar agardando interminables listas de espera para poder ser operados, para poder ser intervidos, para poder efectuar análises; e o noso obxectivo á hora de traer este tipo de mocións, que rexeite totalmente que sexan mocións que non falen de Ourense, todo o contrario, de feito, teño que recordarlle ao portavoz de DO que eles mesmos, no debate do estado da provincia traían unha moción onde falaban da eliminación das listas de espera, se non me engano. Entón, son mocións que si que afectan en primeira persoa a todos os cidadáns de Ourense, independentemente de que non sexa unha problemática exclusiva dos cidadáns da nosa provincia. E nada máis, moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7.](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

8º.- RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN DOS NOVOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO: no tenía pensado intervenir máis este ano, pero por alusiones, por el compañero del Bloque que me dice que trajimos aquí una moción sobre temas de sanidad, lo que pedíamos era un programa piloto exclusivo para la provincia de Ourense, por eso lo trajimos aquí. Sobre este tema nada más, simplemente que votaremos a favor al igual que en la comisión informativa.

Don Adolfo González Nóvoa, portavoz do Grupo Socialista: si, bo día. Dende o Grupo Socialista queremos dicir que, a pesares de que os propios estatutos, no seu artigo 11, se di que o ámbito territorial do Consorcio que comprende a provincia de Ourense, instamos a que se faga unha mención explícita á extensión universitaria de A Rúa de Valdeorras, toda vez que entendemos que estes novos estatutos, adaptados á Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa lle afectan. Dicimos isto, primeiro, como recoñecemento explícito ao centro da comarca de Valdeorras, que achega as actividades informativas da UNED aos habitantes da zona; por outra banda, dende o Grupo Socialista creemos necesario que se adopte, na medida do posible, unha mención explícita a esta extensión, pero tamén a todas as que poidan xurdir nun futuro posto que somos coñecedores da intención de achegar a UNED a outras zonas da nosa provincia, como pode ser Verín. Entendemos que é necesaria a nosa matización para que se teña en conta pormenarizadamente todo o que cómpre á UNED en Ourense, en cuxo Consorcio participa esta Deputación. E por último, como docente, desexo remarcar que a aposta pola universidade máis grande de España, que da acceso á titulación superior a quen non puido

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

antes, abrangue a tódolos habitantes da provincia de Ourense, e debe facerse cada vez máis accesible para todos e todas, con independencia de onde vivan.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: creo que hai que centrar o tema, porque estamos da ratificación da aprobación dos novos estatutos do Consorcio da UNED, porque estes estatutos estaban pendentes da adaptación, como ben di vostede, á Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público. Lémbrolle que neste senso o vicerreitorado da UNED derivou unha proposta ao Padroado do Consorcio, e o 24 de novembro o Padroado aprobou por unanimidade os estatutos adaptados a esta lei. Do que se trata é de aquí o ratifiquemos. Di vostede moi ben, e hai que ter en conta, que o concello da Rúa ten unha aula aberta, pero o concello da Rúa e incluso a Xunta de Galicia veñen ao Padroado con voz pero sen voto, e a Xunta de Galicia pódolle dicir que achega unha contía inestimable, non imos dicir eiquí cantidades porque cada un achega o que pode, pero tanto a Xunta de Galicia como o Concello de A Rúa están no Padroado con voz pero sen voto, sendo só colaboradores, e así resulta dos estatutos, e do que se trata é de ratificar eses estatutos, e ninguén fixo mención no Padroado a iso que está a dicir vostede, e foi aprobado por unanimidade e ninguén dixo nada porque se ten claro o concepto de que a Xunta e A Rúa están como colaboradores, con voz pero sen voto, e do que se trata eiquí é de adaptar eses estatutos á Lei 40/2015, de 1 de outubro. Nada máis.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8.](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación dos Estatutos do Consorcio do Centro Asociado, quedando estes redactados conforme co texto seguinte:

CAPITULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Composición do Consorcio. O Consorcio está constituído por:

- A Deputación de Ourense.
- O Concello de Ourense.
- A Universidade Nacional de Educación a Distancia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

- Aqueloutras entidades que poidan no futuro incorporarse a este.

Artigo 2. Denominación. A entidade pública que se constitúe recibirá o nome de Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Ourense.

Artigo 3. Natureza. O presente Consorcio é unha entidade de dereito público dotada de personalidade xurídica propia e diferenciada e da capacidade de obrar que se requira para a realización dos seus obxectivos, constituída polas administracións e entidades indicadas no artigo 1 conforme co Real decreto 1317/1995, de 21 de xullo, sobre réxime de convenios da UNED cos centros asociados a esta.

Artigo 4. Adscrición. De conformidade co disposto no artigo 120 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o Consorcio quedará adscrito á UNED.

Artigo 5. Réxime xurídico xeneral. Consecuentemente coa adscrición indicada no apartado anterior, e por canto lle sexa de aplicación conforme cos artigos 2.2 c) e 84.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, este consorcio:

- a) Forma parte, a través da UNED, do sector público institucional.
- b) Clasifícase como do sector público administrativo para os efectos do artigo 3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- c) Rexerase pola normativa universitaria e, supletoriamente e en canto non se opoña a ela, pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, e resto de disposicións que sobre procedementos e réxime xurídico se conteñen na lexislación estatal; no seu caso, pola lexislación de réxime local; e polos demais preceptos que sexan de aplicación.

Artigo 6. Réxime de impugnación de actos. Os actos do Consorcio serán impugnables ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa salvo que, pola natureza concreta do acto de que se trate, sexa de aplicación outra instancia ou xurisdición.

Artigo 7. Duración. A duración do Consorcio será por tempo indefinido.

Artigo 8. Obxecto do Consorcio. O Consorcio ten por obxecto o sostemento económico do Centro Asociado á UNED de Ourense, como unidade da estrutura académica da UNED, co fin de servir de apoio ao ensino superior e a colaborar co desenvolvemento cultural da contorna, así como outras actividades directamente relacionadas cos obxectivos antes expresados que acorde a súa Xunta Reitora.

O consorcio ten a condición de medio propio (MP) da UNED.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Artigo 9. Domicilio social. O Consorcio, para todos os efectos legais, estará domiciliado na estrada de Vigo-Torres do Pino s/n 32001 Ourense.

Artigo 10. Locais e instalacións do Centro Asociado.

1. O Centro Asociado atópase situado na cidade de Ourense, Estrada de Vigo, Torres do Pino s/n, 32001. Os devanditos locais, destinados exclusivamente ao Centro Asociado, contan cos espazos e instalacións adecuados esixidos con carácter xeral pola normativa vixente.

2. A Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense asumen a obrigaón de proporcionarlle locais adecuados ao Centro Asociado.

A cesión das precitadas instalacións está condicionada a que a UNED realice alí as súas actividades docentes e administrativas e non poderá ser revogada nin modificada unilateralmente en ningún momento, nin sequera por efecto da denuncia, separación ou extinción do consorcio, se este persiste ou se a UNED, tras un urxente estudo de viabilidade económica, decidise continuar á súa custa coas actividades universitarias na zona.

3. O Centro Asociado deberá dispor da infraestrutura mínima que determine a Universidade na súa normativa reguladora dos centros asociados.

No caso de que as necesidades do Centro requiran unha ampliación dos seus locais os novos deberán contar, en todo caso, coa aprobación previa da Universidade. Calquera cambio que afecte á localización do Centro, así como os posibles cambios parciais do lugar dalgunha prestación docente, haberán de ser autorizados polos órganos competentes da UNED.

Artigo 11. Ámbito territorial. O ámbito territorial do Centro Asociado comprende a provincia de Ourense.

O Centro Asociado, conforme coas normas de admisión aprobadas polo Consello de Goberno, comprométese a admitir a todos os alumnos que cursen as carreiras e estudos titorizados polo Centro e que residan no seu ámbito territorial. Tamén deberá admitir alumnos doutras zonas cando a Universidade o requira e existan no Centro medios e recursos suficientes para atendelos.

A Xunta Reitora do Consorcio poderá propoerlle á Universidade a creación de aulas para facilitar os estudos dos alumnos que non residan na zona onde o Centro Asociado ten a súa sede. Estas aulas deberán ser previamente autorizadas pola Universidade. Nos convenios

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

subscritos e aprobados pola Xunta Reitora para o establecemento de Aulas terán que consignarse a prestación docente e o orzamento para cubrir a prestación.

CAPITULO 2. GOBERNO DO CONSORCIO

Artigo 12. Goberno do consorcio. O goberno do Consorcio correspóndelles aos seguintes órganos:

- A Xunta Reitora.
- O presidente da Xunta Reitora.

Artigo 13. Da Xunta Reitora.

1. Composición. A Xunta Reitora estará constituída, de conformidade co artigo 2 do Real decreto 1317/1995, de 21 de xullo, por 10 membros:

- a) 3 en representación da UNED.
- b) 2 procedentes da Deputación Provincial de Ourense.
- c) 1 procedente do Concello de Ourense.
- d) O director do Centro.
- e) O representante dos profesores titores do Centro.
- f) O delegado de estudantes do Centro.
- g) O representante do persoal de administración e servizos do Centro.

Actuará como secretario o do Centro Asociado, con voz pero sen voto.

No caso de que algún membro da Xunta Reitora non puidese asistir a unha reunión programada estarase ao disposto na normativa específica que regula o réxime de suplencia de cada unha as entidades representadas na Xunta Reitora.

2. Funcións. A Xunta Reitora asumirá as facultades que lle correspondan como órgano de dirección, administración e representación ante terceiros do Consorcio universitario titular do Centro Asociado á UNED de Ourense e, entre outras, terá as seguintes competencias:

- a) Propor a modificación dos estatutos que rexan o funcionamento do Consorcio que, en todo caso, deberá ser aprobada por todas as institucións consorciadas.
- b) Aprobar a incorporación de novas entidades.
- c) Proporlle á UNED a creación de aulas que, en calquera caso, deberán ser autorizadas por ela.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

- d) Acordar a implantación no centro de novos ensinos regulados e non regulados, conforme co que se dispón na lexislación vixente, aprobando o gasto necesario para incluír no orzamento para a implantación dos novos ensinos regulados.
- e) Concederlles subvencións a outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, así como axudas ou bolsas a estudantes, no ámbito dos seus obxectivos.
- f) Aprobar o orzamento anual e a súa liquidación, os estados de contas e a memoria anual, remitíndollo á UNED xunto co inventario existente ao peche do exercicio.
- g) Aprobar os gastos extraordinarios e a achega coa que contribuirá cada ente consorciado que, como principio xeral, distribuirase en función das posibilidades de cada un; iso sen prexuízo da ratificación que no seu caso sexa procedente.
- h) Adquirir, dispor, administrar e allear os bens e dereitos do Centro Asociado sempre que non supoñan alteración da vontade e fins fundacionais.
- i) Aprobar os dereitos ou ingresos de calquera clase procedentes das actividades do Centro Asociado, de acordo coas normas da UNED.
- j) Aprobar a modificación, se é o caso, do Regulamento de réxime interior do Centro Asociado, conforme coas directrices fixadas polo Consello de Goberno da UNED.
- k) Aprobar os plans e proxectos de obras e servizos do Consorcio, a súa contratación cando exceda dos límites establecidos nas bases de execución do orzamento e a determinación do seu réxime de xestión.
- l) Acordar a sinatura de contratos co persoal directivo, administrativo e de servizos; sen prexuízo das facultades que correspondan á UNED en función da súa regulamentación específica.
- m) Fixar o número e as condicións económicas e laborais de todo o persoal do Centro Asociado, cos límites no seu caso derivados do disposto no artigo 121 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.
- n) Determinar anualmente, a proposta do director do Centro, as prazas de profesores-titores que impartirán docencia no Centro Asociado e efectuar as convocatorias para a súa selección de acordo coas directrices fixadas polo Consello de Goberno, así como a proposta de nomeamento dos profesores-titores do Centro Asociado.
- o) Controlar e fiscalizar as actividades do Centro Asociado e das súas extensións.
- p) Disolver e liquidar o Consorcio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

A Xunta Reitora poderá delegar algunha das súas facultades mediante acordo expreso. En todo caso serán indelegables aqueles acordos que requiran un quórum especial para a súa aprobación, a ratificación dos entes consorciados ou que teñan carácter orzamentario ou de control financeiro.

3. Réxime de funcionamento. A Xunta Reitora reunirse polo menos unha vez ao ano en sesión ordinaria, convocando aos seus membros cun mínimo de 10 días hábiles de antelación, ou de 6 días se fose convocatoria extraordinaria.

Para a válida constitución da Xunta Reitora será necesaria a asistencia, en primeira convocatoria, da maioría absoluta dos membros que a compoñen e, en segunda convocatoria, a asistencia polo menos do presidente (ou persoa que o substitúa) e de dous vogais, debendo ser polo menos un deles representante da UNED.

4. Supostos de maiorías cualificadas. Será necesario o voto favorable da maioría absoluta de membros con dereito a voto da Xunta Reitora do Consorcio para a adopción dos seguintes acordos:

- a) A proposta de redacción ou modificación dos estatutos do Consorcio, que deberá ser ratificada polas institucións asinantes do Convenio.
- b) A modificación do réxime ordinario de achegas e a aprobación de achegas ou responsabilidades económicas extraordinarias.
- c) A aprobación e a modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro Asociado ou dos outros creados polo Consorcio.
- d) A creación de aulas.
- e) A implantación de novos estudos, carreiras e outros ensinos a distancia.
- f) A aprobación de operacións financeiras ou de crédito cando o seu importe exceda do 25% dos recursos ordinarios do orzamento.
- g) A disolución e a liquidación do Consorcio.

5. Ratificación de acordos. Os acordos que supoñan alteración da vontade inicial e os que impliquen achega ou responsabilidade económica extraordinaria, e en especial os sinalados nas letras a), b), f) e g) do apartado anterior, terán que ser ratificados polos respectivos órganos de goberno das institucións consorciadas, sen cuxo requisito non terán validez.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Artigo 14. Do presidente da Xunta Reitora. O presidente da Xunta Reitora será elixido por esta de entre os seus membros e terá as seguintes atribucións:

- a) A representación legal e institucional do Consorcio.
- b) Convocar, presidir, moderar, suspender e levantar as sesións. Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- c) Asegurar o cumprimento das leis, sen prexuízo dos deberes propios do secretario conforme co artigo 16 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.
- d) Dirixir, executar, supervisar e impulsar as actividades do Consorcio.
- e) Supervisar os aspectos non académicos de actividade do Consorcio, sen prexuízo das competencias de dirección, supervisión, coordinación e impulso que correspondan á UNED, a través dos seus diversos órganos e unidades, respecto da actividade académica.
- f) Exercer o resto de funcións e facultades que lle sexan delegadas expresamente pola Xunta Reitora.

Artigo 15. Do vicepresidente. O vicepresidente suplirá ao presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e cando este lle delegue actuacións concretas. O vicepresidente da Xunta Reitora será o representante da institución que así se acorde pola propia Xunta Reitora.

CAPITULO 3. RÉXIME FINANCEIRO E ECONÓMICO

Artigo 16. Financiamento.

1. Réxime xurídico. O réxime de presupostación, contabilidade e control do Centro Asociado á UNED de Ourense, será o aplicable á UNED, por estar adscrito a ela, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. En todo caso, levará a cabo unha auditoría das contas anuais que será responsabilidade da Intervención Xeral da Administración do Estado, conforme co artigo 237 dos estatutos da UNED, en relación co artigo 122.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Os informes que emita a Intervención Xeral da Administración do Estado no exercicio da devandita función serán incorporados ás ditas contas anuais e enviados á UNED para a súa unión ás desta, sen prexuízo do réxime de xestión que poida establecer a Xunta Reitora.

2. Orzamento anual. O Consorcio comprométese ao financiamento de todos os gastos correspondentes ao orzamento anual ordinario de funcionamento do centro asociado,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

isto é, todos os gastos de persoal, locais, edificios, instalacións e materiais; os de desprazamento de profesores-titores e outro persoal do Centro para asistir a reunións organizadas pola Universidade e os de desprazamento de profesores dos departamentos da Universidade para participar en seminarios e convivencias dentro do Centro Asociado; así como bolsas e calquera outro gasto consignado no orzamento ordinario do Centro.

As entidades consorciadas obríganse a incluír anualmente nos seus orzamentos ordinarios as partidas necesarias para subvencionar a totalidade dos gastos do Centro.

No caso de incumprimento dos compromisos de financiamento por algunha das entidades consorciadas, a Xunta Reitora poderá establecer cláusulas que limiten as actividades do consorcio nos ámbitos que lle son propios (desenvolvemento de actividades académicas, culturais ou de extensión universitaria), así como fórmulas tendentes á aseguranza das cantidades comprometidas polas entidades consorciadas con carácter previo á realización das actividades orzadas conforme coa normativa vixente.

3. Financiamento ordinario procedente da UNED. A Universidade Nacional de Educación a Distancia efectuará a achega dineraria prevista para os centros asociados no ordenamento estatal (actualmente, no Real decreto 1317/1995, de 21 de xullo) e nos estatutos da UNED e resto da súa normativa propia. Este financiamento, de conformidade co artigo 2.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non estará incluída no ámbito de aplicación da devandita lei.

4. Financiamento ordinario procedente do resto de entidades consorciadas. O resto das institucións que financian o Centro Asociado comprométense a actualizar anualmente as súas achegas económicas de acordo ao criterio aprobado pola Xunta Reitora. Para estes efectos, a dita achega será revisada sobre a consignada no último orzamento do Centro Asociado.

As achegas contempladas nesta estipulación deberán facerse efectivas ao comezo do exercicio orzamentario e, en todo caso, non máis tarde do mes de marzo.

En caso de incorporación dunha nova entidade ao Consorcio requirirase acordo da Xunta Reitora en que se especifique a contía da súa achega ordinaria.

5. Outro financiamento. O Consorcio poderá recibir das entidades consorciadas ou de terceiros subvencións adicionais ás achegas dinerarias ordinarias indicadas neste artigo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

6. Prohibición de establecer aos estudantes pagos obrigatorios distintos dos procedentes da matrícula. O Centro Asociado non poderá percibir cantidade ningunha dos alumnos matriculados na Universidade polos ensinos regulados nin poderá impor ningún tipo de actividades complementarias polas que haxan de desembolsar cantidade ningunha. Tampouco poderá existir vinculación de ningunha clase entre o Centro e outras entidades que proporcionen ensino aos alumnos, salvo autorización previa expresa da UNED.

Artigo 17. Patrimonio do Consorcio.

- 1.- O Consorcio poderá adquirir, posuír, administrar, gravar e allear os seus bens, consonte coa normativa establecida para a administración pública que sexa aplicable á UNED.
- 2.- Non se considerarán patrimonio propio do Consorcio os bens que poidan chegar a entidades que o compoñan se non teñen o carácter de transmisión en propiedade.

En particular, os bens inmoables propiedade dunha das administracións ou entidades consorciadas que sexan postos a disposición do consorcio manterán a titularidade da administración ou entidade de orixe, salvo que expresamente se acorde outra cousa.

Artigo 18. Ingresos do Consorcio.

Serán ingresos do Consorcio os seguintes:

- a) Ingresos de dereito privado.
- b) Os ingresos por prestación de servizos pola realización de actividades da súa competencia.
- c) Os procedentes de operacións de crédito.
- d) Achegas dinerarias ordinarias e extraordinarias de calquera natureza provenientes das entidades consorciadas ou doutras administracións públicas.

Artigo 19. Xestión do gasto.

1. Normativa interna. Corresponderalle á Xunta Reitora aprobar as normas internas de procedemento e de xestión do gasto, regulando as súas distintas fases así como o réxime das modificacións orzamentarias; todo iso, con suxeición á normativa xeral aplicable e con observancia do disposto no apartado seguinte.

2. Autorización e compromiso de gastos. Os gastos cuxo importe sexa inferior ao 5% do orzamento poderán autorizarse e comprometerse polo Director, coa firma mancomunada do Administrador do Centro.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Corresponderalle á Xunta Reitora autorizar e comprometer os gastos que superen a dita cantidade.

CAPITULO 4. DOS ÓRGANOS DE ADMINISTRACIÓN DO CENTRO

Artigo 20. Do director. O Centro Asociado terá un director que será nomeado polo reitor unha vez oída a Xunta Reitora e con suxeición aos requisitos e procedemento establecidos pola normativa da UNED. A duración do mandato será de catro anos e poderá ser renovado. O director, sen prexuízo das competencias que correspondan especificamente a outros órganos, será o garante da legalidade no Centro.

Artigo 21. Funcións do director.

Entre outras, contidas no Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro, serán atribucións do director:

- a) Exercer a representación legal e institucional do Centro Asociado.
- b) Adoptar cantas medidas académicas, económicas e administrativas sexan necesarias para o normal funcionamento do Centro Asociado, dando conta delas o máis axiña posible á Xunta Reitora.
- c) Convocar e presidir o Claustro e o Consello de Dirección do Centro.
- d) Dirixir, coordinar e supervisar a actividade do Centro.
- e) Cumprir e facer cumprir os acordos dos órganos de goberno do Centro ou da Xunta Reitora.
- f) Elaborar os proxectos de orzamentos de ingresos e gastos para a súa aprobación definitiva, se procede, pola Xunta Reitora.
- g) Presentarlles aos órganos competentes a liquidación contable e orzamentaria de cada exercicio fiscal para a súa aprobación, se procede.
- h) Supervisar o cumprimento das obrigacións dos profesores titores.
- i) Exercer a xefatura do persoal do centro.
- j) Supervisar a elaboración da memoria anual de actividades do Centro, que presentará aos órganos competentes.
- k) Disposicións de efectivo, con sinatura mancomunada, nos termos e contías que estableza a Xunta Reitora.

Artigo 22. Dos subdirectores ou directores adxuntos. O Centro poderá contar coa colaboración dun ou máis subdirectores ou directores adxuntos, cuxas atribucións e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

procedemento de nomeamento ou nomeamentos virán estipuladas no Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro.

Artigo 23. Do secretario. O Centro Asociado terá un secretario que, como cargo de confianza do director, será nomeado e cesado por este, que informará do seu nomeamento á Xunta Reitora e ao Vicerreitorado de Centros Asociados da UNED. O secretario do Centro Asociado o será tamén da Xunta Reitora do Consorcio, asistindo ás súas reunións con voz pero sen voto.

Artigo 24. Do administrador. O Centro poderá contar cun administrador, cuxo procedemento de nomeamento e atribucións virán estipuladas no Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro.

Artigo 25. Do persoal de administración e servizos. O Centro Asociado contará co persoal de administración e servizos, necesario para atender a xestión administrativa e económica, que aseguren o correcto funcionamento do Centro.

Este persoal debe proceder exclusivamente das administracións e entidades consorciadas. O seu réxime xurídico será o da UNED e as súas retribucións en ningún caso poderán superar as establecidas para postos de traballo equivalentes naquela.

Excepcionalmente, cando non resulte posible contar con persoal procedente das administracións participantes no consorcio en atención á singularidade das funcións para desempeñar, a UNED poderá autorizar a contratación directa de persoal por parte do consorcio para o exercicio das devanditas funcións.

O persoal preexistente non procedente das administracións e entidades consorciadas poderá conservar o seu réxime de emprego actual, sempre que non se opoña ao establecido na Lei 40/2005, de 1 de outubro.

CAPITULO 5. RÉXIME ACADÉMICO

Artigo 26. Actividade académica. De conformidade co artigo 67 dos estatutos da UNED, aprobados polo Real Decreto 1239/2011, de 8 de setembro, o Centro Asociado é unha unidade da súa estrutura académica.

Consecuentemente, a súa actividade académica está sometida ao réxime existente na UNED e, especificamente, ás previsións que respecto dos centros asociados conteñen os seus estatutos e ás normas e directrices do Consello de Goberno, xuntas de facultade e escola,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

departamentos, profesores encargados da docencia e demais órganos da UNED no ámbito das súas competencias respectivas.

Artigo 27. Goberno e administración do centro.

1.- O goberno e administración do centro axustarase ao consignado no Regulamento de Organización e Funcionamento aprobado no seu día.

2.- O réxime interior do Centro dependerá da Xunta Reitora, que se rexerá polo Regulamento de Organización e Funcionamento vixente, axustado ás directrices fixadas polo Consello de Goberno da UNED. No Regulamento asegurase a debida participación dos profesores-titores, dos alumnos e do PAS nos órganos colexiados.

Artigo 28. Profesores titores.

1. Para levar a cabo os seus labores docentes o Centro Asociado contará con profesores-titores.

2. A vinculación dos profesores-titores co Centro Asociado será a establecida na lexislación vixente (RD 2005/86 de 25 de setembro).

3. Os profesores-titores haberán de reunir os requisitos previstos pola lexislación vixente e serán nomeados polo reitor da UNED.

4. As condicións do concurso e a selección de titores ateranse ás disposicións e normas emanadas do Consello de Goberno da UNED e de conformidade co disposto na lexislación vixente.

5. Os profesores-titores deberán cubrir un mínimo de horas fixado pola UNED, respectando a lexislación sobre incompatibilidades.

6. Para o nomeamento dos profesores-titores será requisito indispensable que os candidatos se comprometan por escrito a asistir ás reunións que se convoquen polo departamento correspondente da UNED. Os profesores-titores non estarán obrigados a asistir a máis de dúas reunións por curso.

7. Os profesores-titores non poderán exercer ningunha actividade docente dirixida aos alumnos da UNED en centros non autorizados pola Universidade. O Centro Asociado fará o necesario para facer respectar esta prohibición.

Artigo 29.- Servizo de libraría. O Centro asegurará o servizo de libraría aos estudantes. Este servizo poderá ser prestado mediante xestión e distribución directas polo propio centro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

ou a través da Librería Virtual da UNED, nese caso incorporará na súa páxina web as ligazóns correspondentes.

En caso de prestación do servizo mediante outras fórmulas de xestión que inclúan convenios ou contratos con terceiros, estes non poderán prorrogarse.

Artigo 30. Actividades culturais e de extensión universitaria.

1. A programación de todo tipo de actividades de extensión universitaria que se organicen no Centro Asociado axustarase ás normas establecidas polo Consello de Goberno da Universidade. En calquera caso, a Xunta Reitora deberá aprobar os orzamentos correspondentes a este tipo de actividades.

2. O Centro levará a cabo os programas especiais aprobados ou que aprobe o Consello de Goberno para impartir cursos de especialización procedentes de acordos con institucións públicas (Centros Penais, Programas de especialización, etcétera). Así mesmo, darán apoio aos programas de ensinos abertos e de formación do profesorado.

Artigo 31. Control de eficacia e supervisión continua. O consorcio estará sometido ao control de eficacia e supervisión continua por parte da UNED, segundo esta estableza na correspondente norma interna, e sen prexuízo das auditorías que efectúe no seu caso a Intervención Xeral da Administración do Estado.

Para estes efectos, a UNED poderá inspeccionar ou realizar auditorías no Centro en calquera momento.

O Centro virá obrigado a remitirlle anualmente á UNED, nos prazos que para ese efecto se fixen con carácter xeral, unha memoria das actividades realizadas durante o curso, o seu orzamento, a liquidación e, demais documentos que a UNED poida esixir. Esta documentación, deberá axustarse aos modelos que a UNED estableza.

CAPITULO VII. DA SEPARACIÓN E DISOLUCIÓN DO CONSORCIO

Artigo 32. Dereito de separación. O dereito de separación poderá ser exercido por calquera das partes nos termos previstos no artigo 125 da Lei 40/2015, de 1 de outubro. No caso de que o exercicio do dereito de separación non leve a disolución do Consorcio estarase ao disposto no art. 126 da referida lei.

Artigo 33. Disolución do Consorcio.

1. O Consorcio disolverase por algún dos seguintes motivos:

a) Por disposición legal.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

- b) Por imposibilidade de cumprir os seus fins e obxectivos.
- c) Por insuficiencia de medios económicos.
- d) Polo exercicio do dereito de separación pola UNED ou por calquera dos outros membros, salvo que neste último caso a UNED acorde cos membros que non desexen separarse, a continuidade nos termos e coas condicións e efectos previstos no artigo 127 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

2. En caso de disolución do Consorcio, cada entidade asumirá a responsabilidade do persoal que do seu persoal estivese adscrito ao Centro Asociado.

3. O destino dos bens inventariables será o seguinte: se foron achegados por unha soa entidade fundadora, reverterán a ela automaticamente e quedarán desafectados se é un ente público. Se foron achegados por varias entidades e formasen un conxunto inseparable, corresponderán a quen achegase a porción de maior valor, pero debendo indemnizar ás demais polo importe do valor das súas achegas actualizadas ao momento da liquidación, entendéndose, no seu caso, desafectados.

4. No entanto, antes de que as entidades consorciadas decidan a disolución da Xunta Reitora, o Consello de Goberno da UNED, á vista da dispoñibilidade dos seus recursos económicos e previo informe de viabilidade económica, poderá continuar coas actividades administrativas e docentes no Centro Asociado se considerase que pode facer fronte a todos os gastos.

Disposición final. Os presentes estatutos non só obrigan ao cumprimento do expresamente pactado, senón tamén a todas as consecuencias que, segundo a súa natureza, sexan conformes á boa fe, así como aos estatutos polos que se rexa a Universidade Nacional de Educación a Distancia.

SEGUNDO: Autorizar á Presidencia para a subscribir un convenio de cooperación entre o Concello de Ourense e a UNED no que se recolla a aprobación do texto definitivo dos estatutos, así como a súa publicación, unha que se subscriba o convenio, no BOP.

9º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA A INCENTIVAR A CONSERVACIÓN, POSTA EN VALOR E A DIFUSIÓN DOS ASPECTOS FILOLÓXICOS, ANTROPOLÓXICOS, HISTÓRICOS E CULTURAI EN XERAL, RELACIONADOS CO BARALLETE DOS AFIADORES, O BARALLETE DOS

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

XINGROS E OUTRAS XERGAS OU CRIPTOLECTOS EN RISCO DE INMEDIATA DESAPARICIÓN.-

O S. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: inda que a moción fala no seu título do barallete, en realidade, e como estou seguro de que a leron todos vostedes, saberán que fala tamén doutras xergas, habitualmente asociadas a determinados gremios (canteiros, telleiros, músicos, dende logo os naceiros, os afiadores) e quedan xergas – criptolectos, como lles chaman os expertos – que eran falas (porque a palabra linguaxe tal vez lle quede un pouco ancha) que utilizaban, imos falar do caso concreto dos afiadores, que viaxaban polo resto de España e incluso por todo o mundo (sobre todo en épocas nas que non tiñan traballo agrícola nos seus lugares de orixe, xa sabemos que as labores agrícolas teñen lugar fundamentalmente na primavera e no verán, e sobre todo en amplas zonas da provincia – Castro Caldelas, Trives, San Xoán de Río, Nogueira de Ramuín, etcétera – unha parte da poboación masculina para dedicarse aos labores de afiador, de paraugueiro...) e como se atopaban lonxe da terra, en ambientes hostís, desenvolveron esas falas para entenderse entre eles, como é ben sabido. Entendemos que é un patrimonio i material da nosa provincia, xa sabemos que as falas e o todo e relacionado cos aspectos lingüísticos ten unha máxima importancia, non soamente no ámbito específico da lingüística ou da filoloxía, senón que no momento en que a linguaxe é un reflexo da actividade social en xeral, pode ter moito valor o seu coñecemento e, neste caso, a súa conservación de cara ao futuro porque non sabemos os recursos de que poderán dispoñer os investigadores do futuro para investigar iso. Pensen por exemplo no latín, que fai ao mellor dous mil anos ou case que non se fala, agás no Vaticano, e inda dous mil anos despois os expertos sacan a veces conclusións verdadeiramente asombrosas por coñecer unha palabra latina, por coñecer un sufixo, por coñecer un prefixo, etcétera. Entón, temos que aportarlle aos investigadores do futuro o máximo do material asociado a estas falas. Xa sabemos que investigadores como Ben – Cho – Sey, como Fidalgo Santamarina, actualmente Jorge Gómez e outros como Florencio de Arboiro, e seguramente se me esquecen moitos nomes, xa sabemos que se leva feito moito traballo, afortunadamente, neste eido de recompilación do vocabulario de moitas destas xergas, do barallete, das xingras, que era a fala dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

músicos; pero estimamos que estamos nun momento histórico no que asistimos á desaparición paulatina das derradeiras persoas que puideron coñecer estas linguaxes, por ser xente moi maior, entón temos que aproveitar ata a derradeira palabra, ata a derradeira anécdota, ata a derradeira historia asociada co seu labor que nos poidan achegar estas persoas. Como entendemos que é un aspecto cultural esencial da provincia, entendemos que a Deputación, dentro da súa partida orzamentaria destinada á cultura, estaría especialmente ben gastada se se puxese a disposición dos expertos para que fagan ese labor de investigación e recompilación, non só de vocabulario, senón tamén de anécdotas, de historia, de todo o relacionado con este asunto, para conservar ese patrimonio inmaterial da nosa provincia que, xa nalgún caso, foi proposto como patrimonio inmaterial da UNESCO, creo que xunto con outras linguas en risco de desaparición e con outros aspectos inmateriais da cultura. Paso directamente a ler as nosas propostas de acordo: primeiro, *crear un grupo de traballo para a compilación de todo o relativo aos aspectos lingüísticos, filolóxicos, sociolóxicos, históricos, etcétera* (dentro do etcétera - como dicía o meu profesor Xaquín Lorenzo Xocas, cando lle falaban das Irmandades da Fala, que el era o “etcétera” – entraría moita cousa, do latín *et coetera*, o que está a carón, o que segue) *relacionados co barallete dos afiadores, o barallete dos “xingros” e outras xergas que nun pasado non tan afastado floreceron na provincia de Ourense. Este equipo procederá á recollida de testemuñas do maior número posible de persoas que os usaron, e que aínda vivan, valorando tamén as posibles achegas de descendentes ou coñecidos directos.* E segunda, e xa con menos presa, porque pode ser algo que se faga con menos prema, *poñer en marcha accións para a organización de congresos ou exposicións, produción de documentais, edición de libros ou calquera outra iniciativa que contribúa á posta en valor e á difusión a esa manifestación da cultura e da historia da nosa provincia.* Cousas importantes xa se teñen feito neste senso, pero nunca está de máis, e tamén sabemos de concellos que fixeron esta clase de traballos, moi ben, pero xa digo, por ese risco de que en poucos anos xa non poderemos ter máis oportunidade, canto antes se faga, mellor. Nada máis na miña primeira intervención, grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: Ourense é coñecido mundialmente, entre outras cousas, pola chispa que desprende a roda de afiar. Somos un pobo de emigrantes, que tivo presenza nos lugares mais insospeitados do planeta. Alá onde fomos hai parte do noso patrimonio, pero a verdadeira pegada, o que constitúe un símbolo inconfundible e o paso dos afiadores polas rúas e estradas dos pobos que percorreron. Ao tempo que todos temos na retina a imaxe dun afiador chegado da Ribeira Sacra, temos tamén a sensación de que esa imaxe vai formando parte do pasado, e o que lle engade dramatismo á situación e que ese pasado vai deixando de existir por non estar escrito. Aquel pasado que so esta na memoria oral ten os días contados. O que se escribe pode durar máis tempo, ou cando menos o documento literario ou científico aporta unha versión máis coa que contrastar o que se transmite oralmente. Historiadores, etnógrafos ou intelectuais nostáxicos dunha Galiza que noutrora existiu, tentan reconstruír ese pasado e por veces algún traballo sobre afiadores chega as nosas mans. Na escultura e noutras artes tamén queda testemuña gráfica, pero consideramos que a memoria do oficio debía ter un espazo de reflexión e debate no marco universitario, a través dun congreso, como o celebrado en Ourense en 2014. que convocase a investigadores/as, educadores/as, portadores e demais persoas implicadas e interesadas na reconstrución desta parte importante da historia de Galiza. Galiza conta coa memoria dos afiadores e doutros oficios vencellados a comunidades rurais, tanto co testemuño oral, como con achegas de etnógrafos, antropólogos, filólogos e pedagogos, entre outros intelectuais. No primeiro caso, a Casa das Rodas de Florencio de Arboiro e o labor da Asociación Ben-cho-Shey, así como o recente documental “A última viaxe do afiador”, de Aitor Rei, permiten custodiar boa parte da memoria. Existe moito labor de investigación: Xose Carlos Sierra, Fatima Braña, Xose Manuel Gonzalez Reboredo, Santiago Veloso, Isaac Alonso Estravís, Delfín Caseiro, Jorge Rodrigues, o Olegario e Fidalgo Santamariña teñen escrito moito sobre a peripecia e a historia dos afiadores galegos. Desde a asociación Ben-Cho-Shey, que preside Florencio de Arboiro, (a ver cando ve a luz o museo do afiador) véñense promovendo iniciativas de colaboración con colectivos doutros países, con intereses e asuntos coincidentes, así como co Museo do Coitelo de Albacete. O profesor Jorge Rodrigues Gomes elaborou unha rigorosa edición do barallete traducido a varios idiomas, coa axuda de diversos colaboradores e colaboradoras: francés, italiano, alemán, inglés e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

portugués. Nestes investigadores esta presente sempre a memoria de dous autores que abriron camiño neste labor de documentar, analizar e divulgar o quefacer dos añaadores e a cultura xerada ao longo dos tempos: Xose Ramón Fernández - Oxea (Ben-Cho-Shey), e Xose Antón Fidalgo Santamarina. En fin, hai moito traballo feito, que está ao dispor de cantos se queiran interesarse por estes asuntos. Pero Ourense non só é barallete dos añaadores, aínda que este sexa o máis coñecido e sobre o que existe maior documentación. Existen, aínda que en menor medida o verbo dos arxinas (o barallete do canteiro), ou de forma moi localizada o xingro, do que apenas quedan un par persoas da mesma familia, na localidade de San Pedro da Mezquita, concello da Merca, que aínda conservan unha parte substancial desta fala que utilizaban os músicos. Estas xirias eran un xeito de autoprotección, ao igual que o barallete, fronte aos patróns e membros das comisións de festas, pois antes as festas duraban varios días coma hoxe pero os músicos tiñan que desprazárense a pe ou en cabaleiría e tiñan que comer e durmir na casa dun veciño do pobo. A influencia do xingro deu lugar a que no ano 1984 se creara unha asociación “Abuña Jazz” coa idea de aproveitar e pór orde na magnífica canteira de músicos con moita afección ao jazz que tiña e, aínda ten, Ourense. Aínda nesas localidades é frecuente escoitar frases como “abuña copo”; ou palabras que se incorporaron á fala cotiá dos veciños e veciñas ou que mesmo integraron a rica e variada lingua nosa. Por iso, se a moción serve para por en valor todo o que existe arredor destas xirias, e mesmo facer un labor de recuperación que permita que perdure no tempo, dámoslle a nosa benvida e votaremos a favor.

Don Adolfo González Nóvoa, portavoz do Grupo Socialista: bo día, señor presidente, outra vez máis, e moi breve. Por unha banda, queremos destacar a posta en valor das falas que, ao noso parece, son patrimonio inmaterial da humanidade. Estas falas son patrimonio cultural da idiosincrasia ourensá destes gremios – añaadores, paraugueiros, canteiros, músicos - colectivos itinerantes, donos dun estilo de vida característico que iniciaron unha cultura que forma parte do noso substrato, alcanzando varias comarcas da nosa provincia, onde hai traballos e estudos documentados sobre as propias falas pero tamén sobre o seu estilo de vida. Tanto como explico o experto antropólogo Fidalgo Santamarina, que xunto con Soutelo Blanco e Ben – cho – Shey aportaron os estudos máis interesantes no eido das xergas ourensás, as falas dos añaadores, cesteiros, paraugueiros, etcétera. Non se usan xa posto que estaban ligadas ao exercicio desas actividades

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

tradicionais e ambulantes que, polo tanto, e coa desaparición das mesmas, produciuse a desaparición práctica das falas. De feito, hoxe en día, e aínda que existan persoas que se dedican a estas profesións e coñezan o léxico, apenas se empregan no seu labor. Posiblemente estas falas estaban moi ligadas ao carácter itinerante. Unha vez perdido este carácter ambulante, a fala foi minorando no seu uso. Non podemos subestimar esta característica, a da itinerancia, posto que foi grazas aos continuos viaxes e á inmigración dos nosos afiadores, cesteiros, xingros, etcétera, como se enriqueceu a súa fala, con achegas do euskera, do caló ou do francés, e outras máis sorprendentes como é o caso do inglés doco (can) e fixo (peixe). O barallete, natural da zona de Nogueira e de Castro Caldelas, chegou ata outro lado do Atlántico, a Arxentina e Uruguai, levando a nosa idiosincrasia máis aló das nosas fronteiras. O mesmo aconteceu con outras xergas, como a dos xingros, ligada á comarca de Celanova, terra de músicos por antonomasia. Non era só un xeito de comunicar para non ser entendidos, era un xeito de entender a vida, polo que debe ser compromiso de todos e todas nós a posta en valor dos traballos de recompilación realizados e por realizar, e a loita para acadar que sexa un ben cultural, social e antropolóxico da nosa provincia, protexido como patrimonio inmaterial. Por outra banda, o tempo, como ben dicía a moción de DO, xoga na nosa contra, posto que se non nos poñemos mans á obra xa non nos queda facer os estudos sobre os que aínda existen e investigar o que xa pasou. É hora de adquirir un compromiso firme e palpable poñendo en prazo unha data para a consecución dos acordos. Dende o noso grupo creemos que o vindeiro ano, sen máis dilación, se poña un obxectivo, se poña en marcha unha das accións que contribúan á difusión destas manifestacións culturais e lingüísticas. Ademais, instamos a que se acorde comprometer unha dotación económica destinada a este fin, posto que as palabras, malia ser valiosas, non se traducen en obras se non hai verdadeira vontade. O noso voto vai ser tamén que si. Grazas.

D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular: bo día, señores deputados e señoras deputadas. Para min, como portavoz do PP nesta moción, agrádome escoitar as palabras dos demais portavoces dos grupos, porque isto é o que pretendo eu sempre: a construción, construíamos un Ourense mellor, construíamos algo que nos represente a todos. Alguén falaba da chispa: a chispa é o que nos define aos ourensáns, oxalá que esa chispa non nos falte nunca. Coa maioría do que vostedes dixeron, evidentemente, non podemos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

estar máis que de acordo. Levaríanos todo un día falar dos naceiros, do barallete, e da realidade na que viviron e traballaron. Con independencia da moción, ou non, traballouse, trabállase e seguirase traballando en algo que nos identifica como pobo, terra da chispa. Falar de barallete e de afiadores é falar de Ben – Cho – Shey, para quen non existía Orense, senón Ourense, sempre Ourense; a quen, dende o meu concello, cando eu presidía a Corporación, decidimos, estando vivo, nomear o colexio co seu nome. Foi, dende logo, para nós, para o Concello de Pereiro de Aguiar, para a chaira da que el falaba continuamente no libro *Santa Marta de Moreiras*, o maior honor baixo a miña presidencia da Corporación. Ben – Cho – Shey significaba moito para Pereiro de Aguiar, e Ben – CHO – Shey significaba moito para Galicia, porque era bo e xeneroso, tiña todo virtudes, non tiña coñecidas ningunha falsidade nin nada que non fose estar a disposición dos demais. Ben – Cho – Shey deixou dito, referíndose a si mesmo, que era un “colector do barallate”, ao considerarse un estudoso, non só da forma de comunicarse dos afiadores, senón tamén da súa forma de ser. Así o deixou patente na súa gran obra, *Santa Marta de Moreiras, monografía dunha parroquia ourensá, 1925 – 1935* que tardou case que trinta e cinco anos en ser publicada, no ano 1968, un tema no que non deixou nada por abordar. E vou ao índice da súa obra, porque creo que é unha forma de mostrar o que fixo Ben – Cho – Shey: A terra: descrición xeográfica (describiu a xeografía da parroquia) os pobos (describiu ou pobos, describiu non soamente os pobos senón que fixo planos de todos os pobos da parroquia) a xente (tamén da xente recolleu), a historia: notas históricas, documentos, as igrexas, o hábitat, as construcións, a moblaxe, o vestido, a mantenza, vida social, o traballo da terra, os oficios, os ambulantes, o barallete, os costumes, as festas, a infancia, os nenos , os xogos, recolleita folclórica: contos, refráns, adiviñas, romances, cancionero, bibliografía do cancionero. Ben – Cho – Shey foi o primeiro que se mergullou na vida e se alzou como valedor da lingua dos afiadores, como vehículo de relación e tamén de cultura. Tivo a virtude de ser non só recompilador do barallete, senón de facer unha interpretación lingüística da xiria dun gremio que recolleu o mundo enteiro na procura dunha mellora do seu benestar. O esforzo realizado axudounos a coñecer mellor a realidade dos afiadores, mediante un traballo rigoroso, exhaustivo, realizado dende dentro, introducíndose na vida mesma dos afiadores, e na súa forma de vivir, incluso de sentir de cada día. Unha condición de vida no medio rural, que se reflicte empregando termos do mundo agrario non exentos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

de ironía e de retranca. O seu traballo serviría de xerme para que outros profundasen no estudo, se ben o seu traballo sérvenos para axudarnos a entender a vida dos afiadores, a súa comunicación e as razóns polas que utilizaban o barallete como forma de comunicación oral, sendo imprescindible se queremos coñecer a historia dun pobo e da súa xente. É evidente que calquera estudo, xa o dixen na comisión, nunca se pode dar por rematado, e moito menos se está relacionado con persoas e co seu xeito de vida, sempre quedará moito por coñecer, e aquí únome a vostedes que, dende logo, imos ir por ese eido. A realidade á que nos estamos a referir non é allea a esta afirmación. Dende a Deputación vense contribuindo, en todo o que ten que ver co mundo dos afiadores, pois trátase da nosa sinal de identidade como pobo: a terra da chispa. A biblioteca de Ben – Cho – Shey é patrimonio desta institución, e non só é patrimonio desta institución, porque aí non tería ningún valor, é patrimonio dos ourensáns. Foi adquirida por esta institución. Son varias as publicacións, algunhas delas as traio aquí, e algunhas xa se fixo referencia, como foi o congreso internacional de 2014, que o teño fisicamente aquí e que tratou todos estes temas e foi coordinado por persoal do Centro de Cultura Popular *Xaquín Lourenzo*, dependente desta Deputación, e aquí estas as actas, onde interveu persoal da universidade e se recolle o moito e de gran importancia que hai, para que iso que hai aquí non se perda. Existe tamén algo que publicou esta institución, *O barallete*, de Ben – Cho – Shey, que hai o compromiso do Sr. Presidente de reeditalo porque creo que merece a pena, aquí non está traducido aos idiomas que antes se dixo, se ben nas actas do congreso si se recolle como anexo a tradución aos idiomas dos que aquí se falou antes, o cal demostra a importancia que tiña e ten para nós. Tamén se falou do naceiro (*o Sr. Doval exhibe nese intre un exemplar dunha revista titulada O Naceiro, como fixo antes coas actas do Conregso e co libro de Ben – Cho – Shey*) que dende logo reflicte a vida dos afiadores. Esta institución tamén editou un libro sobre Ben – Cho – Shey, que, inda que é pequeniño, recolle fielmente o que era Ben – Cho – Shey (*exhibe unha fotocopia da portada do libro de referencia*).

Don Gonzalo Pérez Jácome, do Grupo de DO: tes aí un bazar...

Don Manuel Doval Soto: non teño un bazar, teño algo que se refire a unha realidade que para min é tremendamente importante (*exhibe mentres di esas palabras unha fotocopia da portada do libro de Fidalgo Santamarina, O Afiador, na que se recolle unha fotografía dun afiador tradicional*). Este é o libro de Antón Santamarina, que ten editado outro máis, e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

dende logo pois aquí aparece a vida dos afiadores. Podería estar aquí amosando moitas outras cousas, pero imos continuar, porque levamos moito tempo do pleno e non quero eu molestar aos señores deputados e deputadas. Como institución entendo que debemos amosar a nosa gratitude a todos os que dedicaron parte da súa vida ao estudo da realidade á que nos estamos a referir, algúns, moitos, citados aquí por vostedes, pero que seguro que quedan moitos máis. Xosé Antón Fidalgo Santamarina, quen sei que levou a cabo un traballo de moitos anos, que lamentablemente non puido culminar a súa publicación polo seu prematuro falecemento, e co que compartín bastante horas na universidade, porque teño o honor de dicir que foi profesor meu en dúas ocasións, e me unía unha gran relación; a facultade de Ciencias de Educación e a súa familia, seguro que non poñerán impedimento en sacar á luz tan importante documentación, e a Deputación fará o que sexa preciso para que así ocorra. Teño que dicir que eu mantiven conversas informais con profesores da universidade, e que dende logo imos seguir, tampouco non era cousa de vir aquí a contalas, e confío en que a súa familia, a universidade, e toda a documentación que hai po aí, que é extensísima, unha refírese a unhas cousas e outra a outras, e merece a pena. Por outra banda, o museo das tarazanas, e aquí se fixo referencia a Florencio de Arboiro, temos a seguridade de que, non cando queremos, pero máis pronto do que pensamos esperamos que vai ser unha realidade, e iso tamén grazas a esta institución, que non fai nada extraordinario, senón que fai o que realmente hai que facer, que é que quen representou á nosa terra e a nosa provincia apareza no máis alto do mundo. Fidalgo Santamarina, no seu libro, fala de que entrevistou a máis de cen afiadores, algúns deles vivos, e sorprendeume que un terzo deles eran de Pereiro de Aguiar, e tamén doutros concellos, e hai un pobo, Mazaira, que de vinte veciños, dezaseis eran afiadores. Ben, creo que queda un traballo por diante, e creo importante que todos, polo que representa, rememos na mesma dirección. Imos votar a favor, e esperemos que iso que hoxe aquí se amosou de interese pois sexa construtivo, e a Deputación, con independencia de que apareza o que vostedes pedían, pois vai facer o imposible pola posta en valor de algo que nos identifica como pobo. Nada máis, e, de momento, moitas grazas.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO: alédame saber que todos os grupos presentes neste plenario entenderon moi ben non só a letra senón tamén o espírito da moción. Nomeouse a moita xente, na nosa primeira intervención nomeamos a algúns e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

noutras se nomearon a outros dos que tiñamos coñecemento, loxicamente, pero tampouco se trataba de facer aquí e agora un relatorio de todas as persoas que están involucradas. Aquí o Sr. Doval fixo un panexírico, unha homenaxe, xustificadísima por outra parte, a Ben – Cho – Shey, pero ben, facíame un pouco de risa porque saben vostedes que Ben – Cho – Shey, no seu epitafio, pediu que non lle fixeran homenaxes despois de morto, co que estaba agora pensando que si dende algún sitio nos está escoitando ao mellor está dicindo “me cago en tal...” Cando menos, vostedes lle fixeron en vida a homenaxe de poñerlle o seu nome á escola, e está moi ben. Tamén falou de Fidalgo Santamarina, co quen tamén me uniu unha gran amizade e co que tamén compartín moitos días, porque eu sempre ía tomar o viño ao Ateneo, cando el era o presidente, nos últimos anos, e asombroume a súa enteira cando xa coñecía a súa enfermidade e ben, poderíamos falar de moita outra xente, de Florencio de Arboiro, que tamén leva feitos moitos traballos, toda esa xente que vostede nomeou. Sinxelamente, vexo que entenderon perfectamente non só a letra senón o espírito da moción, e alédame que vaian votar todos vostedes a favor. Moitas grazas.

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular: eu, xa para pechar, había outro número de *Raigame* que dedicou unha parte ao afiador (*exhibe o exemplar da revista Raigame ao que se refire*) quero dicir que dende sempre a institución, antes de estar nós aquí, pois xa tiña interese por isto. En canto ao que dicía vostede, eu reflectín iso, cando estaba vivo, non soamente o colexio, senón un club de atletismo tamén leva o seu nome e percorreu España enteira co nome de Ben – Cho – Shey, e chamaba moitísimo a atención por onde ía, porque a xente se preguntaba que era aquilo. Non vou falar máis de Ben – Cho – Shey, que representa moitísimo para o meu pobo, e persoalmente estou totalmente de acordo en que as cousas hai que facelas, se é posible, cos vivos. Nada máis.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO: ben, o esencial xa está todo dito, unicamente lembrar que a moción non se refire soamente ao barallete, senón tamén ás outras falas gremiais, que tamén nomeou o portavoz do PSOE, a xingra, segundo se dixo da zona de Celanova, segundo os expertos máis ben da zona de A Mezquita, de A Merca, aínda que todo é terra de Celanova, e iso sería unha cuestión para deixar en mans dos expertos que pretendemos que sexan financiados tanto nas súas investigacións como nos proxectos futuros, porque no futuro tamén haberá xente como as persoas das que estivemos falando, entón mos facer o posible por cederlles o máximo de material, para que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

poidan seguir traballando no futuro. Como se diría en xingra, abuña copo, está moi ben que todos esteamos de acordo nestes temas.

O contido íntegro das intervencións transcrictas anteriormente recóllese no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9.](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade de todos os membros da Corporación, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Crear un grupo de traballo para a compilación de todo o relativo aos aspectos lingüísticos, filolóxicos, sociolóxicos, históricos, etcétera, relacionados co barallete dos afiadores, o barallete dos “xingros” e outras xergas que nun pasado non tan afastado floreceron na provincia de Ourense. Este equipo procederá á recollida de testemuñas do maior número posible de persoas que os usaron, e que aínda vivan, valorando tamén as posibles achegas de descendentes ou coñecidos directos.

2º.- Poñer en marcha accións para a organización de congresos ou exposicións, produción de documentais, edición de libros ou calquera outra iniciativa que contribúa á posta en valor e á difusión a esa manifestación da cultura e da historia da nosa provincia.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA O APOIO DA REHABILITACIÓN DO CAMPAMENTO ROMANO DE PORTOQUINTELA (BANDE).-

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda de adición a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular: bo día de novo. O campamento romano de Portoquintela é unha das xoias do noso patrimonio, e os traballos arqueolóxicos levados a cabo fixeron posible sacar á luz o campamento romano máis escavado de toda a península. O seu interese científico e monumental o sitúan entre os máis importantes do mundo. O asunto que estamos a tratar pretende, en primeiro lugar, recoñecer o extraordinario traballo desenvolvido pola Fundación Aquae Querquennae Vía Nova e polos membros do grupo arqueolóxico Larouco, personalizando o dito esforzo e compromiso no arqueólogo Antonio Rodríguez Colmenero; por outra banda, o compromiso da Deputación de continuar apoiando os traballos arqueolóxicos co conxunto de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Portoquintela, coas súas achegas económicas e coa posibilidade dunha colaboración de carácter plurianual; prestar axuda á Fundación Aquae Querquennae ante outras administracións para fornecer as súas actuacións. Os bens son patrimonio da humanidade, e por iso legalos á vindeira xeración é un compromiso que vai máis aló do lugar e da provincia na que radican. Nada máis, de momento, e moitas grazas.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas, Sr. Presidente. O campamento romano, as termas do Baño, xunto coa Vía Nova e a igrexa visigótica de Santa Comba, son un referente esencial do turismo cultural da zona, e por desgraza bastante descoñecido a nivel popular. O apoio ás escavacións deste xacemento arqueolóxico romano ten sentido, sempre que a Deputación asuma un compromiso xeral de apoio a todo o patrimonio arqueolóxico da provincia, demandando aos concellos, por unha banda, e colaborando con eles para que asuman a responsabilidade legal que a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia lles impón. Se o apoio é económico, como parece, a Deputación debera, en colaboración coa Xunta e cos concellos, implicarse tamén noutros xacementos da provincia carentes de apoios e atencións. Isto conlevaría a elaboración dun plan sobre o patrimonio arqueolóxico ourensán que fuxira de "compromisos" puntuais e mirase cara ao interese xeral deste patrimonio. Existindo en Ourense un Museo Arqueolóxico de moita importancia e cun equipo técnico competente, tal vez se debera contar con esa institución para realizar unha diagnose do patrimonio arqueolóxico de Ourense, na que podería colaborar o Grupo Marcelo Macías, asociado a este Museo. Por suposto que o grupo do BNG non se vai opor a esas "xestións con outras administracións" no relativo a Aquis Querquennis, pero cómpre instar desas outras administracións a atención que precisa todo o patrimonio arqueolóxico ourensán, no seu conxunto, hoxe desatendido e abandonado. A Lei de Patrimonio Histórico establece a obriga de destinar nos contratos de obras públicas unha partida de cando menos o 1% a traballos de conservación ou enriquecemento do patrimonio cultural do Estado ou ao fomento da creatividade artística, con preferencia na propia obra ou no seu inmediato entorno. O Ministerio de Fomento acordou co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en 2013 aumentar a porcentaxe ao 1,5% para as súas obras públicas. Só no ano 2015, o diñeiro destinado para as obras do AVE a Galiza supuxeron algo máis de 700 millóns de euros,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

polo que estaríamos falando de máis de 10 millóns de euros por esa vía para atender, en parte, as moitas necesidades en canto a patrimonio que ten o noso país. Aí se encadra a nosa emenda de adición, que consiste en engadir tres novos puntos á moción do PP, que son os seguintes: primeiro, *fomentar desde a Deputación Provincial en colaboración coa Fundación Aquis Querquennis, a posta en valor do conxunto patrimonial a través da súa divulgación e difusión non só científica, si non tamén como motor socio - económico e referente do rico patrimonio cultural e patrimonial da Baixa Limia*; segundo, *elaboración, en colaboración coa Universidade de Vigo e co Museo Arqueolóxico, a través do grupo Marcelo Macías, dun plan director sobre o patrimonio arqueolóxico da nosa Provincia*; e, terceiro, *instar á Xunta de Galiza e ao goberno do Estado, a través do 1% cultural, ao compromiso efectivo para atender todo o patrimonio arqueolóxico ourensán, no seu conxunto, hoxe nun evidente estado de abandono*. En todo caso, anunciar que, con independencia de que se acepten estas emendas, que consideramos de interese, nós imos votar a favor da moción. Moitas grazas.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO: a importancia histórica, arqueolóxica, cultural, etcétera, dese campamento, ben coñecido de todos vostedes, pois é obvia. Casualmente, un dos nosos colaboradores máis directos do partido, Eloy Mojón, que forma parte do persoal asesor do noso grupo, formou parte do persoal que escavaba ese xacemento, polo que coñecemos ben, de primeira man, todo o que atinxe a ese lugar, e este compañeiro levounos en moitas ocasións e explicounos moitas cousas, polo que somos plenamente conscientes da importancia dese xacemento. Nós imos a votar totalmente a favor desta moción, e no caso da emenda do BNG nos cinguiremos ao que diga ao respecto o grupo propoñente. Nada máis, moitas grazas.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista: ben, dende o Grupo Socialista queremos poñer en valor o traballo realizado no campamento romano de Portoquintela dende o ano 1975, mais tamén queremos lembrar que non é a única contorna arqueolóxica da provincia de Ourense que precisa atención por parte desta institución. De feito, fai nove anos o director do Grupo Larouco, o encargado das escavacións de Bande aseguraba, literalmente, que “é o campamento romano máis escavado de toda a península ibérica, e que é o mellor conservado de España grazas á auga”. Está claro que estes restos son uns dos principais do noso rico patrimonio, pero tamén que levan recibido bastante

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

apoio durante as últimas décadas, a pesar de que unha parte importante dos seus 25.000 m² aínda permanecen baixo terra. O apoio que recibe dende a Deputación, como se dixo, pero tamén dende a Xunta, a Unión Europea e as empresas como FENOSA, achega cada ano fondos moi importantes para a fundación do grupo arqueolóxico Larouco. En cambio, outras escavacións da provincia esmorecen pola falta de cartos: están, por exemplo, as minas, as minas romanas de A Médoa, en Valdeorras, os restos de Riocaldo en Lobios, e hai moitas máis. Estamos de acordo en apoiar para seguir traballando no campamento romano de Portoquintela, pero cremos que a Deputación debe abrir o abano e brindar o seu apoio a todos os outros xacementos ourensáns que precisan investimentos. Na provincia temos uns vinte grandes xacementos arqueolóxicos, e a Deputación debería dar o seu apoio a todos eles, a través dun plan de actuacións arqueolóxicas supervisado e dirixido por expertos da Facultade de Historia de Ourense. O patrimonio ourensán é moi extenso, segundo as últimas guías publicada Ourense é, tras Palencia, a provincia española con máis patrimonio catalogado. Está claro que temos abundante materia prima e, non obstante, levamos quince anos co Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense pechado. Eu me pregunto que fixeron vostedes dende a Deputación, creo que máis ben fixeron unha competencia non sei se dicir desleal, porque en vez de traballar activamente porque este museo abra as súas portas anunciaron que ían facer tres museos máis na cidade, un deles para Os Bolechas. Non nego a importancia dun espazo para os máis cativos, que aprendan e se divirtan cos debuxos, pero tamén cremos importante, primordial, sacar á luz as 40.000 pezas arqueolóxicas do museo, que agora están apiladas nunha nave, dende fai máis de quince anos. O Museo Arqueolóxico non só é importante polos seus fondos, é tamén importante polo edificio, que alberga como saben o antigo pazo episcopal, que foi declarado monumento artístico en 1931 e que tamén ten o candado posto. Este edificio é un dos orixes do actual casco histórico da cidade, e mentres segue pechado, vostedes seguen a mirar cara outro lado. Quince anos con 40.000 pezas gardadas nun almacén. E vostedes, en vez de loitar por que de una vez se fagan todas estas obras, se enredan en pasar o tempo anunciando museos, algúns deles sen contido. Xa sabemos que no caso do Museo Arqueolóxico a titularidade do edificio é estatal, e que a súa xestión corresponde exclusivamente á Xunta de Galicia, pero na Deputación debemos reclamar o impulso para que se fagan as obras de reforma deste edificio tan relevante. Aínda que onte mesmo tivo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

lugar a reunión constitutiva da comisión provincial de patrimonio, os feitos deixan claro que a política, no tocante a patrimonio, é improvisación, e non en base a un plan de actuacións arqueolóxicas coordinada cos expertos e coas demais administracións públicas. Eu teño que dicir que benvida sexa esa comisión provincial, para falar de patrimonio, pero parécenos insuficiente se non hai un plan global de actuacións, feito polo miúdo e analizando a situación do noso patrimonio. Tamén vou anunciar que imos votar a favor da moción e da emenda do BNG. Moitas grazas.

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular: eu teño que dicir que imos empezar polo que imos empezar, e por iso ven esa moción aquí. Creo que é unha boa iniciativa a de crear a comisión de patrimonio provincial, desta institución, e esa debe ser a que nos marque un pouco o camiño, se plan director, se non plan director e demais. Me chama a atención algunha das cousas, e créanme que o fago na mellor das intencións: cando se fala de que leva moitos anos pechado o Museo Arqueolóxico Provincial, e eu visiteino hai uns días e están con escavacións, e ademais é competencia doutra administración, pois creo que houbo oportunidades de facelo, non dende aquí, quizá a quen tiña a responsabilidade era a quen había que esixirlle que actuase. Xa a situación apocalíptica do señor do Bloque non coincido con ela, o patrimonio evidentemente pois necesita moitísimo investimento e moitísimo traballo, eu convídoos a visitar San Cibrao de Lás, e xa verá como algo alí se fixo, e polo tanto por algún sitio haberá que empezar. Os medios económicos son os que son. Cando fala tamén do tema de que se destine o 1 % dos orzamentos para eses fins, debe saber que é só para os que teñan clasificación de ben de interese cultural. O sexa, estamos de acordo en que temos que actuar, en que somos a provincia con máis patrimonio pero, con sentidiño. Tamén se fala aquí da universidade e da Xunta, e neste momento estámolos demandando, iso quere dicir que dalgún xeito afrouxaron un pouco o acelerador algunhas empresas privadas no que nos ocupa. Hoxe estamos co que estamos, e no futuro creo que debemos ir dando pasos en firme e non abranguer moito e apertar pouco, pintar moito sobre o papel plans directores e logo actuar pouco sobre a realidade; imos actuar sobre a realidade pasiño a pasiño. Estou en total desacordo en que non se cren espazos, iso non quita para que non se siga actuando no patrimonio, e antes falei aquí do museo das rodas de afiar, ¿en que quedamos?, ¿merece ou non a pena iso, algo que nos identifica como pobo? Xa sei, eu se estivese ao mellor onde están vostedes diría tamén que había que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

facer moitas cousas, pero tamén lles digo que non sería suficiente o orzamento da Xunta para acometer a cantidade de bens que temos na provincia para poñelos en valor todos. ¡Colaboración?: a de todo o mundo, xa sexa a universidade, xa sexa outras administracións ou a sociedade, creo que aí é importante que vaiamos por aí, e o voluntariado, tamén nestes temas, ten unha grande importancia. Apoiemos a quen está traballando no campamento ao que nos estamos a referir, e o futuro, como digo sempre, sigamos traballando para que mellore. De momento nada máis.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: simplemente, eu creo que para nada trasladei unha visión catastrófica nin apocalíptica do tema, todo o contrario, e de feito as nosas emendas son de adición, nós compartimos a moción orixinal e os seus obxectivos e ían destinadas a completala, a melloralala e a chegar pois ao que nos entendemos que debería ser, e por iso falabamos do plan arqueolóxico e por iso falabamos de que se garantira o financiamento, que ao final é o problema de calquera tipo de actuación, sexa da índole que sexa. O que teña que ser declarado BIC, non entendemos que sexa un impedimento, sería en todo o caso un atranco. Nós por exemplo, no caso concreto da comarca da Limia, temos un ben de interese cultural que leva anos, décadas abandonado, e que necesitaría unha intervención urxente, porque desgraciadamente, e xa o falei aquí nalgunha outra ocasión que temos debatido estes temas, a degradación a que se ven sometidos estes restos, sobre todo os que están expostos ás condicións atmosféricas, pois é evidente co paso dos anos, e canto máis tardemos en actuar, peor será. Estou falando en concreto do mosteiro de Trandeiras. Onte mesmo estiven nunha charla dun arqueólogo que fixo unhas catas na Torre de Pena, onde se está empezando a albiscar unha historia que está aí soterrada, e que merecería tamén un financiamento, algún tipo de promoción, algún tipo de plan para que se puidera saber que hai aí exactamente, pois o descuberto ata agora é moi prometedor, e dunha riqueza súper interesante para a Limia. Sobre todo, nós non vemos isto exclusivamente como unha intervención de carácter cultural, senón – e a iso ía a primeira emenda que faciamos – senón que tamén debería ter un aproveitamento económico e xerar riqueza nos sitios onde temos esta riqueza patrimonial que, por fortuna, tanto na provincia de Ourense como en toda Galicia é dun valor incalculable, e o obxectivo debería ir por aí: posta en valor, por un lado, para conservar e coñecer a nosa historia e, tamén, dende un punto de vista de aproveitamento económico, para xerar riqueza no entorno máis próximo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

de cada un deses restos arqueolóxicos, sobre todo para que tamén haxa xente que vise que este tipo de intervencións lle poden reportar beneficios dende o punto de vista económico e de creación de riqueza nese entorno. Nada máis, moitas grazas.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO: coincidindo co PSOE e co BNG en que hai moito máis onde escavar e moitos máis recursos arqueolóxicos e turísticos na nosa provincia, a moción se ocupa do tema que se ocupa. Cando Ramiro estaba a falar dun recurso arqueolóxico importante na Limia, eu estaba dubidando, porque ao final aclarou que era o de Trandeiras, pero podían ter sido moitos máis lugares, concretamente e por poñer un exemplo, preto de Vilar de Barrio hai un monte que era un castro, moi estudado por Rivas Quintas, Castello Berensi; antes falouse do Museo Arqueolóxico, e nese museo hai unha peza atopada a principios de século XX, un Hermes, un deus romano, Mercurio, que se atopou alí, e acabo de lembrarme dunha anécdota, a tarxetiña que lle poñen no museo pon que foi atopada no municipio de Baños de Molgas, iso era así no momento no que se atopou, porque daquela esa zona pertencía a Baños de Molgas, pero logo cambiaron os límites deses municipios a principios do século XX, e cando volva abrir o museo haberá que dicirlles que cambien esa tarxetiña se non o fixeron xa. Quero dicir que poderíamos estar falando de moitos máis lugares, de moitos máis recursos de toda a provincia, pero cinguíndonos á moción, no caso concreto de Aquis Querquennis, votaremos a favor e no caso da emenda nos cinguiremos ao que decida o grupo propoñente.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista: en relación co museo provincial que dicía, eu reitero que hai que loitar dunha vez por todas para que se fagan as obras comprometidas. Hai escavacións da provincia que esmorecen, se fan pequenas obras pero é necesario facer un plan global de actuacións, analizando a situación polo miúdo do noso patrimonio. Non estamos en contra de que se abran os museos que se anunciaron, pero si que é verdade que hai algúns museos que anunciaron que para nada aínda teñen contido. Nada máis, moitas grazas.

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular: vou repetir o que xa dixen antes, evidentemente somos conscientes do noso patrimonio, eu podería dicir bastantes elementos dos que aquí non se falou que necesitan a súa rehabilitación, e moitas cousas, e moito patrimonio material e inmaterial, etcétera, etcétera, pero imos ter os pes no chan, que creo que é o importante, e imos seguir traballando, e esa comisión que se acaba de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

constituír espero nos de luz de por onde debemos empezar e que actuacións serían máis urxentes. Son consciente de que se fóssemos quen de poñer o noso patrimonio en valor, isto sería o non vai máis, no aspecto económico e no aspecto cultural e educativo, etcétera, pero, xa digo, temos que ter os pés no chan. Por tanto, esas son as razóns polas que imos votar en contra da emenda que propón o BNG. Sería imposible á hora de elixir outras posibles actuacións, e entendo que nolo deben dicir os técnicos, con razóns obxectivas, e seguro que as que vostede dixo o son, non o discuto, pero haberá que ter en conta o financiamento, e teña a seguridade que dende aquí demandaremos financiamento para isto, non imos quedar calados e imos demandar que esta provincia, que é a que máis patrimonio ten dende o meu punto de vista, reciba o que lle corresponde (a palabra “discriminación positiva” non me interesa). Pero queremos ser prudentes nisto, e esa é a razón de que votemos en contra da súa emenda.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de adición do BNG, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Popular, que é aprobada por unanimidade dos deputados/as presentes, adoptando o Pleno o seguinte acordo:

1º.- Continuar apoiando as escavacións e traballos de rehabilitación no campamento romano de Portoquintela coa correspondente axuda económica, estudando a posibilidade de propoñer unha colaboración de carácter plurianual.

2º.- Axudar á Fundación Aquae Querquennae nas xestións precisas diante doutras administracións públicas e doutras entidades para fornecer as súas actuacións, tendo en conta que estamos ante unha das cuestións histórico - patrimoniais máis relevantes da provincia de Ourense.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

11º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DAS BASES DO PROGRAMA PROVINCIAL DE ASISTENCIA ECONÓMICA, TÉCNICA E XURÍDICA AOS CONCELLOS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2017.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente, e moi brevemente, como se trata de aprobación definitiva de temas que xa foron tratados nun pleno anterior. En consonancia coa postura que mantivemos na aprobación inicial, e polos mesmos argumentos xa entón expostos, imos votar en contra, tanto neste punto como no seguinte. Moitas grazas

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moi boa tarde, non me vou estender moito, dada a hora que é e que este asunto xa foi tratado en plenos anteriores, polo tanto os argumentos son os mesmos, xa ditos noutras ocasión incluso en anos anteriores, e tamén xa alegados por varios concellos. *Grosso modo*, os nosos argumentos son dous: primeiro, consideramos que a contía que se destina é manifestamente insuficiente para o que lle custa este servizo aos concellos, e o segundo, trátase dunhas bases que entendemos discrimina a concellos de menos de 5.000 habitantes que non estean mancomunados, e por ende aos seus habitantes. Polo tanto, vemos aí unha falla de vontade política e de obstinación pola súa parte. O que imos facer é o mesmo que fixemos na comisión, votar en contra da desestimación das alegacións formuladas.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente, imos aplicar o espírito do Nadal á brevidade tamén, e simplemente dicir que, como isto xa foi debatido, no trámite de información pública presentáronse tres alegacións, unha do Grupo Socialista que se compón de dúas ás que se acaba de referir o Sr. Fraga Civeira, que coindice esencialmente coa formulada polos concellos de Vilamartín, A Rúa e Petín, e logo unha formulada pola Área de Benestar da Deputación de ampliación do prazo para adherirse ao programa por razóns operativas de cara aos concellos. Pois ben, con respecto a estas alegacións do Grupo Socialista e deses tres concellos, brevemente direi o seguinte: o programa provincial Benourense non impide a formación de UTES dos distintos concellos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

se estes son menores de 5.000 habitantes, xa que non é función do dito programa nin prohibir nin permitir dita cuestión. O programa limítase, e xa se dixo unha e outra vez, a financiar os servizos comunitarios das entidades locais para que poidan dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 35 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, que xa foi citado aquí nos debates en múltiples ocasións. Este programa nin autoriza nin prohibe a formación de UTES, limitándose a financiar as UTES e as UNIS xa existentes, e digo xa existentes. No caso concreto dos concellos reclamantes non consta que estean prestando estes servizos sociais, e en consecuencia a modificación do programa para incluír o financiamento de servizos sociais comunitarios mediante entidades mancomunadas ou agrupadas mediante calquera fórmula, pasa previamente pola constitución e creación do dito servizo por parte das entidades locais conforme coa vixente lexislación de servizos sociais. Polo tanto, non procede que estimemos as ditas alegacións, por razóns que logo tamén direi brevemente. Con respecto á estimación do Grupo Socialista respecto do SAF básico, non procede a súa estimación ao non existir no momento actual crédito orzamentario adecuado e suficiente para a ampliación da dotación económica da dita acción, e esta deputación xa ven facendo un gran esforzo económico para axudar aos concellos. E dito isto, porei un exemplo: eu lle pedín á Area de Benestar, porque así mo encomendou o Sr. Presidente, que fixeran unha pequena simulación das múltiples posibilidades que se podían dar en razón ás alegacións que presentan vostedes e eses concellos aos que me referín; pois ben, resultaría que pasaríamos de 13 a 23 técnicos medios, de 4 técnicos superiores a 8, e lémbrolles que o orzamento que temos previsto é de en torno aos 300.000 euros para técnicos medios e superiores, e de 732.000 para o SAF básico, con isto teríamos que duplicar aproximadamente o orzamento para técnicos medios e superiores, e iso implicaría minorar o SAF básico, ou senón, pois cartas aos Reis Magos que veñen aí, e antes xa vin que en programas de arqueoloxía, de recuperación patrimonial, etcétera, etcétera, vostedes din todos que hai que dotar medios importante e suficientes para iso, para isto tamén, a verdade é que non han dicir de onde os quitamos. Moitas grazas.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: non, nada mais dicirlle ao Sr. Álvarez Dobaño que como cando chegan os orzamentos sempre nos está dicindo que non facemos propostas, xa lle fago unha con antelación, para que a teña en conta e non me veña con esa *cantinel*a cando cheguen os orzamentos. O incremento deste

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

programa é cuestión seguramente de priorizar, e quitar dunhas partidas e darlle a outras, e o certo é que temos unha gran cantidade de persoas necesitadas de servizos sociais no rural, é unha prioridade que vostede, como alcalde, coñece ben, igual que os que estamos aquí. Nda máis, teña en conta esta proposta cando sexan os orzamentos.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11.](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo

1º.- Desestimar as alegacións formuladas polo Grupo Provincial Socialista e polos concellos de Vilamartín, A Rúa e Petín, polos seguintes motivos:

O Programa provincial BenOurense non impide a formación de UTES dos distintos concellos se estes son de menos de 5.000 habitantes, xa que non é función do dito programa nin prohibir nin permitir a dita cuestión. O programa límitase a financiar os servizos sociais comunitarios das entidades locais para que poidan dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 35 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, en relación co anexo 2 do dito decreto. Este programa nin autoriza nin permite a formación de UTES, limitándose a financiar as UTES e UNIS xa existentes. No caso concreto dos concellos reclamantes non consta que estean prestando este tipo de servizo social.

En consecuencia, a modificación do programa para incluír o financiamento de servizos sociais comunitarios de entidades locais mancomunadas ou agrupadas mediante calquera outra fórmula pasa previamente pola constitución e creación do dito servizo por parte das ditas entidades locais, conforme coa vixente lexislación de servizos sociais. De feito, o programa actual acolle UTES de municipios de menos de 5.000 habitantes agrupados en mancomunidades (como o caso das mancomunidades de Verín, Carballiño, Ribeiro e Santa Águeda).

2º.- Estimar a alegación formulada pola Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense, modificando o prazo de adhesión establecido na base I, apartado B), quedando fixado no día 20 de febreiro de 2017.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

3º.- Aprobar definitivamente as bases reguladoras Programa Provincial BenOurense de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2017, co seguinte contido:

I) Bases xerais:

A) Obxecto e alcance do programa:

Constitúe o obxecto do Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2017 o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ao abeiro dos preceptos citados, o obxecto do Programa cingúese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este Programa estrutúrase en tres accións:

1ª) Acción 1: asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social.

2ª) Acción 2: asistencia económica co obxecto de garantir o financiamento do servizo de axuda no fogar básico aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes.

3ª) Acción 3: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica. Esta prestación levarase a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión.

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarse exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria que a presentación de solicitudes sexa conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifieste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es> .

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo alcalde , presidente ou secretario da entidade local e remitirase telematicamente a través da plataforma ata o día 20 de febreiro de 2017. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarán o importe do cofinanciamento destinado ao servizo de axuda no fogar das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

entidades adheridas, distribuíndose o remanente entre estas últimas conforme o criterio establecido na regra de distribución da base III.

Coa adhesión os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa e, de forma específica, a aceptación das normas de uso da plataforma informática <http://benourense.depourense.es> tanto no programa de servizo de axuda no fogar (SAF), como no programa para a contratación de técnicos.

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ó cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

D.1) Pagamento anticipado do 70 % do importe máximo total de subvención previsto:

Antes do 1 de marzo , a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe máximo de subvención total previsto a cada concello. O 30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.

D.2) Xustificación e pagamento da subvención para o servizo de axuda no fogar:

A xustificación da subvención realizarase do xeito previsto na base III.3

D.3) Xustificación e pagamento da subvención para o financiamento de persoal técnico.

A xustificación realizarase do xeito previsto na base II.3.

D.4) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de se-lo caso.

E) Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas as actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2017 e 2018. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

F) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías no que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á Acción 1: Equipos técnicos municipais de servizos sociais:

II.1 Obxecto:

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación ou nomeamento de profesionais titulados que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades sociais que, segundo o previsto no Anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo teñan clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS)

A través do presente Programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación ou nomeamento dos profesionais titulados que se integren nas unidades de servizos sociais

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo. No caso de adscricións de funcionario/a ou persoal laboral de concellos e/ou mancomunidades terá que estar en situación laboral de alta para poder ser subvencionado con cargo a este programa.

No contrato, ou na decisión formal de adscribir a persoal propio da entidade, deberá reflectirse a titulación do profesional (ou profesionais), así como a categoría profesional da persoa que se adscribe/contrata e as funcións que desenvolve dentro da/s unidade/s de servizos sociais.

Poderá xustificarse o custo laboral bruto dende o 1 de xaneiro de 2017. En todo caso, para o cobro da cantidade total asignada, terase en conta que o período de contratación pola entidade sexa, cando menos, de **7 meses no exercicio 2017 e en xornada superior ás 20 horas semanais**. No caso de que a duración do contrato fose inferior en tempo ou en xornada laboral realizarase un rateo da subvención aprobada para este concepto.

Os profesionais contratados/adscritos deberán formar parte do equipo municipal de servizos sociais comunitarios da entidade e desenvolver funcións relacionadas, o cal se documentará cun certificado do secretario municipal no que conste que o profesional desenvolve funcións do ámbito dos servizos sociais municipais.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co Anexo I do Decreto 99/2012, do 16 de marzo:

a) Entidades locais de áreas rurais de 5000 ata 12000 habitantes: 1 técnico equivalente a un Grupo A, subgrupo A2 -diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes: 1 técnico igual o equivalente a un grupo A, subgrupo A2, – diferente ao/á traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidade e 1 técnico igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A1 que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

II.2. Contía da subvención:

O importe da subvención por profesional será equivalente ao módulos económicos previstos no artigo 47.3 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a seu financiamento modificados por Orde de 13 de xullo de 2016 (D.O.G número 140 de 26 de xullo de 2016)

- Por cada técnico/a Grupo A, subgrupo A2 (UTES e UNIS): 16.812,00 euros.

- Por cada Técnico Grupo A, subgrupo A1 (UNIS): 20.229,00 euros.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do Programa.

II.3. Xustificación e pagamento:

A xustificación realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez realizado o(s) contrato(s) ou nomeamento(s) do(s) técnico/a(s), o concello ou mancomunidade terá que introducir no sistema de xestión telemática os datos referidos a este contrato ou nomeamento, especificando categoría profesional, xornada de traballo, nome, apelidos e NIF, e o custo laboral previsto para estas persoas desagregando a retribución bruta e o custo de seguridade social con cargo á entidade local.

No suposto en que a entidade local xa dispuxese do persoal técnico obxecto de subvención con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2017, farase constar esta circunstancia, considerándose que o persoal está contratado ou nomeado con data de 1 de xaneiro, para os efectos da xustificación da subvención.

Para a carga dos datos no sistema deberá utilizarse o modelo definido pola Deputación e que será descargado da propia plataforma informática. O sistema permitirá xerar a certificación final, que deberá remitirse telematicamente a través do propio sistema ata o 31 de xaneiro de 2018, xunto cunha memoria descritiva dos servizos sociais efectivamente prestados segundo o modelo que figure na plataforma.

A recepción da certificación e a memoria equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose no prazo máximo de 30 días naturais ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 30 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha vixencia inferior ao semestre natural ao que se refire, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático, quedando aberta a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

posibilidade de xustificar o resto da subvención aprobada dentro da Acción I cós gastos da Acción II correspondente o mesmo exercicio e para que se terán en conta o procedemento descrito no base III.

d) O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 31 de xaneiro de 2018, e poderá concederse, sempre que se aprecie a concorrencia de causa xustificativa, como máximo ata o 1 de marzo de 2018. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido. Aquelas entidades que non presenten a xustificación no prazo previsto, sexa este o xeral previsto nestas bases ou excepcional outorgado tras unha petición razoada, terán unha penalización equivalente o 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, durante a tramitación do expediente de perda do dereito ao cobro da subvención.

III. Bases relativas á Acción 2: Asistencia económica para o Servizo de Axuda no Fogar Básico.

III.1. Obxecto:

En virtude desta acción, a Deputación Provincial subvencionará a prestación no exercicio 2017 do servizo de axuda no fogar básico polos concellos ou mancomunidades de menos de 20.000 habitantes, tanto nos supostos en que sexa prestado por xestión directa como por xestión indirecta.

Considérase SAF básico para os efectos de esta liña de subvención, aquel cuxos usuarios accedan ao servizo en réxime de libre concorrencia. Considerarase tamén como usuarios en réxime de libre concorrencia ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes en tanto o seu programa de atención individualizada non goce de efectividade.

III.2 Contía da subvención.

O importe da subvención por entidade local determínase pola aplicación da ratio de cobertura por habitante recollida no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividi-lo crédito

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

orxamentario dispoñible entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte cadro:

Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.

Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.

Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o servizo de axuda no fogar sexa prestado por mancomunidades a contía será o resultado de sumalas cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como anexo II do presente Programa.

2) A contía máxima inicial, determinada conforme á regra 1) anterior queda, en todo caso, condicionada a que o seu importe non exceda do 100 % do custo neto do servizo básico de axuda no fogar (SAF básico), que se determinará conforme ás regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O 10 % da suma dos importes anteriores, en concepto de gastos xerais.

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básico e dependencia), polo número de horas de servizos prestados de SAF básico, e dividindo o resultado entre o número de horas de servizos prestados do SAF total.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Obtido o custo bruto do SAF básico, o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

b) Xestión indirecta do servizo: o custo neto do SAF básico determinarase multiplicando o número de horas de servizo prestadas pola empresa adxudicataria polo prezo unitario por hora establecido no contrato administrativo correspondente. No caso de que o contrato administrativo non estableza ese prezo unitario, este será determinado pola Deputación Provincial coa información subministrada pola entidade local interesada.

A determinación do custo neto do SAF básico realizarase a través da plataforma informática, mediante a xeración da certificación correspondente, conforme co establecido no apartado seguinte.

III.3. Xustificación e pagamento.

A xustificación da subvención realizarase de modo sucesivo e con periodicidade mensual, mediante o emprego da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, do seguinte xeito:

a) Antes do día 10 de cada mes, a entidade local introducirá na plataforma as previsións relativas á prestación do servizo (usuarios, persoal adscrito, horas de prestación) correspondentes ao mes en curso.

b) Posteriormente, a medida que se vaian producindo, as entidades locais introducirán na dita plataforma as modificacións dos datos que se produzan con respecto ás previsións inicialmente comunicadas. En todo caso, antes do día 10 do mes seguinte ao da prestación dos servizos deberán introducirse a totalidade das modificacións producidas, debendo terse comunicado nese prazo a través da plataforma os datos definitivos de prestación do servizo. Concluído o prazo sinalado, non se poderán introducir novos datos no sistema, agás que se acredite causa xustificativa que impedisese a súa introdución en prazo. Neste suposto, a entidade local interesada deberá solicitar da Presidencia autorización para a introdución extemporánea dos datos. A Presidencia resolverá de modo motivado estas solicitudes, podendo habilitar ao seu través un prazo suplementario para a introdución ou corrección dos datos de que se trate.

c) O sistema automatizará a emisión da certificación final sempre que se teñan cumprimentados os datos conforme o procedemento descrito anteriormente. Esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

certificación remitirase telematicamente a través do propio sistema ata o 31 de xaneiro de 2018,

No caso de que o custo do servizo sexa inferior o importe da subvención concedida dentro da Acción II, o remanente que resulte poderá ser repartido entre as entidades beneficiarias desta Acción II conforme as regras de distribución prevista na base III.2

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente o 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, durante a tramitación do expediente de perda do dereito ao cobro da subvención.

IV. Bases relativas á Acción 3: Asistencia técnica e xurídica aos servizos sociais municipais.

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados públicos ao servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia da Área de Benestar e realizarán labores de coordinación e apoio aos equipos municipais e mancomunais, comprendendo a prestación de asesoramento e emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase en función dos medios dispoñibles pola Deputación Provincial en cada momento, e dirixirase prioritariamente ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e áreas rurais de elevada dispersión.

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación todos os custos salariais e de seguridade social do persoal así como as indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, a prestación do servizo non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

As prestacións de asistencia técnica planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial en atención ás demandas e necesidades formuladas polos concellos e mancomunidades.

ANEXO I

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Entid. Local Prestadora SSCM	U. Téc.	Área	Grupo A.Subgrup o A2	Módulo Económico	Grupo A Subg A2.	Módulo Económico	Total Entidade
Allariz	UTES	RURAL 28	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Barbadás	SEMIUR BANO	SEMIU RB. 9	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Barco de Valdeorras, O	UNIS	RURAL 31	1,0	16.812,00 €	1,0	20.229,00 €	37.041,00 €
Carballiño, O	UNIS	RURAL 25	1,0	16.812,00 €	1,0	20.229,00 €	37.041,00 €
Manc. de Verín	UTES	RURAL 30	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Manc. do Carballiño	UTES	RURAL 25	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Manc. do Ribeiro	UTES	RURAL 26	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Manc. Santa Águeda	UTES	RURAL 24	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Manc. Terras de Celanova	UNIS	RURAL 27	1,0	16.812,00 €	1,0	20.229,00 €	37.041,00 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	RURAL 24	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Ribadavia	UTES	RURAL 26	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Verín	UNIS	RURAL 30	1,0	16.812,00 €	1,0	20.229,00 €	37.041,00 €
Xinzo de Limia	UTES	RURAL 29	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

ANEXO II

	CONCELLO	ASIGNACIÓN 2016 (€)
1	Allariz	19.311,12
2	Amoeiro	7.167,05
3	Arnoia, A	3.320,15
4	Avión	6.263,58
5	Baltar	3.198,83
6	Bande	12.924,09
7	Baños de Molgas	5.293,08
8	Barbadás	16.701,29
9	Barco de Valdeorras, O	42.298,34
10	Beade	1.439,79
11	Beariz	3.243,53
12	Blancos, Os	2.802,97
13	Boborás	8.013,04
14	Bola, A	4.274,69
15	Bolo, O	3.154,14
16	Calvos de Randín	2.943,44
17	Carballeda de Avia	4.469,43
18	Carballeda de Valdeorras	5.420,78
19	Carballiño, O	42.776,57
20	Cartelle	9.104,86

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

21	Castrelo de Miño	4.967,45
22	Castrelo do Val	3.444,65
23	Castro Caldelas	10.063,66
24	Celanova	17.673,39
25	Cenlle	3.795,82
26	Chandrexa de Queixa	3.933,10
27	Coles	10.113,67
28	Cortegada	3.779,86
29	Cualedro	5.874,10
30	Entrimo	9.318,76
31	Esgos	3.894,79
32	Gomesende	2.646,54
33	Gudiña, A	10.369,07
34	Irixo, O	5.107,92
35	Larouco	1.679,23
36	Laza	4.546,05
37	Leiro	5.203,69
38	Lobeira	6.056,07
39	Lobios	14.808,70
40	Maceda	9.440,07
41	Manzaneda	7.262,82
42	Maside	9.191,06
43	Melón	4.127,84
44	Merca, A	6.451,94

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

45	Mezquita, A	8.260,99
46	Montederramo	6.011,38
47	Monterrei	8.804,77
48	Muíños	12.082,35
49	Nogueira de Ramuín	6.780,76
50	Oímbra	6.448,74
51	Ourense	0,00
52	Paderne de Allariz	4.743,98
53	Padrenda	6.103,96
54	Parada de Sil	4.506,67
55	Pereiro de Aguiar	20.173,08
56	Peroxa, A	6.506,21
57	Petín	3.042,40
58	Piñor	3.933,10
59	Pobra de Trives, A	16.723,11
60	Pontedeva	1.915,47
61	Porqueira	2.876,40
62	Punxín	2.426,26
63	Quintela de Leirado	2.008,05
64	Rairiz de Veiga	4.565,20
65	Ramirás	5.130,26
66	Ribadavia	16.319,79
67	Riós	5.372,89
68	Rúa, A	14.669,30

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

69	Rubiá	4.702,48
70	San Amaro	3.735,16
71	San Cibrao das Viñas	8.038,58
72	San Cristovo de Cea	7.489,48
73	San Xoán de Río	4.469,43
74	Sandiás	4.172,53
75	Sarreaus	4.095,91
76	Taboadela	4.833,37
77	Teixeira, A	2.815,74
78	Toén	3.872,44
79	Trasmiras	4.501,35
80	Veiga, A	3.020,06
81	Verea	3.326,53
82	Verín	43.017,92
83	Viana do Bolo	22.622,75
84	Vilamarín	6.467,90
85	Vilamartín de Valdeorras	5.740,02
86	Vilar de Barrio	4.645,01
87	Vilar de Santos	2.854,05
88	Vilardevós	6.927,61
89	Vilariño de Conso	4.581,16
90	Xinzo de Limia	32.061,75
91	Xunqueira de Ambía	4.782,29

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

92	Xunqueira de Espadanedo	2.611,42
	TOTAL OURENSE	732.661,08

4º.- A aprobación do presente programa queda condicionada, no relativo ao incremento das subvencións da Acción I, á aprobación da oportuna modificación orzamentaria para a dotación do dito incremento. En caso de que a dita modificación orzamentaria non se chegase a aprobar, as contías das subvencións da Acción I serán as previstas no Programa BenOurense 2016.

5º.- Publicar as bases do programa no BOP.

12º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO DO PROGRAMA BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA PUNTOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DEPENDENTES DE CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2017.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourenseana, intervén neste punto para desexarlles feliz ano a todos.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourenseana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Estimar a alegación formulada pola Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense, modificando o prazo de adhesión establecido na base I, apartado c), quedando fixado no día 20 de febreiro de 2017.

2º.- Aprobar definitivamente as bases reguladoras da convocatoria do concurso público do Programa BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para puntos de atención á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

primeira infancia e servizos complementarios dependentes de corporacións locais para o exercicio 2017, co seguinte contido:

I.- Bases Xerais.

A) Obxecto da subvención:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Puntos de Atención a Primeira Infancia (PAI)”, e/ou dos “Servizos Complementarios”.

O presente programa contempla dúas accións:

1º) Acción I: Punto de Atención á Infancia (PAI).

Ós efectos das presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio ós pais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se atopan regulados polo Decreto 329/2005, de 28 de xullo.

Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

2º) Acción II: Servizos Complementarios Municipais.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como **servizo complementario**, aqueles servizos de titularidade municipal, que por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fora da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

B) Beneficiarios.

Poderán obter subvención, os seguintes:

1. Acción I .- Os PAIs daqueles concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense non xestionados polo Consorcio galego de benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.
2. Acción II.- As corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén cun centro que reúna as seguintes condicións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

- Que teñan en funcionamento un servizo complementario da súa titularidade, xestionada de forma directa ou indirecta, que organicen o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e un sistema regulado de cobertura destas prazas .
- Que estes centros presten servizos, cando menos, 5 días da semana durante nove meses ó ano, coa finalidade de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais/mais ou representantes legais dos nenos, excepto aqueles días sinalados como festivos no calendario laboral.

Quedan expresamente excluídos de esta consideración servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

C).- Procedemento de adhesión dos concellos.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarse exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicar a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante Resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es/pai/index.php>

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo alcalde, presidente ou secretario da entidade local e remitirase telematicamente a través da plataforma ata o día 20 de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

febreiro de 2017. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no programa, causando baixa nas previsións. Neste suposto, os remanente de cofinanciamento previsto para cada Acción que non fose utilizado, incrementará o importe do cofinanciamento destinado a cada unha das Accións obxecto de subvención, distribuíndose o remanente entre as entidades adheridas conforme os criterios establecidos nas regras de distribución das base II e III respectivamente.

D) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

E) Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

E 1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada Concello.

Antes do 30 de marzo de 2017, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

E. 2) Xustificación e Pagamento final.

Ata o día 15 de decembro de 2017 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar unha certificación de xustificación do Programa Subvencionado e os gastos dela derivados da forma telemática e asinada dixitalmente segundo os formularios que lle indique a Area de Benestar da Deputación a través da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 15 de decembro de 2017 e poderase conceder sempre que se aprecie causa xustificada, como máximo ata o 15 de xaneiro de 2018. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido.

As entidades locais deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2017, facendo uso dos formularios normalizados que se deberán obter, cubrir, validar e imprimir dende a plataforma <http://benourense.depourense.es>. Os formularios conteñen:

- Memoria da execución do proxecto subvencionado.
- Relación de documentos xustificativos dos gastos devindicados. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.
- Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ó proxecto.
- Declaración responsable do conxunto de tódalas subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

- Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluí-los referidos gastos. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2017, obxecto da presente convocatoria.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A xustificación deberá realizarse ante a Deputación como máximo, ata o día 15 de decembro de 2017 (inclusive). O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable. No caso daquelas entidades que imputen á subvención gastos de seguridade social do persoal contratado para desenvolver o proxecto admitirase ata o día 15 de xaneiro de 2018 (este día incluído) a documentación probatoria do abono de cotas á seguridade social.

A Xunta de Goberno declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

E.3) Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

E.4) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose co anticipo librado, de ser o caso.

F) Control financeiro das subvencións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas as actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2017 e 2018. O control financeiro incluirá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

G) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas.

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías no que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á Acción 1: Puntos de Atención á Infancia (PAI).

II.1 Obxecto

En virtude desta actuación a Deputación Provincial subvencionará o funcionamento do Puntos de Atención á Infancia (PAI) situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar atención de apoio ós pais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, de 28 de xullo.

A través deste Programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos inherentes os servizos prestados dentro do PAI/ derivados (alimentación, equipamentos de comedor etcétera) e gastos de mantemento do centro.

Para as subvencións concedidas nesta Acción resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017 por importe de 100.000 € (cen mil euros).

II. 2 Contía da subvención.

O importe da subvención relaciónase da forma seguinte:

- a) Contía de tramo fixo, equivalente, o 80% do orzamento total previsto para esta Acción I, dividirase entre o número de PAIs que cumpran as condicións indicadas nestas bases para poder acceder á subvención que percibirán un tramo económico fixo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

80.000 € / núm. de PAIs que cumpren requisitos para subvención = Contía económica por PAI- Tramo fixo.

- b) Contía de tramo variable, equivalente o 20% do orzamento total previsto para esta Acción I, dividirse entre o número de prazas totais, cubertas polo conxunto de PAIs que cumpran as condicións indicadas nestas bases para acceder á subvención, que percibirán a contía económica que resulte de multiplicar o resultado da división anterior polo número concreto de prazas cubertas en cada un dos PAIs, da forma seguinte:

$20.000 \text{ € (20\% de } 100.000\text{€)} / \text{ núm. Total de prazas cubertas polos PAIs} =$
Contía Económica por praza.

Contía económica por praza X núm. De prazas cubertas do PAI = contía económica total que percibirá cada PAI

III. Bases relativa á Acción II. Servizos municipais complementarios.

III. 1 Obxecto.

En virtude desta acción, a Deputación subvencionará os gastos inherentes o funcionamento daqueles servizos de titularidade municipal que, en xornada diurna, desenvolven funcións de apoio de atención e coidado fora da xornada ordinaria dos centros escolares e complementaria desta para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste Programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos inherentes os servizos prestados dentro do Servizo complementario (alimentación, equipamentos de comedor etcétera) e gastos de mantemento do centro, no caso de xestión indirecta do servizo ó importe da factura xerado ao concello pola empresa que desenvolve o servizo.

Para as subvencións concedidas nesta Acción resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017 por importe de 100.000 € (cen mil euros).

III.2. Contía da subvención.

- c) Contía de tramo fixo, equivalente, o 70% do orzamento total previsto para esta Acción II, dividirse entre o número de servizos complementarios que cumpran as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

condicións indicadas nestas bases para poder acceder á subvención que percibirán un tramo económico fixo.

$70.000 \text{ €} / \text{núm. De servizos complementarios que cumpren requisitos para subvención} = \text{Contía económica por servizo complementario- Tramo fixo.}$

- d) Contía de tramo variable, equivalente o 30% do orzamento total previsto para esta Acción II, dividirase entre o número de prazas totais, cubertas polo conxunto de servizos complementarios que cumpran as condicións indicadas nestas bases para acceder á subvención, que percibirán a contía económica que resulte de multiplicar o resultado da división anterior polo número concreto de prazas cubertas en cada un dos servizos complementarios, da forma seguinte:

$30.000 \text{ €} (30\% \text{ de } 100.000\text{€}) / \text{núm. Total de prazas cubertas polos servizos complementarios} = \text{Contía Económica por praza.}$

$\text{Contía económica por praza} \times \text{núm. De prazas cubertas do servizo complementario} = \text{contía económica total que percibirá cada servizo complementario}$

IV. Disponibilidades orzamentarias.

As subvencións obxecto da presente convocatoria intégranse na liña de acción do Programa Provincia de Asistencia aos concellos e Mancomunidades para a xestión de Puntos de Atención á Infancia, contemplada no apartado D.1, acción V, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para os exercicios 2015-2019.

Para as subvencións concedidas nesta convocatoria resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017 por importe de 200.000 € (douscentos mil euros).

3º.- Publicar as bases do programa no BOP.

13º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

Non se presenta ningunha.

14º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de novembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 2º de setembro e 1º de outubro de 2016.
- Deputado delegado de Facenda: mes de novembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 4º de decembro de 2015, 4º de xaneiro, 3º de febreiro, 3º de marzo, 3º de abril, 4º de xuño, 3º de xullo, 3º de agosto, 2º de setembro e 1º de outubro de 2016.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de novembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 1º de outubro de 2016 .
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de novembro de 2016, e dos seguintes adicionais: 1º de setembro e 1º de outubro de 2016.
- Deputados e deputadas que teñen delegada a presidencia de comisión informativas: dende xaneiro de 2016 ata decembro de 2016.

Os membros da Corporación quedan informados.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que respecto da relación de decretos que se deu conta no punto décimo cuarto da orde do día ten algunhas cuestións. En primeiro lugar respecto á relación de decretos da Presidencia o número 78, do día 14 de novembro, no que se autoriza a execución dun gasto de 4.800 euros para sufragar os custos da instalación de luminarias no exterior do edificio do Pazo Provincial con motivo das festas do Nadal, gustaríalle saber a quen se lle contratou.

O **Sr. presidente** responde que lle pasará a información por escrito.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, pregunta tamén sobre o decreto da Presidencia n.º 84 do 15 de novembro, no que se autoriza a devolución de cotas a tres interesados en relación co campamento Explora Ourense, gustaríalle saber por qué razón. Sobre os decretos 161 e 163, do día 29, nos que se adxudican os servizos de atención veterinaria nos centros de acollida de animais abandonados de Xinzo de Limia e O Carballiño,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

por importes de 5.579 €, e 7.114,80 €, respectivamente, gustaríalle saber cal é a motivación desa diferenza. E para rematar, con respecto aos decretos do deputado delegado de Facenda do mes de novembro, o número 520, do 15 de novembro, no que se acordou o pagamento da factura LA-81756, de Caldaria Termal, SL, Unipersonal, adxudicataria dos gastos derivados da organización dos partidos de fútbol sala entre as seleccións de España e Exipto o 28 e 29 de xullo, por importe de 7.849,60 €, di que lles gustaría ter copia destas facturas.

O **Sr. presidente** responde que lle será oportunamente contestado e remitido todo por escrito.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, di que o Sr. Álvarez Dobaño deulle pé a facer unha aclaración, porque dicía que os concellos reclamantes no Programa Benourense tiñan menos de 5.000 habitantes, e non, son exactamente 7.285 veciños entre A Rúa, Vilamartín e Petín. E xa é a segunda vez que nos din que claro, que primeiro cren o servizo durante un ano e despois igual llo subvencionamos, e di que lle parece ben, que ese é un trato marabilloso aos veciños e veciños deses tres concellos de Valdeorras, entende que iso lle parece un pouco inxusto, e xa coa moción que se presentou sobre a sanidade pasou o mesmo, non se falou de Valdeorras, do desmantelamento que esta a sufrir o seu hospital comarcal. Dirixíndose ao Sr. Presidente, di quere facerlle unha pregunta sobre se fixo algunha xestión con respecto ao rogo que lle fixo no Pleno anterior para que se puxera á fronte das xustas peticións dos empresarios e da sociedade valdeorresa.

O **Sr. presidente** responde que tivo a posibilidade de reunirse con algúns empresarios, que falou co presidente da patronal e estiveron conversando como se fala con outros representantes de entidades sociais, culturais e económicas da provincia.

Don Miguel Bautista Carballo di que é que non viu nada na prensa, e que por iso pregunta.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, quere facer un rogo con respecto a unha cuestión da súa comarca. En primeiro lugar fai unha reflexión, xa que o portavoz do Partido Popular dicía hai dous plenos, cando o substituíron algúns dos seus compañeiros (non o seu partido, que quede claro, e xa no 2017 se verán cousas que haberá que debater, porque el non vai calar, aínda que leva dous plenos aguantando, e comenta que hoxe deulle a impresión de que isto non era un pleno, senón o programa *Cuarto Milenio*, porque a verdade é que ten tela a cousa), que gañaron en institucionalidade, e di que non, que no que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016

gañaron foi en comodidade, sobre todo o portavoz do Partido Popular e o presidente, xa que non sabe se isto é un Pleno onde teñen que debater a actualidade da provincia nas cousas que lles preocupan aos cidadáns ou veñen aquí falar de todo menos do que lles ten que preocupar; e precisamente por iso ten que facer un rogo, que é o seguinte: rógalle ao Sr. presidente que reciba canto antes ao Sr. alcalde de Carballeda de Avia, porque sabe o Sr. presidente que hai un problema, e se non o sabe xa lle informa agora, porque están nun momento que nesta tranquilidade que se vive aquí, o deputado don Pablo Pérez, ata se ven arriba dicindo que o problema que hai na estrada de Carballeda de Avia, e que nos afecta a todos, incluíndo ao Sr. Montero tamén no seu concello, que é por un problema de exceso de velocidade, e di que non, que é un problema de que non se gastou o que se tiña que gastar, que estaban orzados setecentos mil euros e non van gastados nin douscentos mil, e non é facer demagogia, van catorce accidentes e están aquí falando de moitas cousas, que el respecta, pero que non son as máis importantes que hai nesta provincia, e o que se inviste nesta Deputación nas estradas provinciais é insignificante, por non dicir unha vergoña, e polo tanto fai ese rogo porque se non, no próximo Pleno, vanse atopar cunha plataforma de veciños, como pasou no caso de Vilamartín, e entón o Sr. presidente si que recibirá aos veciños para dicirlles que vai arranxar o que non arranxou en anos, porque non é unha cuestión de agora, é unha cuestión de hai moito tempo, e polo tanto están a falar da estrada da Deputación máis importante da comarca do Ribeiro e O Carballiño seguramente, e cos maiores problemas de tráfico, e que non é cuestión de sinalizar con sinais de 50 km/h, que tamén, senón que é problema de arranxala como se merece, polo tanto o que ten que facer o Sr. presidente é recibir a un alcalde que é tan democrático como os alcaldes do Partido Popular, e os veciños que sofren os problemas son igual de veciños que os que votan ao Partido Popular, polo que espera que iso se faga. E fai outro rogo, xa que se preguntan de onde se teñen que quitar os recursos, porque a demagogia por aquí ultimamente é asombrosa, pois por exemplo cincuenta mil do que dixo antes o Sr. Gonzalo Jácome (en referencia á compra de exemplares de *El Correo Gallego*) ou do cátering da volta ciclista, e se segue aquí faille ao Sr. Álvarez Dobaño os 300.000 en menos dun segundo, polo que de onde quitar recursos que se regalan o pode dicir rapidamente, e di que xa falarán dese tema tamén.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de decembro de 2016
--

D. Francisco José Fraga Civeira, do Grupo Socialista, di que, sen entrar en *shows*, quere desexarlles a todos/as unha boa despedida de ano e os mellores desexos para o 2017, e xa postos que os Reis Magos lles acheguen aquilo do que carecen.

O **Sr. presidente** di que comparte esas palabras.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, rógalle ao Sr. presidente que lle deixe felicitar tamén o ano a todos e pedir desculpas que se no ano 2016 non estivo afortunado nos seus ímpetus e todo iso, foi na boa fe e no bo *rollo*, e desexa que o novo ano veña cheo de boas novas no persoal para todos.

O **Sr. Presidente**, desexa a todos un feliz ano 2017.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15](#).

E, ás 14.30 horas do día trinta de decembro do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,